# DEPARTAMENTO DE LATÍN
# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2019-20

IES CHAPELA (REDONDELA)

# ÍNDEX

**OBSERVACIÓNS XERAIS**

**1. INTRODUCIÓN....................................................4**

1.1 Pertinencia da programación....................................................4
1.2 Marco legal....................................................4
1.3 Xustificación das materias no currículo....................................................6

**2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E MATERIAS ASIGNADAS....................................................7**

**3. CONTEXTUALIZACIÓN....................................................8**

**4. METODOLOXÍA....................................................9**

4.1 Principios metodolóxicos....................................................9
4.2 Estratexias metodolóxicas....................................................10
4.3 Organización do espazo....................................................12

**5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....................................................13**

**6. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS....................................................15**

**7. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES....................................................17**

**8. ACCIÓNS PARA A INTEGRACIÓN DAS TIC....................................................18**

**9. ACCIÓNS PARA A CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA....................................................19**

**10. AVALIACIÓN....................................................19**

10.1. Tipoloxía....................................................19
10.2. Elementos avaliables que interveñen no proceso educativo: programación, desenvolvemento da materia, profesorado e autoavaliación do alumnado....................................................20
10.3. Procedementos e instrumentos....................................................23
10.4. Programa de reforzo para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores e actividades de seguimento....................................................25
10.5. Criterios de elaboración e estructura da proba extraordinaria para alumnado con perda do dereito á avaliación continua....................................................26
10.6. Criterios de cualificación....................................................27
10.6.1. Consideracións xerais....................................................27
10.6.2. Consideracións específicas....................................................27
10.7. Directrices, procedementos e instrumentos para a realización da avaliación inicial.....35

**11. CRITERIOS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO ANTE UNHA RECLAMACIÓN DE NOTA FINAL....................................................36**

**12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES....................................................38**

**13 MEDIDAS PREVISTAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DA LECTURA E DA MELLORA DA EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA....................................................39**

**14 PROCEDEMENTOS PARA INFORMAR DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA....................................................43**

**15 INCORPORACIÓN DE MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NO CURSO ANTERIOR.............44**

**16 ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DOCENTE....................................................44**

**CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS por MATERIA ....45**

**CULTURA CLÁSICA ....45**

**1 INTRODUCIÓN ....45**

**2 OBXECTIVOS ....47**

2.1 Xerais da etapa ....47

2.2 Concretos da materia ....49

**3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ....50**

**4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN ....54**

4.1 Relación de contidos por bloques ....54

4.2 Temporización ....56

**5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro...59**

**6 METODOLOXÍA ESPECÍFICA ....70**

**7 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS ....72**

**LATÍN IV ....76**

**1 INTRODUCIÓN XERAL Á ÁREA DE LATÍN ....76**

**2 OBXECTIVOS ....78**

2.1 Xerais da etapa ....78

2.2 Concretos da materia ....78

**3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ....79**

**4 CONTIDOS: DESGLOSE DE BLOQUES E TEMPORIZACIÓN ....82**

4.1 Relación de contidos por bloques ....82

4.2 Temporización ....84

**5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro...93**

**6 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS ....104**

**LATÍN I ....105**

**1 INTRODUCIÓN ....105**

**2 OBXECTIVOS ....106**

2.1 Xerais do bacharelato ....106

2.2 Xerais da área de latín ....107

2.3 Específicos da materia de latín ....108

**3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ....108**

**4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN ....111**

4.1 Relación de contidos por bloques ....111

4.2 Temporización ....112

**5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro. .114**

**6 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS ....129**

**LATÍN II ........ 130**

**1 INTRODUCIÓN ........ 130**

**2 OBXECTIVOS ........ 131**

2.1 Xerais de etapa ........ 131
2.2 Xerais da materia de Latín ........ 131
2.3 Específicos do Latín II ........ 131

**3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ........ 132**

**4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN ........ 139**

4.1 Relación de contidos por bloques ........ 139
4.2 Temporización ........ 140

**5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro. 142**

**6 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS ........ 150**

**GREGO I ........ 151**

**1 INTRODUCIÓN ........ 151**

**2 OBXECTIVOS ........ 153**

2.1 Xerais do bacharelato ........ 153
2.2 Xerais da área de grego ........ 153
2.3 Específicos do Grego I ........ 154

**3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ........ 155**

**4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN ........ 161**

4.1 Relación de contidos por bloques ........ 161
4.2 Temporización ........ 163

**5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro. 165**

**6 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS ........ 210**

**GREGO II ........ 212**

**1. INTRODUCIÓN ........ 212**

**2. OBXECTIVOS ........ 214**

2.1 Xerais da etapa ........ 214

2.2 Xerais da área de Grego ........ 214

2.3 Concretos da materia Grego II ........ 214

**3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE ........ 215**

**4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN ........ 218**

4.1 Relación de contidos por bloques ........ 218

4.2 Temporización ........ 219

**5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro. 210**

**6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ........ 211**

**DATOS de IDENTIFICACIÓN ........ 214**

# OBSERVACIÓNS XERAIS

## 1. INTRODUCIÓN

### 1.1 *Pertinencia da programación*

A elaboración dunha programación supón a organización anticipada da acción educativa, establecendo unha planificación concreta para un período determinado dentro dos obxectivos fixados polas autoridades académicas. Esta medida contribúe á mellora da cualidade do ensino porque reforza a conciencia da finalidade e os obxectivos educativos, promove a participación e a colaboración entre o profesorado, facilita a adaptación a distintos contextos académicos e fai rendibles o esforzo, o tempo e os recursos.

Á hora de organizar e plasmar os diversos elementos que deben formar a Programación Didáctica eliximos como criterio principal e guía o da **coherencia**. Neste sentido procúrase que cada un dos obxectivos garde unha relación directa cunha serie de conceptos, mecanismos operativos e valores. O complemento ideal vén dado por unha serie de actividades específicas avaliadas segundo uns **criterios particulares** en cada caso. Este **marco global** concretarase na planificación de cada sesión. Preténdese a través deste documento realizar unha descrición e programación do realmente accesible ao período no que se impartirá a materia e ter en conta as condicións de realidade nas que se move o alumnado. Deste xeito esixiráselle a este o que o termo medio deles poida dar en tal período, sen prexuízo de arbitrar medidas para favorecer a quen poida acadar máis e para quen deba reforzar o seu traballo co fin de chegar aos obxectivos mínimos.

### 1.2 *Marco legal*

O artigo 27 da Constitución Española e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora de Calidade Educativa representan o marco lexislativo xeral que desenvolven as normas en virtude do establecido nestas leis e das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 31 do seu Estatuto de Autonomía.

A presente programación pertence ao Proxecto Didáctico planificado polo Departamento de Latín do IES Chapela de Redondela. Axustarase, en concreto, ao establecido na seguinte lexislación:

- **NORMATIVA ESTATAL**

- **LEI ORGÁNICA 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa. (*BOE* de 10 de decembro)**
- **REAL DECRETO 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. (*BOE* de 3 de xaneiro)**
- **REAL DECRETO 83/1996, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria. (*BOE* de 21 de febreiro)**
- **Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bachillerato. (*BOE* de 29 de xaneiro)**

- **NORMATIVA AUTONÓMICA**

- **DECRETO 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (*DOG* de 29 de xuño)**
- **RESOLUCIÓN do 24 xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (*DOG* de 7 de agosto)**

Atendendo á nova definición contemplada na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, o currículo estará integrado polos **obxectivos** de cada ensinanza e etapa educativa; as **competencias**, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; **os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes** que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias; **a metodoloxía** didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas como a organización do traballo dos docentes; os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliables; e os criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.

## 1.3 *Xustificación das materias no currículo*

Aínda que a civilización grecolatina semella ben distante no tempo, as súas pegadas impregnan no mundo de hoxe a cultura de Europa tanto na maioría das estructuras lingüísticas, sociais, artísticas, etc., como nos xeitos de pensar e actuar dos seus habitantes. No terreo da lingua, o estudo das linguas clásicas contribúe ao desenvolvemento do pensamento lóxico a través do traballo de tradución. A orde lineal que presentan o latín e o grego resulta inintelixible para nós, educados nunha estructura lingüística diferente. Non obstante, esta situación muda cando se chega a coñecer a maraña de complexas relacións que representan os textos por medio das formas e as funcións das palabras e as conexións entre estas. Por outra banda, a análise destes materiais escritos constitúe unha tarefa que atinxe a varias disciplinas, xa que a súa temática versa sobre cuestións tan dispares como a filosofía, a ciencia, a política, a historia, a literatura, etc.

As erradamente chamadas linguas mortas axudan a mellorar o coñecemento e uso de: as linguas galega e castelá no seu vocabulario e estructuras morfolóxicas e sintácticas; as capacidades lóxicas e lingüísticas; a terminoloxía científica e tecnolóxica empregada na actualidade; a historia da formación de Europa e das súas institucións; a rica e influente literatura clásica. A maiores, grazas a ese coñecemento tomamos conciencia de que a linguaxe escrita ten unhas características morfosintácticas específicas, xa que estamos a falar de linguas flexivas, que permiten perfeccionar as capacidades lingüísticas dos alumnos mediante a análise textual.

Ademais, o estudo da civilización grecolatina abre ante nós as portas dun horizonte cultural tremendamente atractivo, no que soterran as súas raíces disciplinas tan variadas no noso mundo occidental como a arte, a filosofía, a matemática, a política, a astronomía, a literatura, a mitoloxía, o deporte, etc. O descubrimento destas orixes debémolo á conservación dunha literatura abundante e de grande calidade, que nos permitiu coñecer o xeito de ser e sentir duns pobos tan prolíficos en distintos eidos como o grego e o latino. O acceso e a interpretación de textos de distinto tipo e autor permitirá ao alumnado penetrar directamente no pensamento dos autores clásicos, de tal xeito que neles poderán descubrir as múltiples características do seu tempo que sobreviven na actualidade. O contacto coas máis notables mostras do legado grego e latino, cos aspectos máis significativos da súa historia e da súa cultura, levarán a afondar nunhas marcas de identidade europeas, relevantes aínda nos nosos días. Temas hoxe de actualidade como o amor, a guerra, a liberdade e a escravitude, a cidade e o estado, a vida e a morte, o home e a divindade, etc. estaban xa presentes nesa tradición.

Neste contexto, a materia *Cultura Clásica* daralles ao alumnado que opte por cursala a oportunidade de coñecer as súas raíces lingüísticas e culturais, de situalas historicamente e de valoralas a través da súa evolución.

As materias de Latín e Grego concíbense nos dous cursos de bacharelato como unha introdución xeral ás linguas latina e grega antiga a través de textos orixinais, aínda que no primeiro curso precisen retoques que os fagan accesibles. A lingua será o vehículo privilexiado de acceso aos contidos culturais, literarios, relixiosos, históricos, sociais, etc., polo que na súa aprendizaxe considerarase prioritaria non só a morfoloxía, senón tamén, e sobre todo, os procedementos empregados para a formación das palabras.

O obxectivo central é que o alumnado, ademais de aprender latin e grego, sexa máis consciente das raíces históricas da súa propia lingua e cultura.

## 2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E MATERIAS ASIGNADAS

Durante o presente curso académico 2018-2019 o Departamento de Latín estará constituído por ***José Manuel Ares González***, quen actuará como Xefe do Departamento, coa adscripción da docente pertencente ao Departamento de Xeografía e Historia, ***Rocío Alonso Alonso***, que impartirá a materia de Cultura Clásica de 3º da ESO.

As asignaturas, grupos, alumnado e horas lectivas asignados ao Departamento son os consignados no seguinte cadro:

| NIVEL EDUCATIVO | | ASIGNATURAS | HORAS LECTIVAS POR SEMANA | Nº ALUMNOS |
|---|---|---|---|---|
| ESO | 3º | CULTURA CLÁSICA | 2 | 15 |
| | 4º | LATÍN | 3 | 21 |
| BACHARELATO | 1º | LATÍN | 4 | 8 |
| | | GREGO | 4 | 3 |
| | 2º | LATÍN | 4 | 6 |
| | | GREGO | 4 | 4 |
| Total horas lectivas semanais/alumn@s → | | | 21 | 57 |

A sesión-reunión ordinaria de Departamento celebrarase os **penúltimos xoves de cada mes** (agás a correspondente ao 19 de marzo de 2020, día festivo, que se traslada ao último xoves dese mes) a partir das **12.10 horas no propio departamento de Latín**. Por outra banda, o **idioma** no que se impartirá a docencia nas materias dependentes deste departamento será o **galego**. Non obstante, na escrita e/ou no oral botarase man, sempre que resulte pertinente e de forma puntual, doutras linguas para exemplos, citas, etc. No caso da asignatura de **Cultura Clásica** recomédase o uso do **método de Anaya en versión galega**.

# 3. CONTEXTUALIZACIÓN

**Chapela** é unha das trece parroquias do concello de Redondela. Este municipio medrou ao longo de todo o século XX, aínda que na década dos 80 sufriu un certo retroceso. O seu dinamismo débese, en grande medida, á situación a medio camiño entre Vigo e Pontevedra, e á relación coa primeira, pois está practicamente integrado na súa área metropolitana, moi especialmente a parroquia de Chapela. Actualmente a poboación anda preto das 30.000 persoas, cunha porcentaxe aproximada de 51% de mulleres e 49% de homes.

As actividades industriais están moi ligadas ao mar e fan que se perfile como un polo de desconexión coa urbe viguesa. A pesca é unha actividade importante, e o seu porto é un dos dez primeros dentro da clasificación galega, cunha frota esencialmente de baixura, caracterizada pola captura de peixe de baixa cotización; tamén é moi relevante o marisqueo de moluscos bibalvos. O choco é o símbolo mariño xenuíno de Redondela (e da súa gastronomía).

En Redondela só o 8,8 por cento da poboación pertence ao sector primario, a pesar de que o clima benigno das Rías Baixas favorecen as colleitas temperás dos produtos da horta e os viños. Destacan os numerosos invernadoiros adicados xeralmente ao cultivo de flores, e as plantacións de quiwi (este municipio foi un dos pioneiros na introdución desta especie en Galicia).

O sector secundario abrangue un 47,1 por cento da poboación, e nel destacan as industrias de conservas, conxelados, e a téxtil.

En fin, no sector terciario inclúese o resto da poboación, que se adica na súa maioría ao pequeno comercio. (Fonte: sitio web do Concello de Redondela)

O IES Chapela, situado na localidade de Chapela (Redondela), está integrado por caracterízase por posuir un claustro formado por profesores e profesoras de Secundaria e de Formación Profesional, compartindo ámbitos nalgúns casos, debido a ampla oferta educativa do centro. 0 número de alumnos, que crece considerablemente cada ano coa oferta de Formación Profesional, tanto ordinaria, coma en horario nocturno e modular, distribúese en tres liñas ordinarias no 1° ESO; no 2° ESO con 3 grupos ordinarios e 1 grupo de Programa de Mellora;no 3° ESO con 2 grupos ordinarios e un grupo de Programa de Mellora e con dous grupos de 4° ESO. O Bacharelato, pola contra, consta só de cadanseu grupo de 1° e 2°. Impártense os Bacharelatos de Humanidades e Ciencias Sociais e o Científico.

No que respecta ao noso centro de ensino público, O **IES Chapela**, construido hai algo máis de 25 anos, conta, no **curso académico 2018-19**, ademais de cun cadro de 76 docentes (e 8 membros de persoal

non docente nin discente), cuns 800 alumn@s matriculados e distribuidos en dúas grandes seccións: unha de FP (cunha oferta tanto ordinaria como en horario nocturno e modular) e outra de alumnado de ESO e Bacharelato. Este último distribúese da seguinte forma:

| Nivel | N° de grupos | N° de alumnado |
|---|---|---|
| **1° ESO** | 3 | 64 |
| **2º ESO** | 3 | 59 |
| **3º ESO** | 2 | 43 |
| **4º ESO** | 2 | 40 |
| **1° BACHARELATO** | 2 | 44 |
| **2º BACHARELATO** | 1 | 21 |
| **TOTAL →** | **13** | **271** |

As **actividades lectivas** desenvólvense para a ESO e Bacharelato en xornadas continuadas de luns a venres de 08:30 a 14:10 horas, distribuídas en seis períodos lectivos de 50 minutos cada un con dous recreos entre as 10:10 e 10:30horas, e as 12:10 e 12:30 horas. A maiores, as xornadas lectivas semanais complétanse con dúas sesións os martes de 16:50 a 18:30 horas.

# 4. METODOLOXÍA

## 4.1 *Principios metodolóxicos*

Procurarase un tipo de estudo que permita ao alumnado descubrir as posibilidades que ofrece a lectura de textos como fonte de información sobre a antigüidade clásica, textos que proporcionan un punto de partida para o fomento da expresividade e da creatividade. É preciso tamén contribuír á reflexión sistemática sobre a linguaxe co fin de mellorar e enriquecer a súa capacidade comunicativa.

Dados o carácter integral das materias e a unidade entre lingua e cultura, especialmente en *Latín IV, I* e *II*, amais de *Grego I e II*, ensinaranse simultaneamente nos distintos trimestres e unidades didácticas contidos morfolóxicos, sintácticos, léxicos e culturais. Estes ámbitos temáticos han de percibirse como un todo unitario e non como parcelas illadas dun saber, o que contribuirá a que as clases sexan máis dinámicas e os alumnos estean máis motivados. Ademais, procurarase unha complexidade progresiva dos argumentos e unha diversidade temática, xa que, ao mesmo tempo que á lingua, á cultura e á literatura, atenderase tamén á relixión, á ciencia, á arte, á política, á sociedade, etc.

O **tipo de aprendizaxe** que se persegue é o **significativo e autónomo**, polo seu gran potencial para a retención do aprendido e para a súa aplicación. Con el favorécese a maduración do alumno e refórzase a aprendizaxe, xa que esixe moito tempo e atención específica e implica a mobilización dos

coñecementos previos e a memorización comprensiva. Neste sentido cobra importancia a **analoxía** como procedemento que, a través de relacións e comparacións, permite comprobar se determinados elementos (morfolóxicos, sintácticos, léxicos, culturais, etc.) aparecen noutras linguas e culturas. Deste xeito, faranse con moita frecuencia referencias ao castelán, ao galego e a outras linguas e culturas coñecidas polos alumnos para estudar se se atopan nelas estructuras paralelas. Será o alumno o que execute a tarefa de buscar esas analoxías e atopar as diferenzas.

Un papel fundamental nos procesos educativos actuais xógao a **capacidade do profesor para motivar**. Debemos enriquecer os mecanismos de interacción na aula e non monopolizar a acción educativa, deixando de lado as antigas leccións maxistrais. Xerar **empatías**, espertar **curiosidade**, facer **referencias a temas actuais**, potenciar a **creatividade** e a educación, estimular sentimentos son accións que nos axudarán a conseguir este obxectivo. Isto pode poñerse en práctica formulando preguntas ao alumnado, establecendo debates e coloquios, confrontando ideas e hipóteses, presentando mapas e transparencias, etc. A contribución ao **reforzo da autoestima** e do autoconcepto pola súa parte será notable. Importancia con relación a este aspecto teñen tamén a avaliación formativa e a aprendizaxe indutiva, no sentido de que permiten recoñecer erros e aprender deles. É importante que o estudante saiba autoavaliarse, o que lle servirá para controlar por si mesmo o seu proceso de aprendizaxe.

## 4.2 *Estratexias metodolóxicas*

Explicarase agora e de xeito abreviado a fundamentación teórica das distintas metodoloxías educativas que pretendemos empregar. Para lograr que teñan éxito, é fundamental a variedade nas actividades, a referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión na súa xusta medida do compoñente lúdico. Este poderá abordarse establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade:

**- Motivacional:** as lecturas de textos que ilustren os temas que se tratarán, a participación no proceso de avaliación, a interacción profesor-alumno e alumno-alumno, as referencias a temas actuais, os debates e coloquios, etc. son procedementos e estratexias que contribúen a motivar e espertar a curiosidade do alumnado.

**- Expositiva:** dela serán partícipes tanto o profesor, explicando contidos e conceptos, como o alumno, dando conta das conclusións ás que cada quen chegue nos seus traballos de investigación, nos seus exercicios, no seu traballo diario, non só ao realizar traballos individuais, senón tamén nos colectivos.

**- Observacional:** os estudantes deberán prestar atención ás explicacións e exposicións de contidos por parte do profesor, que pola súa banda, tendo como meta a avaliación, deberá observar o grao de

atención e participación dos alumnos e alumnas nas presentacións da aula e nas actividades programadas. Deste xeito poderá concluír se se acadaron, non se acadaron ou están en proceso os obxectivos propostos para cada persoa e se as actividades responden aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación pensados.

- **Memorística:** aínda que non será a metodoloxía principal nin pasa por ser a máis aceptada nin recomendable, sí será preciso acudir a ela para que o alumnado, co esforzo que isto lle require, cimente unha base de contidos morfolóxicos, sintácticos e léxicos sobre a que poidan traballar de xeito máis eficaz na análise e tradución de textos. Neste sentido cómpre sinalar que no eido da lingua se lle concede unha grande importancia ao estudo do vocabulario como procedemento non só para afianzar os coñecementos léxicos do alumnado, senón tamén para conformar unha bagaxe de palabras que lle sirva para reducir a necesidade de uso do dicionario. Estudaremos unha serie de raíces que nos permitan observar a presenza do vocabulario grego na nosa realidade actual, así como aqueles elementos (prefixos e sufixos) que se empregan hoxe en día en diversas linguas de Europa na creación de palabras, especialmente nos eidos da ciencia e a tecnoloxía.

- **Analítica:** esta metodoloxía terá un peso básico á hora de tratar contidos lingüísticos e léxicos, xa que deberemos poñela en práctica á hora de analizar e traducir formas nominais e verbais e á hora de identificar os elementos constitutivos das palabras.

- **Dedutiva:** as semellanzas entre linguas como o latín e o grego ou as existentes dentro da mesma lingua permitirán que, sobre a base duns coñecementos xa adquiridos, se lles poida pedir aos alumnos a niveis elementais e introdutorios que deduzan desinencias, formas nominais e verbais, evolucións fonéticas concretas, etc.

- **Resolutiva:** en calquera momento das sesións os alumnos aproveitarán para resolver as súas dúbidas formulando cantas consultas estimen ao profesor. As actividades programadas con relación a contidos anteriormente expostos serán unha boa pedra de toque para comprobar se todas as dúbidas están resoltas ou se hai erros comúns que precisen dunha nova explicación.

- **Investigadora:** programaranse distintos exercicios nos que os alumnos, unhas veces baixo as orientacións do profesor, outras veces pola súa propia man, deberán buscar, discriminar, sintetizar e expoñer en público información, o que lles servirá como práctica para os seus futuros estudos universitarios.

- **Comparativa:** segundo vimos dicindo, será un piar no noso método o contraste entre as estructuras lingüísticas e culturais da civilización grecolatina e as da nosa: os dereitos e deberes dos cidadáns, as clases sociais, os sistemas políticos, as tendencias artísticas, os morfemas, as desinencias, a sintaxe, etc.

As semellanzas e as diferenzas entre as dúas realidades axudarán a fixar os contidos que nos propoñemos.

- **Cooperativa:** nun mundo cada vez máis globalizado como o que nos toca vivir o traballo en equipo cobra co paso do tempo maior relevancia. Traballaremos con técnicas de aprendizaxe cooperativa como o *puzzle de Aronson*, na que os estudantes terán a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados se e só se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsables da tarefa que se lles encomenda.

- **Personalizada:** traballaremos sobre as características concretas de cada alumno, favorecendo a súa capacidade para aprender autonomamente e traballar en equipo, así como o seu coñecemento da realidade segundo os principios básicos do método científico. Programaranse actividades concretas para as persoas con dificultades de aprendizaxe, actividades de repaso para quen acada os obxectivos sen dificultades e actividades de ampliación para o caso de que alguén reclame avanzar máis nalgún tema.

- **Participativa:** procurarase en todo momento que a aprendizaxe por parte dos alumnos sexa activa, que se involucren nela, que interaccionen no proceso educativo. Adoptarase unha estratexia construtiva, na que se teña en conta o punto de partida do alumnado para avanzar cara a aprendizaxe de coñecementos, habilidades e actitudes.

- **Interdisciplinaria:** a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Lingua galega e a súa literatura, Lingua castelá e literatura, Lingua estranxeira, Filosofía e cidadanía, Historia da arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, Educación para a cidadanía e os dereitos humanos, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e xeoloxía, Física e química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.

## 4.3 *Organización do espazo*

O espazo deberá organizarse en condicións básicas de accesibilidade e non discriminación necesarias para garantir a participación de todos os alumnos nas actividades da aula e do centro. Dita organización irá en función dos distintos tipos de actividades que se poden levar a cabo:

| ESPAZO | ESPECIFICACIONES |
|---|---|
| Dentro da aula | • Poderanse adoptar disposicións espaciais diversas. |
| Fóra da aula | • Biblioteca.<br>• Sala de audiovisuais.<br>• Sala de informática.<br>• Salón de actos.<br>• Outros. |
| Fóra do centro | • Visitas e actos culturais na localidade.<br>• Visitas e actos culturais fóra da localidade. |

O espazo na aula condiciona o uso da metodoloxía. Superando o modelo de ordenación do mobiliario tradicional, propóñense dúas distribucións alternativas (sempre que sexa posible e en función do tipo de alumnado e do tema ou actividade que se estea a desenvolver), cada unha delas destinada a unha dinámica diferente:

1) Asemblea, disposición en hemiciclo para exposición de coñecementos, participación, diálogo, debate e respecto da quenda de palabra. Desde a posición central da aula, o profesor ou os alumnos que deban argumentar ou expor, poderán establecer contacto visual co resto de persoas.
2) Agrupacións de equipos cooperativos. Dependendo do tipo de proxecto ou tarefa que se programou, os alumnos poden organizarse en distintos tipos de agrupación, en función do obxectivo que se desexa conseguir:
    1) Grupos base: para desenvolvemento de proxectos entre catro e cinco membros, normalmente cunha duración trimestral ou superior.
    2) Grupos aleatorios: para actividades puntuais con dúas ou tres integrantes. É a agrupación ideal para tarefas curtas das unidades didácticas, entre unha e cinco sesións.

# 5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos xerais do nivel. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Organización de contidos en ámbitos integradores.
- Equilibrio dos contidos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, aprendizaxe autónoma, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo afectivo.
- A titoría como medida ordinaria de atención á diversidade.
- Reunións periódicas do equipo docente. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- Outras medidas: ampliación e afondamento, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.
- Uso de diferentes recursos.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, aínda que esta medida só se tomará despois de explotar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirase que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos, aínda que polo momento non se detectou ningún nas materias adscritas a este Departamento:

- Alumnos con altas capacidades intelectuais.
- Alumnos con necesidades educativas especiais.
- Alumnos con integración tardía no sistema educativo.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregaralles un material de apoio para traballar durante os fins de semana e/ou períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estructurada da seguinte forma:

- Exercicios previos para comprender mellor a materia.
- Exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- Exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.
- No caso das materias de Latín e Grego, repaso de traducións realizadas para aprender a mecánica da interpretación de textos.

Do mesmo modo, a aqueles alumnos que amosen un especial interese procuraráselles entregar material (todo tipo de recursos materiais e recurso en rede) para ofrecerlles a posibilidade de afondar en aspectos concretos do programa de contidos.

# 6. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

Segundo establece a lexislación vixente, nas materias dependentes deste Departamento darase importancia a cuestións como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación. A lectura de textos, a elaboración de redaccións, as exposicións e debates, a proxección de imaxes, documentais e películas, a busca de información e a resolución de cuestións a través de internet, etc. serán mecanismos que nos permitirán traballar estes aspectos.

Pola súa importancia cara á integración dos estudantes na sociedade prestarase atención especial á educación en valores, que pretende fomentar no alumnado actitudes persoais activas que axuden a construír estilos de vida e sistemas de comportamento social xustos e democráticos. O tratamento destas ensinanzas permitirá, a través da comparación cos sistemas sociais que estiveron vixentes en Grecia e Roma, o desenvolvemento de actitudes responsables que garantan a integración dos alumnos no sistema social actual. Abordaranse fundamentalmente a partir dos temas de cultura e civilización e o seu estudo levarase a cabo sobre a base dos textos. Os aspectos aos que se prestará atención son:

**- Educación para a igualdade de dereitos entre sexos:** os alumnos deberán recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produzan discriminacións por mor do sexo, procurando achegar solucións para evitar en calquera contexto comportamentos e expresións que poidan denotar discriminación. Investigarase sobre as orixes, efectos e defectos dunha sociedade patriarcal como a grega e a latina, estimulando o sentimento de necesidade dunha igualdade entre sexos. Na aula sen ter en conta o sexo fomentaremos a valoración das opinións e condicións doutras persoas, a participación igualitaria e solidaria nas actividades, unha distribución parella de responsabilidades e tarefas. Estas cuestións trataranse ao falar da sociedade, da familia, de Esparta e as súas mulleres, das deusas, dos mitos, de poetisas como Safo, etc.

**- Educación para a paz:** se un presta atención aos acontecementos máis importantes na historia de Grecia e de Roma, percibe que case todos eles están relacionados con algún suceso bélico, a miúdo con fins expansionistas e non defensivos. Os alumnos aprenderán a recoñecer na antigüidade e na actualidade xestos pola paz, exemplos de convivencia pacífica entre pobos, a respectar as opinións dos demais, a empregar o diálogo como forma para superar as diferenzas, a apreciar a outros pobos e culturas, etc. Analizaremos estes temas ao falar das distintas guerras na historia de Grecia (a guerra de Troia, as guerras Médicas, a guerra do Peloponeso, etc.), das distintas paces (Antálcidas, Calias, Nicias, etc.), da πόλις, da expansión do imperio romano, da romanización, da organización militar de Grecia e Roma, etc. Estableceranse relacións con procesos actuais como a carreira por deixar as armas, o terrorismo, as guerras, os conflitos étnicos, o exército profesional, a ONU, a OTAN, etc.

**- Educación moral e cívica:** Grecia representa o berce da democracia e da participación do individuo no goberno do Estado. Aproveitaremos as leccións sobre o sistema social, político e xudicial das cidades-estado gregas e sobre a monarquía, a república e o imperio romanos para incidir en varios aspectos imprescindibles nos nosos días: o respecto cara aos demais, cara ás normas de convivencia, cara á liberdade de pensamento e acción, cara a outras linguas, razas e culturas, a importancia da participación social e política, etc.

**- Educación para a saúde:** a saúde en Grecia tiña unha sólida base máxica e relixiosa, como pode verse na *Ilíada* e a *Odisea*, onde os deuses curan as súas propias doenzas e as dos humanos. O culto a Asclepíades, deus da medicina por derivación de Apolo, estaba moi difundido. A verdadeira medicina en Grecia comezou a desenvolverse con Hipócrates, que escribiu varios tratados sobre enfermidades (algúns dos nomes aplicados por el séguense empregando na actualidade), os seus síntomas e formas de curación naturais. Pero a saúde estaba tamén no coidado do corpo, algo que os gregos poñían en práctica por medio do deporte. Estudando estes temas tentaremos mover ao alumnado cara a hábitos de vida saudables: non consumo de alcohol e drogas, alimentación correcta, práctica de deporte, non automedicación, etc.

**- Educación do consumidor:** o contraste entre o modelo de vida refinado de Atenas e o austero de Esparta, o luxo no que vivían os emperadores e homes de alta clase social en Roma e outros aspectos servirannos para propoñer aos nosos alumnos modelos de conduta racionais e responsables na chamada sociedade de consumo, tomando conciencia dos seus dereitos como consumidores e dos efectos das súas accións.

**- Educación sexual:** a pederastia na educación espartana, o papel das mulleres espartanas como "produtoras" de guerreiros para a polis, a relación entre Aquiles e Patroclo, a presentación da

homosexualidade en Grecia e Roma. Abordaremos a través deles temas candentes nos nosos días, como o sexo seguro, a homosexualidade, a prostitución, a pornografía, a pederastia, etc.

**- Educación viaria:** o estudo do home como un ser social, que non vive só, senón que comparte espazos e recursos con outros, estaba xa presente na antiga Grecia. Partindo deste aserto e considerando a educación viaria como baseada no respecto cara aos demais, fomentaranse nos alumnos condutas de seguridade viaria para cando sexan peóns e condutores de vehículos, e faráselles reflexionar sobre o peso do factor humano en accidentes de tráfico.

# 7. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES

Tal como se recolle nos obxectivos xerais do proxecto educativo do noso centro, o obxectivo fundamental é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectualmente como laboral do alumnado.

Así, desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá. Entre outros, traballaranse os seguintes:

A) **Aprender a ser responsable.** Explicar as responsabilidades que deben aprender a adquirir os alumnos e alumnas para poder formarse máis axeitadamente como persoas:

- Responsabilidade cun mesmo ou mesma.
- Responsabilidade coas tarefas a desenvolver.
- Responsabilidade no consumo.
- Responsabilidade coa sociedade.

B) **Aprender a ser respectuoso/a.** Aportar información, reflexión e debate sobre os catro ámbitos nos que debemos aplicar o respecto se queremos conseguir unha convivencia equilibrada:

- Aprender a ser respectuoso cun mesmo ou mesma.
- Aprender a ser respectuoso cas/cos demais.
- Aprender a ser respectuoso co entorno.
- Aprender a ser respectuoso coa diferenza.

C) **Aprender a ser empático/a.** Explicar a necesidade de ser quen de entender os/as demais, de poñernos no seu lugar, para así, fortalecer as relacións humanas, fomentar a comunicación entre as persoas e mellorar a sociedade. Poderían tratarse os seguintes temas:

- Sensibilidade cas/cos demais.
- Solidariedade e cooperación.

- Amizade.
- Civismo.

D) **Aprender a autorregularse.** Explicar a importancia do autocoñecemento. Se o alumnado se coñece a si mesmo será capaz de controlar os seus impulsos negativos e poderá afrontar as contrariedades cunha actitude máis positiva. Os puntos a traballar serían:

- Autocoñecemento.
- Autocontrol das emocións.
- Aceptación das normas.
- Alegría e optimismo.

# 8. ACCIÓNS PARA A INTEGRACIÓN DAS TIC

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura grecolatinas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, utilización de dicionarios en liña, etc. Neste senso, facilitarémoslle ao alumnado os instrumentos precisos para que poida traballar no ordenador co grego clásico.

Ao comezo do curso recabamos información do alumnado sobre o uso das TIC e a dispoñibilidade de dispositivos, e case a totalidade conta con internet no seu domicilio, ordenador e smartphone. No caso daquel alumnado que non conte con estes medios, proporcionaráselle o material correspondente en papel.

Os ámbitos de fomento das TIC por parte deste Departamento serán os seguintes:

• Emprego da pizarra dixital interactiva.

• Uso da *nube* (por exemplo, Google) polo profesor para distribuír materiais entre o alumnado ou recompilalos deste, e así economizar recursos impresos en papel.

• Traballo co correspondente curso nun sitio web creado *ad hoc* para que o alumnado poida dispor de materiais e actividades complementarias.

• Uso das redes sociais (Whatsapp, Twitter…) para o contacto e a información fóra da aula entre o alumnado e co profesorado (sempre e cando a lexislación vixente o permita).

• Consulta e busca de información na internet, tanto na aula de informática durante os períodos lectivos como na propia casa.

• Utilización de proxeccións na aula.

# 9. ACCIÓNS PARA A CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:

• Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.

• Detectar conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.

• Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.

• Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.

• Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos/as no centro.

• Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

# 10. AVALIACIÓN

## 10.1. *Tipoloxía*

No que toca ao proceso de avaliación, cómpre primeiro poñelo en coñecemento do alumnado, para que dende un principio sexan conscientes de que, como e cando se vai avaliar ao longo do curso. Tomaranse como referentes os obxectivos xerais da etapa e os criterios e estándares de avaliación, relacionándoos coas competencias clave. Ponderaranse na súa xusta medida tanto os esforzos dos estudantes e a consecución dos obxectivos, como o axeitado ou errado da nosa proposta didáctica. Aínda que ao remate do curso se realizará unha avaliación final para valorar os resultados obtidos, a avaliación do alumnado será continua, o que esixirá a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

Os tipos de avaliación que terán lugar no proceso descrito son:

- **Inicial:** sondaxe sobre os coñecementos previos tanto de tipo lingüístico como cultural (principalmente estes últimos) a través dun breve test, tentando obter tamén información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave, de xeito que saibamos os coñecementos que teñen ben afianzados.
- **Procesual e formativa:** exame directo do traballo do alumno ao longo do proceso de aprendizaxe, atendendo á súa constancia diaria, á súa participación na aula, ás súas achegas de ideas, ao seu desenvolvemento da capacidade crítica, ao seu interese, etc. Basearase na observación das actividades programadas nas distintas unidades e no curso no seu conxunto, con criterios de

flexibilidade e adaptación, o que nos permitirá obter datos sobre a evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe e comprobar o grao de consecución dos obxectivos. Nela haberá tres momentos fundamentais que coincidirán coas sesións de avaliación ao remate de cada trimestre.

- **Final e sumativa:** a base para o establecemento da cualificación que o alumnado recibirá nas distintas materias. Nela comprobarase se se acadaron os requisitos mínimos esixidos para a superación destas, atendendo á adquisición duns contidos e dunhas competencias clave e ao desenvolvemento duns hábitos e técnicas de traballo e dunha sensibilización ante os valores procurados. Teremos moi en conta o punto do que cada estudante partiu e o punto ao que chegou.

### 10.2. *Elementos avaliables que interveñen no proceso educativo: programación, desenvolvemento da materia, profesorado e autoavaliación do alumnado*

Amais do alumnado, consideramos que tamén deben ser obxecto de avaliación outros elementos do proceso educativo:

**- Avaliación da programación.** Segundo se indicaba no apartado anterior, a avaliación procesual ou formativa permitiranos concluír en que medida se superan os obxectivos, como avanza o proceso de ensinanza-aprendizaxe e se se produce algún desaxuste con respecto ao previsto. En función do progreso do alumnado poderanse dedicar máis ou menos sesións a determinadas actividades ou contidos e alterar a orde de explicación destes últimos. As sesións de coordinación do Departamento serán o momento axeitado para avaliar a progresión das unidades, os resultados obtidos na súa avaliación e a idoneidade da secuencia proposta, analizando as posibles causas das desviacións con respecto ao previsto e as medidas de corrección que se poderán tomar en cada caso.

Ao finalizar o curso, en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a esta materia:

a) Porcentaxe do cumprimento da programación.
b) Xustificacións da parte da programación non impartida.
c) Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
d) Motivos das modificación feitas.
e) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.
f) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

Posteriormente, finalizadas as probas extraordinarias de xullo, modificarase a táboa anterior segundo os resultados obtidos.

Con periodicidade preguntaráselles aos alumnos a súa opinión sobre a metodoloxía didáctica que se está a seguir, sobre o grao de dificultade e interese das actividades programadas, sobre a

compensación entre contidos teóricos e prácticos, sobre as suxestións que desexen facer, etc., de xeito que a nosa práctica se poida adaptar mellor ás súas necesidades e características, corrixindo os erros que se puideran dar.

**- Avaliación do profesor:**

A avaliación da práctica docente debe enfocarse polo menos con relación a momentos do exercicio:

1. Programación.
2. Desenvolvemento.
3. Avaliación.

Proponse a seguinte ficha de autoevaluación da práctica docente:

| **MATERIA:** | | **CLASE:** |
|---|---|---|
| **PROGRAMACIÓN** | | |
| **INDICADORES DE LOGRO** | **Puntuación De 1 a 10** | **Observacións** |
| Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliables que concretan os criterios de avaliación. | | |
| A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada. | | |
| A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible. | | |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos alumnos. | | |
| A programación realizouse en coordinación co resto do profesorado. | | |
| **DESENVOLVEMENTO** | | |
| **INDICADORES DE LOGRO** | **Puntuación De 1 a 10** | **Observacións** |
| Antes de iniciar unha actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para motivar aos alumnos e saber os seus coñecementos previos. | | |
| Antes de iniciar unha actividade, expúxose e xustificado o plan de traballo (importancia, utilidade, etc.), e foron informados os criterios de avaliación. | | |
| Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses dos alumnos, e construíronse sobre os seus coñecementos previos. | | |
| Ofreceuse aos alumnos un mapa conceptual do tema, para que sempre estean orientados no proceso de aprendizaxe. | | |
| As actividades propostas foron variadas na súa tipoloxía e tipo de agrupamento, e favoreceron a adquisición das competencias clave. | | |

| | | |
|---|---|---|
| A distribución do tempo na aula é adecuada. | | |
| Utilizáronse recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.). | | |
| Facilitáronse estratexias para comprobar que os alumnos entenden e que, no seu caso, saiban pedir aclaracións. | | |
| Facilitáronse aos alumnos estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, como buscar información, como redactar e organizar un traballo, etc. | | |
| Favoreceuse a elaboración conxunta de normas de funcionamento na aula. | | |
| As actividades grupales foron suficientes e significativas. | | |
| O ambiente da clase foi adecuado e produtivo. | | |
| Proporcionouse ao alumno información sobre o seu progreso. | | |
| Proporcionáronse actividades alternativas cando o obxectivo non se alcanzou en primeira instancia. | | |
| Houbo coordinación con outros profesores. | | |
| **AVALIACIÓN** | | |
| **INDICADORES DE LOGRO** | **Puntuación De 1 a 10** | **Observacións** |
| Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe. | | |
| Utilizáronse de maneira sistemática distintos procedementos e instrumentos de avaliación, que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes. | | |
| Os alumnos dispuxeron de ferramentas de autocorrección, autoevaluación e coevaluación. | | |
| Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia, tanto a alumnos con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria. | | |
| Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos. | | |
| Os pais foron adecuadamente informados o proceso de avaliación: criterios de cualificación e promoción, etc. | | |

A maiores, é aconsellable escoitar tamén a opinión dos usuarios. Neste sentido, é interesante proporcionar aos alumnos unha vía para que poidan manifestar a súa opinión sobre algúns aspectos fundamentais da materia. Para iso, pode utilizarse unha sesión informal na que se intercambien opinións, ou ben pasar unha sinxela enquisa anónima, para que os alumnos poidan opinar con total liberdade. En xeral, sería desexable que os alumnos se habituasen a expor de maneira espontánea

propostas de mellora ao funcionamento da clase; para iso, é imprescindible que se lles proporcione unha contorna fiable e segura no que as súas demandas sexan debatidas e, eventualmente, aceptadas.

**- Avaliación da materia:** na mesma enquisa incluiranse parámetros que permitan avaliar se a materia responde ás expectativas do alumnado, se é relevante nalgún xeito para o seu futuro, se lle gustaría seguila cursando en vindeiros cursos, etc.

**- Autoavaliación do alumnado:** na mesma enquisa os e as estudantes terán tamén a posibilidade de autoavaliarse en cuestións relativas á súa consecución dos obxectivos e contidos, á súa capacidade de buscar e sintetizar información, de traballar en grupo, de expresarse oralmente e por escrito, de relacionar contidos teóricos e prácticos, de relacionarse cos seus compañeiros, etc. Os datos recollidos serán tidos en conta durante o curso e as valoracións servirán para establecer melloras e corrixir erros.

### 10.3. *Procedementos e instrumentos*

Cómpre facer unha distinción básica entre ambos conceptos. Cando falamos de instrumentos, referímonos aos elementos ou utensilios concretos que utilizamos para avaliar algún elemento do proceso educativo. Nesta categoría situaríanse, por exemplo, as probas obxectivas ou tests. Os procedementos, en cambio, serían as actuacións prácticas que se poden empregar para o seguimento do proceso de ensino–aprendizaxe. Establecemos os seguintes:

| Procedemento de avaliación | Instrumento de avaliación | Valoración |
|---|---|---|
| 1. Observación directa e supervisión sistemática do traballo diario na clase | • Posta en común dos coñecementos<br>• Intervencións<br>• Respostas | • Actitude<br>• Tipo de intervencións<br>• Método de traballo<br>• Corrección das respostas ofrecidas nos intercambios orais co profesor |
| 2. Análise das producións dos alumnos/as. | • Caderno de clase<br>• Traballos de aplicación e síntese | • Presentación<br>• Puntualidade<br>• Selección da información relevante e rigor<br>• Ortografía<br>• Corrección gramatical e bo uso do idioma utilizado |
| 3. Uso de probas específicas (controis/exames) | • Resolución de exercicios e problemas<br>• Proba obxectiva<br>• Cuestionarios abertos<br>• Cuestionarios pechados | • Valoración dos coñecementos adquiridos<br>• Pertinencia e corrección das respostas |

A utilización concreta de cada un destes procedementos e instrumentos especifícase a continuación para cada período avaliativo:

| Período avaliativo | Tipo de instrumento aplicable |
|---|---|
| Convocatorias parciais e final ordinaria | • Observación directa<br>• Traballos / tarefas encomendados (se fose o caso)<br>• Probas obxectivas |
| Recuperación de avaliacións suspensas durante o curso (se o sistema aplicado non é o de avaliación continua) | • Traballos / tarefas encomendados (se fose o caso)<br>• Probas obxectivas |
| Convocatorias extraordinarias<br>a) Final de curso (xuño): tanto para recuperación de avaliacións suspensas como para incremento da nota<br>b) Por perda do dereito á avaliación continua<br>c) Por abandono de materia | • Probas obxectivas |
| Convocatoria extraordinaria de xullo | • Probas obxectivas<br>• Traballos / tarefas encomendados durante o verán (se fose o caso) |
| Probas de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores | • Probas obxectivas<br>• Traballos / tarefas encomendados (se fose o caso) |

As observacións diarias e a anotación destas na ficha persoal do alumnado serán algúns dos instrumentos que se usarán, combinados con outros como os tradicionais exames escritos, probas orais, traducións, traballos de investigación, lecturas e comentarios, exercicios variados, etc. Ao remate de cada unidade didáctica e de cada trimestre planificaranse probas escritas que permitirán analizar o progreso dos alumnos, tratándose de probas inclúintes que non permitan condenar ao ostracismo contidos asimilados con anterioridade por este mesmo feito. No caso de *Cultura Clásica*,

ao contar cun compoñente lingüístico sensiblemente inferior, isto último non será tan relevante, aínda que os contidos pasados serán mobilizados constantemente para que nos axuden a explicar e comprender os distintos temas.

A avaliación organizarase en torno a tres momentos fundamentais:

- Avaliación inicial: para detectar os coñecementos, preconceptos e prexuízos que sobre cada punto dos contidos se vaian tratar;
- Avaliación continuada: na que se valorará preferentemente a adquisición progresiva de conceptos e actitudes;
- Avaliación sumativa: ao remate de cada etapa recolleremos os resultados alcanzados polo alumnado nun momento dado, e especialmente ao final do proceso.

Amais de superar os devanditos contidos, o alumnado haberá de demostrar, despois de cada unidade, que adquiriron os conceptos mínimos para iniciar o desenvolvemento da seguinte. En caso contrario haberá de recuperar eses contidos mediante probas escritas ou orais que se determinarán no seu momento.

Os alumnos e alumnas terán que evidenciar que leron os libros de lectura obrigatoria nalgunha proba escrita e/ou oral, mediante a elaboración dunha reseña dos mesmos, ou calquera outro medio que se determine.

### 10.4. *Programa de reforzo para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores e actividades de seguimento*

Para o alumnado con materias pendentes (se se dese o caso) do que a docencia corresponda a este Departamento os obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos mínimos e as competencias clave que deberán acadar serán os recollidos nesta programación para esas mesmas materias. O seu procedemento de recuperación será o seguinte:

1) Alumnado que seguen cursando a materia suspensa nun nivel superior (*Latín II*): os alumnos matriculados en *Latín II* coa materia *I* pendente aprobarán de xeito automático cunha nota de 5, como mínimo, esta última materia se superan as dúas primeiras avaliacións de *Latín II*. Esta decisión non lles nega o dereito a presentarse ao exame final na convocatoria correspondente do mes de maio. Este exame deberá ser realizado obrigatoriamente por aqueles estudantes que suspendesen a primeira ou a segunda avaliación de *Latín II*.
2) Alumnado de cursos superiores que non seguen cursando a materia pendente (*Cultura Clásica* e *Latín e/ou Grego)*: o seu proceso de avaliación estará baseado en dous instrumentos:

- Realización dun exame na convocatoria preceptiva de recuperación (maio), que terá un peso na nota final dun 60%;
- Entrega ao profesor a finais do mes de marzo dun caderno de actividades previamente deseñado e facilitado (outubro ou novembro) que servirá para a preparación do exame que vimos de citar (terá un peso dun 40% na nota final).
- Alumnos que repiten curso (*Cultura Clásica*): superasen ou non a materia no ano anterior, deberán cursalas nas mesmas condicións que os alumnos matriculados nelas por primeira vez. Tratarase na medida do posible de adaptar o traballo persoal e os contidos ás súas necesidades, de xeito que non repitan conceptos xa asimilados.

### 10.5. *Criterios de elaboración e estructura da proba extraordinaria para alumnado con perda do dereito á avaliación continua*

De acordo co Proxecto Curricular de Centro, decidiuse que perderán o dereito á avaliación continua os alumnos de bacharelato con máis dun 15% de faltas de asistencia sen xustificar. Para unha materia de 4 horas semanais, tendo en conta que a media de sesións anuais pode establecerse arredor de 135, o 15% resultarían 20,25 horas sen xustificar. Para unha materia de 2 horas semanais o 15% estaría na metade, unhas 10 sesións.

Para este alumnado programarase unha única proba final teórico-práctica que permita verificar se acadaron os obxectivos, os contidos mínimos esixibles descritos nesta programación para cada materia e as competencias clave propostos para o seu curso.

## 10.6. *Criterios de cualificación*

### 10.6.1. *Consideracións xerais*

En cada trimestre realizaranse varias probas escritas e/ou orais acordes cos contidos explicados ata ese momento procurando a uniformidade dos mesmos e nas que, amais destes, se valorarán os seguintes apartados:

- Ortografía.
- Lectura e expresión escrita comprensiva.
- Correcta presentación do caderno persoal e dos traballos propostos ao longo do trimestre.
- Interese e esforzo amosados.
- Colaboración nas actividades de grupo.

A cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba, dos traballos persoais ou de grupo elaborados, e da actitude das alumnas e alumnos (intervencións na clase, preguntas, exercicios, esforzo diario ...), a ortografía, expresión e presentación dos traballos, e o interese demostrado ao longo de todo o trimestre.

### 10.6.2. *Consideracións específicas*

#### 10.6.2.1. *Avaliación dos contidos*

A nota obtida polos alumnos ao remate de cada avaliación e na avaliación final centrarase fundamentalmente nos **contidos conceptuais e procedimentais**, aínda que non obviará os **contidos actitudinais**. A cualificación establecerase segundo o procedemento que agora se indica para as distintas materias do departamento:

**a) CULTURA CLÁSICA**

Aplicaranse os seguintes parámetros para cualificar o producto do alumnado indicados en porcentaxes:

1. Exames: 70 %
2. Caderno: 0,7 %
    i. Presentación-ortografía-caligrafía: 0,3 %
    ii. Contidos: 0,4 %
3. Tarefas: 0,5 %
4. Traballo
    i. Na aula: 0,5 %
    ii. En grupo: 0,8 %
5. Actitude e comportamento: 0,5 %

### b) LATÍN IV

Para a avaliación dos alumnos realizaranse probas orais e escritas, debendo avaliarse tanto as preguntas que o alumno fai como as respostas ao preguntado polo profesor. As probas orais serán de carácter diario e versarán habitualmente sobre a materia explicada na clase anterior, sobre os aspectos que o profesor considere máis fundamentais doutras explicacións e sobre as traducións que o docente sinale como traballo para casa.

As **actividades diarias encomendadas** para seren realizadas oralmente e por escrito buscando manter un ritmo constante e axeitado de traballo e aprendizaxe constituirán un dato importante (sempre e cando teñan un **resultado cualitativamente relevante**) á hora de concretar a nota da avaliación (**20%** da nota)[1]:

- As respostas a preguntas orais sobre contidos xa vistos.........................................................10%
- A realización das tarefas diarias escritas (tanto na casa como na aula)................................10%

En canto ós *clásicos* ***exames*** **escritos** (**80%** da nota da avaliación), haberá, como mínimo, **dous por avaliación** para comprobar o grao de asimilación da materia por parte do alumno. Estas probas constarán dos seguintes apartados (poderán aparecer todos ou unha selección deles, de acordo co desenvolvemento da materia ao longo do curso):

- Vocabulario para enunciar e traducir, de latín a castelán ou galego e viceversa.
- Algunha etimoloxía ou expresión latina usada na actualidade.
- Frases ou pequenos textos en latín para analizar morfosintacticamente e traducir á lingua materna.
- Frases ou pequenos textos en castelán/galego para pasar ao latín.
- Exercicios de verbos: enunciado, análise e tradución de formas soltas, conxugación e tradución dalgún tempo, etc.
- Exercicios de declinación: paradigmas, análise e tradución de casos soltos, concordancias de grupos de sustantivos, adxectivos e/ou pronomes, formación de casos concretos de grupos de sustantivos, adxectivos e/ou pronomes, etc.
- Cuestións teóricas sobre os contidos gramaticais ou culturais estudados, ou sobre lecturas recomendadas ou obligatorias.

Ao ser o latín unha lingua cuxo aprendizaxe se fai de forma progresiva e se fundamenta no aprendido anteriormente, non se eliminará materia ao longo do curso.

[11] Dentro dese 20 % inclúese a valoración da actitude (vid. *infra* o punto 10.6.2.2. *Avaliación da actitude*).

No tocante aos **criterios de cualificación dos clásicos exames escritos**, esta será como segue:

- Cuestións de índole **lingüística** (morfosintaxe, tradución, etimoloxía, léxico) → **80% do exame.**
- Cuestións de tipo ***cultural*** (historia e civilización) → **20% do exame**. [**N.B.** De non superar o 75% desta parte, quedará pendente de ser aprobada en probas posteriores]

### c) LATÍN I e GREGO I

- Un valor dun **10%** para as **actividades cotiás**: lectura e escritura de textos e oracións en grego e latín, resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación na aula, lecturas e control destas e dos exercicios programados para a avaliación dos contidos explicados nas distintas unidades, revisión do caderno de clase, actitude (vid. *infra* o punto 10.6.2.2. *Avaliación da actitude*), etc.
- Un valor dun **40%** para os exames escritos e/ou orais que se fagan durante o trimestre para comprobar o grao de coñecementos obtidos referidos a cada unidade didáctica.
- Un valor dun **50%** para o exame final de cada trimestre e que comprenderá todos os coñecementos lingüísticos adquiridos ata ese momento, isto é, cuestións de gramática e/ou tradución, amais das relativas a temas de historia e/ou civilización.

### d) LATÍN II e GREGO II

- Un valor dun **10%** para as **actividades cotiás**: resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación na aula, lecturas e control destas e dos exercicios programados para a avaliación dos contidos explicados, actitude (vid. *infra* o punto 10.6.2.2. *Avaliación da actitude*), etc.
- Un valor dun **90%** ás **probas escritas** (máximo catro) realizadas ó longo do trimestre seguindo as estas ponderacións:
    - Dúas probas: a primeira contará un 30% e a segunda 60%.
    - Tres probas: a primeira computará un 20%, a segunda un 30% e a terceira un 40%.
    - Catro probas: a primeira computará un 15%, a segunda un 20%, a terceira un 25% e a cuarta 30%.

Cada unha destas probas abranguerá todos ou varios dos seguintes aspectos (N.B. No caso de que aparezan todos, o valor numérico que pode acadar como máximo cada un deles sobre 10 vén indicado entre paréntese; pola contra, se non se presentan todos, distribuirase proporcionalmente a puntuación total):

- **LATÍN II**

1) **TEXTOS (ATA 6 PUNTOS):**

Os alumnos deberán traducir, entre dúas opcións posibles, un texto latino dunha extensión dunhas tres liñas (prosa) ou duns cinco versos (poesía), sempre en función da opción que escollan. Os textos serán fragmentos adaptados e de crecente dificultade no primeiro trimestre, mentras que os seguintes terán como autores Eutropio (*Breviarium ab Urbe condita*) e Fedro (*Fábulas*). Na tradución deberase demostrar que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais, e que se é quen de interpretar correctamente todo o seu contido na lingua de destino. Pediráselles soamente a tradución e para realizala poderán usar un dicionario de latín (incluído, se fose o caso, o apéndice gramatical *de serie*).

2) **MORFOLOXÍA E SINTAXE (ATA 1 PUNTO: ATA 0,5 PUNTOS CADA PREGUNTA):**

Os alumnos deberán realizar estas tarefas:

- **Análise morfolóxica** das palabras dun fragmento extraído do texto proposto para traducir. Será preciso identificar axeitadamente a categoría e os accidentes gramaticais de cada unha das palabras seleccionadas para a análise. Admitirase calquera método de análise que sexa correcto.
- **Análise sintáctica** dun fragmento extraído do texto proposto para traducir. Será preciso explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións dos diferentes elementos que as integran. Admitirase calquera método de análise que sexa correcto.

3) **LITERATURA LATINA (ATA 1,5 PUNTOS):**

Os alumnos deberán responder ao único tema presentado ou escoller unha pregunta de entre dúas que se proporán a partir dos temas de literatura que se vaian estudando progresivamente:

- A historiografía e a obra de Tito Livio.
- A oratoria e a obra de Cicerón.
- A poesía épica e a obra de Virxilio
- A poesía lírica e a obra de Horacio.
- O teatro e a obra de Plauto.

Será preciso describir os trazos básicos dos xéneros literarios latinos polos que se pregunte e explicar as características principais dos autores e obras máis representativos dentro deses xéneros.

4) **LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ATA 1,5 PUNTOS: ATA 0,75 PUNTOS CADA PREGUNTA):**

Os alumnos deberán escoller dúas preguntas de entre tres que se proporán a partir dos temas dedicados ó léxico na preparación da proba de Latín. Estas preguntas centraranse nos seguintes aspectos:

- Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou castelá.
- Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.
- Comentario etimolóxico de topónimos.

- **GREGO II**

1) **TEXTOS (ATA 6 PUNTOS):**

Os alumnos deberán traducir, entre dúas opcións posibles, un texto grego dunha extensión dunhas tres liñas, sempre en función da opción que escollan. Os textos serán fragmentos adaptados e de crecente dificultade no primeiro trimestre, mentras que os seguintes serán de Xenofonte e/ou Platón. Na tradución deberase demostrar que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais, e que se é quen de interpretar correctamente todo o seu contido na lingua de destino. Pediráselles soamente a tradución e para realizala poderán usar un dicionario de grego (incluído, se fose o caso, o apéndice gramatical *de serie*).

2) **CONXUNTO DE CUESTIÓNS CON OPCIÓNS (ATA 3 PUNTOS)**

Neste apartado proporanse catro cuestións (a escoller tres delas), que versarán sobre:

- Análise morfolóxica.
- Análise sintáctica.
- Contido relacionado co autor e/ou obra do texto que se ha traducir.
- Helenismos.

3) **LITERATURA GREGA (ATA 1 PUNTO):**

Os alumnos deberán responder ao único tema presentado ou escoller unha pregunta de entre dúas que se proporán a partir dos temas de literatura que se vaian estudando progresivamente. Será preciso describir os trazos básicos dos xéneros literarios latinos polos que se pregunte e explicar as características principais dos autores e obras máis representativos dentro deses xéneros.

### 10.6.2.2. *Avaliación da actitude*

Entre as actividades cotiás a valoración dos parámetros actitudinais representará un exercicio máis de clase (sobre un máximo de dez puntos) que fará media co resto (dentro da marxe asignada ás actividades cotiás). Será unha nota única ponderada que se baseará nas seguintes cuestións: a **asistencia con regularidade e puntualidade** ás clases e actividades programadas, o **respecto** ao profesor e aos compañeiros, a **limpeza e orde** dos exercicios, o **interese** pola materia, o **acatamento das normas** de uso de materiais e instalacións, e o emprego da **capacidade crítica**. Velaquí a súa concreción en ponderación numérica:

| Concepto | Descrición | Puntuación máxima |
|---|---|---|
| **Comportamento e respecto** | O alumno mantén na aula unha actitude respectuosa cara ós compañeiros, o profesor e as normas de organización e funcionamento do centro e das materias.<br>Cada falta de orde imposta: -5 puntos;<br>cada amoestación oral, chamada de atención ou medida correctora aplicada: -2 puntos. | 5 |
| **Interese pola materia e participación** | O alumno asiste con regularidade e puntualidade as clases e ás actividades programadas. Cada falta de asistencia sen xustificar: -0,25 puntos. | 5 |
| | O alumno aproveita as clases, asiste a estas co material preciso para seguir cada materia e fai as tarefas do día a día. Cada día de asistencia sen material ou coas tarefas do día a día sen facer: -0,5 puntos. | |
| | O alumnos realiza as tarefas encomendadas para a casa (boletíns de exercicios, traballos, lecturas de libros, etc.). Cada tarefa non realizada/presentada ou copiada dun compañeiro: -1 punto. | |
| | O alumno participa no desenvolvemento das clases e corrección dos exercicios, fai preguntas, responde preguntas do profesor, etc. | |
| | **TOTAL** | **10** |

### 10.6.2.3. *Criterios para calcular a nota final da materia*

Para superar as **materias** de maior peso **lingüístico** (***Latín IV, I* e *II*, e *Grego I e II***) o alumnado deberá obter na avaliación do mes de maio (2º de bacharelato) ou xuño, segundo sexa o caso, unha **cualificación positiva (cinco ou máis puntos)**.

As características da materia e do ciclo no que se desenvolve esixen un **sistema de avaliación continua** por tratarse de materias nas que non se eliminan contidos, tendo en conta os seguintes criterios:

• Tres avaliacións superadas: materia aprobada coa nota media ponderada segundo a seguinte distribución porcentual:

- Primeira avaliación: 15 %
- Segunda avaliación: 25 %
- Terceira avaliación: 60 %

• Primeira avaliación suspensa, resto aprobadas: materia aprobada coa nota media aproximada seguindo a proporción presentada no punto anterior.

• Tres, dúas ou terceira avaliación suspensas: materia suspensa.

No caso de ***Cultura Clásica*** será preciso que á hora da avaliación final teñan cualificación positiva (cinco ou máis puntos) en **dúas das tres avaliacións, sendo unha delas a terceira**. A **nota final** será igual á **media aritmética das tres avaliacións**.

De xeito excepcional, cando un alumno teña na avaliación final unha nota media de entre 4,5 e 5 puntos, o profesor poderá propoñelo como aprobado atendendo exclusivamente á súa capacidade de traballo e ao seu comportamento ao longo do curso (esta medida poderá ser de aplicación tamén na primeira e na segunda avaliación).

En calquera das materias poderá aplicarse un aumento de ata medio punto na cualificación final dos alumnos se mantiveron unha progresión ascendente nas notas das tres avaliacións, sempre que estas estean aprobadas. Do mesmo xeito, nas materias *Latín IV-I-II* e *Grego I-II* os alumnos poderán optar **ata o máximo dun punto adicional** na nota final da avaliación mediante **proba ou probas relativas á material bibliográfico e/ou videográfico *especial*** (libros de lectura, documentais, películas, etc.) ligado ás respectivas materias (sempre e cando se acade un mínimo dun 5 tanto na proba ou probas devanditas como na cualificación final do trimestre).

#### 10.6.2.4. *Aclaracións sobre arredondeos nas avaliacións parciais*

É facultade do profesorado que imparte a materia utilizar ou non utilizar nas avaliacións parciais a práctica do arredondeo. Como aclaración, entendemos que calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 (así como entre 4 e 4,9 será 4), agás que o profesor decida facer uso do posible arredondeo.

#### 10.6.2.5. *Método de recuperación*

Os contidos das materias ***Latín IV-I-II e Grego I-II*** son, segundo se vén de explicar, acumulativos (excepto, se se dá o caso, o aspecto non lingüístico), polo que a súa avaliación será continua. Nelas non se farán con carácter ordinario exames de recuperación en ningunha avaliación. De xeito extraordinario, o profesor terá a facultade de realizar exames de recuperación a determinados alumnos

en atención ao seu comportamento e ao seu rendemento académico ao longo do curso, de xeito que un mal resultado nunha proba non poña en perigo o traballo de todo un curso.

En ***Cultura Clásica*** as avaliacións nas que non se obteña unha cualificación positiva (cinco ou máis puntos) poderán recuperarse mediante **traballos escritos** (entregados ao profesor en tempo e forma), sempre que a nota sexa de catro ou máis puntos. Se a nota é inferior a catro puntos deberán realizarse unha serie de **actividades de reforzo** e un **exame de recuperación**.

Con carácter xeral, o alumnado que non supere as materias na convocatoria de maio (2º de bacharelato) ou xuño terá a oportunidade de obter unha cualificación positiva nelas na proba da convocatoria extraordinaria de xullo, que versará sobre os contidos explicados durante todo o curso e que será do mesmo tipo que as planificadas nas distintas avaliacións. Nesta proba non se terán en conta as actividades cotiás realizadas polos alumnos, de maneira que a súa cualificación establecerase como segue:

- *Cultura Clásica*: exame que recolla preguntas e actividades relativas aos contidos mínimos da materia e do mesmo tipo que os realizados durante o curso (100% da nota).
- *Latín IV-I* e *Grego I*: preguntas sobre contidos culturais (20% da nota), exercicios de análise morfosintáctica, declinación, conxugación, etc. (40% da nota) e tradución (40% da nota). Caso de non haber preguntas sobre contidos culturais, a nota repartirase equitativamente entre a gramática e a tradución.
- *Latín II e Grego II:* adoptarase a estrutura establecida para as probas da ABAU por parte das autoridades educativas correspondentes.

#### 10.6.2.6. *Criterios de corrección e puntuación de exercicios e probas*

- **Faltas de ortografía**: en todos os exercicios e probas na lingua vehicular que o alumno empregue para a súa expresión cotiá (castelán ou galego) restaranse 0,2 puntos por cada falta de grafemas e 0,1 por erros de puntuación e acentuación. Ao escribir en grego ou latín restaranse 0,1 puntos por cada falta (grafemas, espíritos, acentos, etc.), aínda que este criterio será flexible polo menos na primeira avaliación. Así e todo, o máximo que se restará por este concepto será de dous puntos.

- **Presentación**: terase en conta negativamente a mala presentación, especialmente no que toca a limpeza, borranchóns, caligrafía e respecto polas marxes, podendo supoñer a perda de ata 0,5 puntos en cada exercicio e proba.

- **Valorarase a exactitude nas respostas**, tendo en conta o rigor na resolución das actividades e a corrección na indagación, estudo e asimilación de información.

- **Unha correcta expresión** oral e escrita na lingua habitual dos alumnos, especialmente no que toca ao léxico e á sintaxe, poderá supoñer un extra de ata 0,5 puntos en cada exercicio, proba ou traballo.

- En principio, todos os exercicios e probas que se planifiquen serán puntuados sobre dez puntos, onde cada pregunta terá unha puntuación concreta segundo a súa importancia que será comunicada ao alumnado no momento da proba. Caso de non ser consignado o valor de cada pregunta, entenderase que todas teñen o mesmo valor.

- Aqueles alumnos que non entreguen sen causa xustificada os exercicios programados para unha data concreta recibirán unha puntuación de cero. Os exercicios seranlle recollidos e corrixidos, pero, se non xustifican a súa tardanza na entrega, computaranlle como un cero á hora de establecer a nota da avaliación.

### 10.7. *Directrices, procedementos e instrumentos para a realización da avaliación inicial*

- **Directrices:** A finalidade da avaliación inicial é coñecer e axustar as condicións de ensino-aprendizaxe de cada grupo, co fin de obter un rendemento adecuado. Non conleva emitir cualificación para o alumnado. Aspectos na extracción de información:

*Que avaliar?* Os coñecementos previos necesarios para a aprendizaxe no novo nivel académico.

*Cando avaliar?* No inicio do curso escolar, dentro do primeiro mes de clase, aproximadamente. Se fose o caso, atenderíase á aplicación deseñada, para o curso correspondente, por parte do equipo directivo e o departamento de orientación.

- **Procedementos:** con carácter xeral, para a realización da avaliación inicial teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Verificación do grao de consolidación dos obxectivos académicos (fundamentalmente, no caso de cambio de etapa e de materias que supoñan continuidade).

b) Análise da motivación e da autonomía do alumnado, poñendo especial foco no método de traballo.

c) Comprobación do grao de cumprimento das tarefas encomendadas (tanto na aula como na casa).

d) Atención ás dificultades amosadas respecto ás capacidades comprensiva e expresiva de carácter xeral (habilidades básicas para a aprendizaxe de calquera materia) e o dominio das específicas de cada nivel (flexión nominal e verbal, análise e tradución).

e) Constatación do clima de traballo e de relación no grupo ademais da asistencia.

- **Instrumentos:** para a realización da avaliación inicial (en sesión específica para cada grupo), distinguirase entre dous tipos de instrumentos que, pese a ser distintos, están interrelacionados e resultan complementarios:

a) As fontes de información de carácter institucional:

1. Historia escolar do alumnado.
2. Información adicional ofrecida pola titoría, polo equipo directivo e polo departamento de orientación.

b) As do propio departamento como órgano de coordinación:

1. Rexistro de coñecementos: mediante, se é o caso,
   - Probas de nivel.
   - Traballo diario.
   - Exercicios encomendados.
   - Análise de áreas pendentes na secundaria.
   - Promoción por imperativo legal (no caso de 4º ESO).
   - Repeticións.
   - Recomendación de apoios en materias ou determinados reforzos, etc.
2. Rexistro de actitudes ante a materia:
   - Realización de actividades.
   - Capacidade comprensiva e expresiva xeral e específica, no contido da propia materia.
3. Rexistro de comportamento e convivencia.

# 11. CRITERIOS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO ANTE UNHA RECLAMACIÓN DE NOTA FINAL

Con independencia do nivel do que se trate, este departamento considera necesario fixar uns criterios de actuación ante unha posible reclamación de nota final, segundo os períodos académico-temporais afectados, que poderán ser:

a) **ORDINARIOS**:

- Ordinario de maio para 2º de bacharelato.
- Ordinario de xuño para ESO e 1º de bacharelato.

b) **EXTRAORDINARIOS**:

- Perda do dereito á avaliación continua.
- Caso de abandono de materia.
- Pendentes de cursos anteriores.
- Convocatoria de xullo para 2º de bacharelato e de setembro para ESO e 1º de bacharelato.

En calquera dos casos, a actuación do departamento responderá ao seguinte procedemento:

1. Convocatoria de reunión/sesión de departamento.
2. Estudo da(s) causa(s) alegada(s) de reclamación. Comprobación de que se respectaron os prazos de presentación.
3. Análise das cualificacións emitidas.
4. Valoración dos traballos (se fose o caso) e das probas obxectivas realizadas polo alumno/a.
5. Comprobación de que os contidos se axustan á programación.
6. Comprobación da correcta aplicación dos criterios de cualificación e corrección.
7. Emisión de informe/ditame do departamento sobre a reclamación, ratificando ou rectificando a nota outorgada.
8. Recollida en acta dos puntos esenciais do procedemento de actuación e dos seus resultados.
9. Traslado á xefatura de estudos da documentación pertinente.

# 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este departamento considera as actividades complementarias e extraescolares fundamentais para o desenvolvemento integral dos alumnos. A organización das mesmas contará sempre cun criterio pedagóxico e cunha preparación previa, co fin de que os alumnos poidan aproveitar mellor as saídas.

Entre as actividades complementarias a desenvolver dentro do horario escolar e no espazo do IES, existe a posibilidade de participar no **concurso *Odisea*** que promove a Sociedade Española de Estudos Clásicos, na súa delegación de Galicia (da que se tratará facer socio ao Departamento de Latín do IES Chapela polas vantaxes, no ámbito didáctico, que pode reportar), e que nos derradeiros cursos conta cunha participación superior ao millar de alumnas e alumnos. Esta actividade adoita celebrarse durante o mes de febreiro.

No que respecta ás actividades extraescolares, fóra do centro e do horario lectivo, existe a previsión de asistir ao ***Festival de teatro grecolatino de Lugo-Ourense-A Coruña***, que se vén celebrando estes últimos anos durante os meses de febreiro, marzo e/ou abril. Non se pode precisar polo momento cal será a representación á que se pode acudir, xa que os organizadores do evento aínda non fixeron público o cartel definitivo das obras que se porán en escena nesta edición. A actividade está programada en principio para o alumnado de *Cultura Clásica, Latín* e *Grego*, aínda que se poderá admitir alumnado doutras materias, preferentemente da sección de Humanidades e Ciencias Sociais. Ademais, estudarase a posibilidade de contratar os servizos da **Compañía *Malaje solo*** para a posta en escea da obra de temática mitolóxica **"Ahora mismitos"**. Coa mesma, non se descarta a asistencia a outros eventos que se organicen en relación ás materias dependentes deste departamento.

Por outra banda, co fin de fundamentar correctamente os contidos relativos á importancia da arqueoloxía no coñecemento do noso pasado, á evolución dos distintos sistemas de escritura (epigrafía) e á presenza de gregos e romanos en Hispania e Gallaecia, programarase, de ser posible e aproveitando a asistencia á representación dramática do Festival de Teatro Clásico arriba mencionado, unha visita a algún museo, mostra e / ou monumento relacionado coas nosas materias (como, por exemplo, o **Museo Provincial de Lugo** e o **Castro de Viladonga**, en Castro de Rei; **Castro de San Cibrao de Las**, no Carballiño; **Torre de Hércules** ou o **Castelo de San Antón**, na Coruña), amais de achegarnos ata **Vigo**, onde poderemos entrar en contacto cos **restos arqueolóxicos** da cidade situados en **O Castro**, na ***Villa* Romana de Toralla**, no Centro Arqueolóxico do Areal (***Salinae***), na Sala de Arqueoloxía do Museo Quiñones de León...

En fin, cabe a posibilidade de organizar un **percorrido polas principais rúas da cidade de Vigo** e de **Redondela** para que o alumnado coñeza de primeira man e, a través da observación directa, as pegadas da cultura clásica en edificios e realidades actuais, impregnados de referencias mitolóxicas, cuxo significado adoitan ignorar por completo. Todas estas actividades poderanse coordinar co Departamento de Xeografía e Historia.

A maiores, temos *in mente* a posibilidade de promover unha **viaxe a Italia, Grecia ou algún outro lugar do estranxeiro ou resto de España con importantes vestixios gregos e / ou romanos**. En principio, esta actividade extraescolar estaría dirixida ao alumnado de Bacharelato de Humanidades e ao de Latín de 4º da ESO.

Tamén se contempla a posibilidade de realizar unha posta en escea dunha **obra teatral de tema mitolóxico** nalgún dos centros de primaria do concello.

# 13 MEDIDAS PREVISTAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DA LECTURA E DA MELLORA DA EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, e en cumprimento do disposto no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, nas áreas que competen a este departamento traballaranse distintos elementos transversais de carácter instrumental, un dos cales fai fincapé na adopción de medidas para estimular o hábito da lectura e mellorar cómpreansión e a expresión oral e escrita.

As nosas materias requiren da configuración e a transmisión de ideas e informacións. Así pois, o coidado na precisión dos termos, no encadenamiento adecuado das ideas ou na expresión verbal das relacións fará efectiva a contribución desta materia ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. O dominio da terminoloxía específica permitirá, ademais, comprender suficientemente o que outros expresan sobre ela.

O uso sistemático do debate sobre distintos aspectos (por exemplo, relacionados coa pervivencia do clásico no mundo actual, da súa influencia sobre as culturas posteriores, etc.), contribúe tamén ao desenvolvemento desta competencia, porque esixe exercitarse na selección, a exposición e a argumentación. Da mesma maneira, o feito de comunicar ideas e opinións, imprescindibles para lograr os obxectivos relacionados cun mellor coñecemento da sociedade na que se vive e na cultura que a sustenta, fomenta o uso, tanto da linguaxe verbal como do escrito.

Tamén a valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas nos medios de comunicación (como, por exemplo, na prensa), pode ser o punto de partida para ler artigos, tanto nos xornais como en revistas especializadas, que estimulen de camiño o hábito pola lectura.

O dominio e o progreso da competencia lingüística nas súas catro dimensións (comunicación oral: escoitar e falar; e comunicación escrita: ler e escribir), haberá de comprobarse a través do uso que o alumnado fai en situacións comunicativas diversas. Poden servir de modelo os seguintes exemplos de situacións, actividades e tarefas (que, na súa maioría, se realizan a diario) que deben ser tidas en conta para avaliar o grao de consecución desta competencia:

**1) Interese e o hábito da lectura**

- Realización de tarefas de investigación nas que sexa imprescindible ler documentos de distinto tipo e soporte. Neste sentido, é interesante aproveitar a oportunidade que proporciona o achegamento á mitoloxía.
- Lectura de instrucións escritas para a realización de actividades lúdicas.
- Lecturas recomendadas: divulgativas, etc.
- Plan lector e participación en faladoiros literarios sobre libros do seu interese relacionados con eventos ou personaxes históricos.
- Elaboración en común de distintos proxectos de clase: un xornal, blog, unha gaceta de noticias, etc.

**2) Expresión escrita: ler e escribir**

- Análise de textos e enunciados, para potenciar a corrección.
- Uso de distintos soportes e tipoloxías textuais (textos técnicos, táboas de datos, dicionarios, atlas, manuais, prensa, internet, etc.).
- Lectura en voz alta e en silencio.
- Lectura en voz alta, en todas as sesións de clase, da parte correspondente aos contidos que se van a tratar nesa sesión, do libro de texto ou de calquera outro documento usado como recurso, para avaliar aspectos como a velocidade, a corrección, a entonación, o ritmo, etcétera.
- A partir da lectura do enunciado das actividades a desenvolver, obter a idea principal e parafrasear a cuestión que se propón, para poder dar a resposta adecuada; isto é particularmente importante na lectura dos enunciados dos exercicios escritos.
- A partir da lectura dun texto determinado, indicar que cadro, que representación, que gráfico ou que título, entre diversos posibles, é o máis adecuado para o conxunto do texto ou para algunha parte do mesmo, e extraer conclusións; comprender e establecer relacións cronolóxicas ou de causa-efecto entre unha serie de accións; considerar alternativas; elaborar hipótese, diferenciar feitos de opinións e suposicións, etc.

- Procura e realización de biografías de grandes personaxes, e lectura parcial das mesmas.
- Uso das TIC.
- Elaborar todo tipo de producións escritas:
    - Compor un texto libre sobre un tema determinado, a partir dalgunha razón que o faga necesario.
    - A partir da lectura dun texto determinado, elaborar resumos, esquemas ou informes.
    - Creacións literarias propias (poemas, ensaios, cómics, etc.).
    - Escritura social.
    - Enquisas.
    - Panfletos, murais, guións, pósteres, etc.
    - Escribir ao ditado ou realizar outro exercicio ou actividade que o profesor poida propor en calquera momento como complemento aos contidos tratados nas sesións de traballo.

**3) Expresión oral: escoitar e falar**

- Exposición de temas ante o grupo, con apoio (no seu caso) de imaxes ou outras ferramentas (PPT, esquemas, guións, etc.), das producións realizadas persoalmente ou en grupo, sobre algún dos temas que poden tratarse en clase.
- Debate construtivo, respectando e aceptando as opinións dos demais, como resposta a preguntas concretas ou a cuestións máis xerais, como poden ser: *"Que sabes de…?"*, "Que *pensas de…?"*, "Que *valor dás a …?"*, *"Que consello darías neste caso?"*, etc.
- Discusións razoadas sobre cuestións contidas nos textos.
- Comunicar oralmente o que leron, parafraseando, reelaborando ou interpretando correctamente os contidos.
- Interaccións orais en pequeno grupo ou en traballo por parellas.
- Resumir oralmente o lido.
- Produción de esquemas e debuxos.
- Elaboración dun guion para presentar o texto fronte a un grupo de compañeiros, e transformación da estrutura do texto.
- Escribir ou debuxar o contido lido nun texto.
- Actividades de traballo cooperativo para aprender dos outros e cos outros; e, sobre todo, para propiciar situacións de intercambios e interaccións orais.
- Parafrasear oralmente os enunciados das actividades, utilizando as súas propias palabras.
- Xogos lingüísticos (adivinanzas, acertijos, rimas, etc.).
- Dramatizacións.

– Explicacións e informes orais.
– Entrevistas.
– Presentación de diapositivas, debuxos, fotografías, mapas, etc., para que o alumno, individualmente ou en grupo, describa, narre, explique, razoe, xustifique e valore o propósito da información que ofrecen eses materiais.
– Contacontos.

**4) Materiais (entre outros)**

- Coleccións de libros de lectura adaptados á idade xuvenil das editoriais Vicens Vives, Akal, Teide, Tilde…
- A traxedia ou comedia a cuxa representación se acuda no *Festival de teatro grecolatino de Lugo* (aínda non se coñece o programa definitivo).
- Mapas, esquemas e imaxes presentados na aula a través dun portátil e un proxector.
- Artigos de xornais e de revistas especializadas como *Historia*.
- Outros:
    - GRIMAL, P., *Diccionario de mitología griega y romana*, Paidós, Barcelona, 1994.
    - LÓPEZ FÉREZ, J. A. (*ed.*), *Historia de la literatura griega*, Cátedra, Madrid, 1988.
    - CODOÑER MERINO, C.: *Historia de la literatura latina*, Gredos, Madrid, 2011.
    - JENKINS, IAN, *La vida cotidiana en Grecia y Roma*, Akal, Madrid, 1998.

# 14 PROCEDEMENTOS PARA INFORMAR DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

Distinguiremos entre a información para o alumnado e para o resto da comunidade educativa.

**- Información mínima que se dará ao alumnado de cada materia sobre a programación**

De cada unha das materias programadas por este departamento ofreceráselle ao alumnado, por parte do profesor, durante os primeiros días de clase, información relativa aos seguintes puntos:

- Material necesario para o desenvolvemento da materia.
- Obxectivos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.
- Instrumentos e procedementos de avaliación.
- Criterios de cualificación e corrección.
- Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.
- Sistema ou medidas de recuperación da materia durante o curso.
- Sistema de recuperación da materia pendente de cursos anteriores.
- Perda do dereito á avaliación continua.
- Información sobre probas de carácter extraordinario.

Os medios que se poderán utilizar para a transmisión desta información serán:

a) Resumo por escrito.
b) Explicación polo propio profesor na clase.
c) Consulta nos sitios web creados para os respectivos cursos polo Departamento de Latín.
d) Consulta en calquera momento previa petición da programación didáctica ao profesor do departamento.
e) O sitio web do instituto.

**- Información para a comunidade educativa de cada materia sobre a programación**

Para a información ao resto da comunidade educativa, o departamento establece como mecanismo máis directo a consulta dos detalles de programación mediante unha páxina web específica creada ex professo para o alumnado dun determinado grupo e/ou a través dunha petición por escrito ao xefe de departamento.

# 15 INCORPORACIÓN DE MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NO CURSO ANTERIOR

Ao finalizar o curso, en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación ás nosas materias:

- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- Motivos das modificación feitas.
- Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.
- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

# 16 ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DOCENTE

O xefe deste departamento ten previsto inscribirse en varios cursos de formación programados pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e / ou por outras institucións homologables.

# CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS por MATERIA

## CULTURA CLÁSICA

## 1 INTRODUCIÓN

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia articúlase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta esma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englóbase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no

coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura. Debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura

de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

# 2 OBXECTIVOS

## 2.1 *Xerais da etapa*

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

1) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

2) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
5) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
9) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
10) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
11) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
12) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

## 2.2 *Concretos da materia*

A materia de Cultura Clásica contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

1) Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
2) Coñecer as características máis importantes do marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.
3) Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.
4) Distinguir e situar nun eixe cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.
5) Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia.
6) Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia.
7) Coñecer as características fundamentais da arte grega e romana e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
8) Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español.
9) Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
10) Coñecer as características e a evolución da organización social grega e romana e a súa presenza na sociedade actual.
11) Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.
12) Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.
13) Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si.
14) Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.
15) Coñecer a orixe común de diferentes linguas.
16) Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.
17) Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.
18) Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.
19) Describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que chegaron ata a actualidade.
20) Coñecer a presenza da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
21) Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
22) Realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
23) Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.
24) Coñecer e comparar as características da relixiosidade grega e romana coa actualidade.

25. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións de culto privado.

26. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.

# 3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada materia e etapa educativa, co fin de realizar actividades adecuadamente e resolver problemas complexos de xeito eficaz. Supoñen a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e relacionados co comportamento, que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para exercer a cidadanía activa, integrarse socialmente e desempeñar un posto de traballo. A lexislación vixente establece nos currículos as seguintes competencias clave:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
c) Competencia dixital (CD).
d) Competencia para aprender a aprender (CAA).
e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
f) Competencia para o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).
g) Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).

No que respecta á materia de Cultura Clásica, esta xoga un papel relevante para que os alumnos acaden os obxectivos da etapa e adquiran as competencias clave polas seguintes razóns[1]:

a) Polo seu carácter instrumental, esta materia contribuirá de maneira decisiva á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** (CCL → 21%), xa que a linguaxe será a ferramenta fundamental para a comunicación, a representación, comprensión e interpretación da realidade, así como para a construción do coñecemento e a organización do pensamento. Pero, ademais, o estudo de Cultura Clásica ofrece ocasións particularmente propicias para mellorar os niveis de adquisición da competencia lingüística, especialmente no que se refire á produción de documentos e á lectura comprensiva de textos clásicos e modernos sobre os contidos da materia. Ademais, proporciona un valioso caudal léxico mediante a aprendizaxe de termos e locuciones gregos e latinos aplicados á linguaxe artística, científico, técnico e coloquial nas linguas modernas. Do mesmo xeito, a lectura expresiva ou o recitado dos textos literarios clásicos facilita a adquisición da competencia literaria e axuda a desenvolver a destreza no manexo da voz e o xesto, ademais de pór ao alumnado en contacto co patrimonio literario clásico. Por outra banda, a toma de contacto co mundo clásico e o

[1] Entre paréntese indícase a relevancia porcentual de cada competencia clave na materia.

recoñecemento da súa pervivencia será unha ferramenta de gran valor para a comprensión e interpretación da literatura universal posterior, na que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos. Por último, a mitoloxía e as aventuras de deuses e heroes son temas moi valorados polo alumnado nesta idade e, por tanto, a literatura que ao redor deles desenvolveuse é unha ferramenta de gran valor para espertar o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura.

b) Esta materia ofrece distintas oportunidades para desenvolver a **competencia matemática** (CM), en especial cando se trata das abreviaturas epigráficas que introducen o sistema de numeración romano ou no cómputo do tempo, coas peculiaridades numéricas relativas á medición do día e do ano. Igualmente, incorpóranse elementos da xeometría cando se mostran planos de vivendas e cidades da antigüidade. O estudo dos avances construtivos e o seu manexo da tecnoloxía (por exemplo, para mover grandes pesos, ou para conducir a auga até facela chegar ás cidades en diferentes niveis de altitude, etc.), constitúe un marco ideal para o desenvolvemento da **competencia básica en ciencia e tecnoloxía** (CCT). Tanto o mundo grego como o romano modificaron a paisaxe con obras de arquitectura ou enxeñaría; así, os gregos aproveitaban a ladeira dos montes para edificar teatros, e os romanos construían pontes, acueductos e calzadas. (CMCCT → 13%)

c) Desde Cultura Clásica contribúese á adquisición da **competencia dixital** (CD → 18%) porque a materia obriga ao alumnado á adquisición de distintas ferramentas técnicas relacionadas co uso adecuado da información a través da observación ou a documentación, o seu tratamento, a súa organización, a súa representación gráfica ou a súa comunicación. Por outra banda, na medida en que se utilicen as Tecnoloxías da Información e a Comunicación como un instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido, colaborarase na adquisición da competencia dixital.

d) Por outra banda, as actividades relativas á recollida, selección e análise da información, a aplicación de técnicas de sínteses, a identificación de palabras *clave* e a distinción entre ideas principais e secundarias achegan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia, tan relacionada con destrezas para a adquisición da **competencia de aprender a aprender** (CAA → 11,6%). Esta materia achega datos sobre o pasado que permiten albiscar posibles problemas do futuro e adquirir referencias básicas sobre o devir histórico que lle permitirán máis tarde incorporar novas aprendizaxes. Proporciónanse ao alumnado ferramentas e coñecementos básicos sobre os que será

capaz de participar activamente e construír de maneira autónoma a súa propia aprendizaxe, contribuíndo así, de maneira decisiva, á adquisición da competencia de aprender a aprender.

e) O coñecemento dos contidos que proporciona a materia de Cultura Clásica axudará á adquisición das **competencias sociais e cívicas** (CSC → 17,4%), entendidas como a habilidade para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis globalizados; elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Esta materia axuda a contemplar a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, o que ofrece unha maior capacidade para estruturar os feitos sociais actuais como parte dunha construción humana que se desenvolve no curso do tempo e que constitúe un marco xeral para a comprensión do tempo histórico. Tamén axuda á adquisición dun maior grao de conciencia acerca da organización espacial das sociedades, as súas dimensións demográficas, económicas ou sociais, os modos de intervención e os seus posibles impactos.

f) O deseño en modo cooperativo dun proxecto de representación dun mito ou mesmo planificar a súa lectura dramatizada ou a súa posta en escena non cabe dúbida de que é unha actividade que desenvolve o **sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** (CSIEE → 2,9%). O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados dos seus traballos implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Esta materia proporciona un coñecemento das bases sociais e culturais sobre as que se construíron las sociedades occidentais de hoxe, construídas sobre os restos da súa organización e funcionamento ao longo do tempo. Todo iso constitúe unha bagaxe de experiencias colectivas pasadas e presentes imprescindible para entender o mundo e a sociedade actuais. Só desde o coñecemento global que ofrece esta materia sobre a complexa sociedade actual, o alumnado será capaz de identificar e comprender os acontecementos, procesos e fenómenos no contexto en que se producen e comprender a realidade do mundo en que viven, e no que deberá desenvolver o seu sentido da iniciativa e o seu espírito emprendedor, con ferramentas básicas que lle permitan tomar decisións con criterio propio para transformar as súas ideas en accións.

Ademais a comprensión e valoración de problemas e logros da civilización grecorromana esixirán o emprego e a comprensión dos aspectos cuantitativos de informacións sobre os feitos da súa realidade

xeográfica, histórica, social, cultural e económica. Os traballos que se elaboren necesitarán, en ocasións, o uso significativo de nocións de estatística básica, gráficos, táboas e escalas.

Da mesma maneira, a preocupación pola saúde que manifesta o home das sociedades clásicas está presente en varias facetas da súa vida cotiá cuxo coñecemento achega un elemento motivador para o home moderno. Non só a alimentación, senón tamén o beneficio do sistema de baños das termas asociado ao propio exercicio físico nun mesmo espazo permiten valorar un saudable estilo de vida que chega até os nosos días. A condición de oficio manual do medicamento antigo, xunto coa limitación dos seus recursos, non embaza o seu gran sentido práctico ao facer depender a saúde non só dos fármacos, senón tamén da propia hixiene e a dieta.

g) É unha materia ideal para desenvolver no alumno actitudes como a curiosidade, o interese e a creatividade, así como o recoñecemento das manifestacións culturais e artísticas como fontes de pracer e goce persoal. A habilidade para recoñecer en múltiples facetas da actualidade, compoñentes definitorios dun mito ou unha lenda ou os atributos típicos dunha divindade ou un heroe fomenta activamente a iniciativa persoal e desenvolve no alumnado a creatividade na medida en que ten que interpretar persoalmente a linguaxe artística á luz do seu coñecemento da mitoloxía grecolatina. Todo iso axudaralle a valorar de maneira responsable o noso patrimonio artístico e cultural, e a adoptar unha actitude de respecto e protección cara a iso, de maneira que se contribuirá decisivamente á adquisición da **competencia en conciencia e expresións culturais** (CCEC).

# 4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN

## 4.1 *Relación de contidos por bloques*

Os contidos desta materia distribúense en sete bloques:

**Bloque 1. XEOGRAFÍA DE GRECIA E ROMA**:

*1. Grecia: marco xeográfico.*
*2. Roma: marco xeográfico.*

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos o marco espacial no que tiveron lugar os principais acontecementos das civilizacións grega e romana. Terán a oportunidade de descubrir diferentes escenarios, como o lugar onde se sitúa a súa orixe, os espazos ós que se trasladaron e os territorios e pobos que foron colonizando/conquistando ao longo do tempo e ós que foron estendendo a súa influencia cultural, tendo sempre como ámbito principal da súa actuación o mar Mediterráneo.

**Bloque 2. HISTORIA DE GRECIA E ROMA:**

*1. Marco histórico: as orixes.*
*2. Períodos da historia.*
*3. Romanizacion de Hispania.*

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos o marco temporal no que tiveron lugar os principais acontecementos das civilizacións grega e romana. Terán a oportunidade de descubrir como se foron desenvolvendo estes dous pobos dende o núcleo orixinal indoeuropeo ata que chegaron ao seu cénit e finalmente á súa decadencia.

**Bloque 3. MITOLOXÍA:**

*1. Mitos gregos romanos: deuses e heroes.*
*2. Relixión en Grecia e Roma.*

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos cales eran o sentido e os protagonistas principais das narracións míticas clásicas, así como a súa conservación na cultura contemporánea e a súa contribución á construción do imaxinario colectivo europeo. Tamén se fará unha análise das características elementais das relixións grega e romana, así como das súas semellanzas e diferenzas con algunhas relixións actuais.

**Bloque 4. ARTE:**

*1. A arte grega e romana: pervivencia dos modelos clásicos no mundo actual.*
*2 Arte grecolatina no noso país.*

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos cales eran as principais características do urbanismo nas cidades gregas e romanas, así como os trazos máis destacados das vías de comunicación romanas.

**Bloque 5. SOCIEDADE E VIDA COTIÁ:**

*1. Sistemas políticos:*
- *As poleis gregas: aristocracia e democracia.*
- *A República romana e o Imperio.*

*2. Principais grupos sociais.*
*3. A familia.*
*4. O traballo e o ocio: os oficios, a ciencia e a técnica.*
- *Festas e espectáculos.*

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos diferentes aspectos relacionados co día a día das persoas que vivían nas cidades gregas e romanas, atendendo a ámbitos tan variados como a educación, a familia, a sociedade, a política, etc. O tratamento destas cuestións permitirá identificar os trazos comúns e diferenciais entre as dúas civilizacións clásicas e tamén entre estas e a nosa realidade.

**Bloque 6. LINGUA E LITERATURA:**

*1. As orixes da escritura.*
*2. Orixes dos alfabetos.*
*3. Orixe común do grego e o latín: o indoeuropeo.*
*4. As linguas romances.*
*5. Pervivencia de elementos lingüísticos grecolatinos.*
*6. Literatura grecolatina: pervivencia nas literaturas actuais.*

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos a orixe das linguas clásicas, a relación de parentesco que hai entre as dúas e entre elas e moitas das que se falan na actualidade, e os principais avatares sufridos polo latín na súa evolución histórica. Prestaremos tamén atención especial ao importante papel que o latín e o grego xogaron na formación do léxico das linguas modernas. Non deixaremos de lado o estudo de diferentes sistemas e soportes de escritura, en especial daqueles que posibilitaron a conservación das obras clásicas.

**Bloque 7. PERVIVENCIA NA ACTUALIDADE:**

*1. Presenza da civilización clásica no mundo actual.*

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos todos os elementos da herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura en diversos ámbitos, co fin de que poidan ter ferramentas para identificar e valorar criticamente as contribucións de gregos e romanos

ao mundo occidental, respectando a diversidade das identidades culturais. O estudo da conservación do legado clásico na actualidade realizarase de xeito implícito en todos os bloques temáticos.

## 4.2 *Temporización*

Os tempos serán flexibles en función de cada actividade e das necesidades de cada alumno, que serán quen marquen o ritmo de aprendizaxe. Tendo en conta que o curso ten aproximadamente 30 semanas, e considerando que o tempo semanal asignado a esta materia é de 2 horas, sabemos que no curso haberá aproximadamente 60 sesións. Podemos, pois, facer unha estimación da repartición do tempo por unidade didáctica, tal e como se detalla a continuación:

| **UNIDADE DIDÁCTICA** | | **DURACIÓN APROXIMADA (/sesións)** |
|---|---|---|
| 1 | As nosas linguas de orixe | 5 |
| 2 | O marco histórico e xeográfico | 5 |
| 3 | Grecia | 5 |
| 4 | Roma | 5 |
| 5 | A cidade no mundo antigo | 5 |
| 6 | As etapas da vida | 5 |
| 7 | A vida cotiá | 5 |
| 8 | As crenzas relixiosas | 5 |
| 9 | Deporte e ocio | 5 |
| 10 | A creación artística | 5 |
| 11 | A creación literaria | 5 |
| 12 | Hispania, unha provincia romana | 5 |
| TOTAL | | **60 sesións** |

Os contidos de cada bloque serán distribuídos ao longo do curso atendendo á seguinte agrupación por trimestres:

**Primeira avaliación:**

1. As familias lingüísticas e o indoeuropeo.
2. O marco xeográfico da civilización grega.
3. O marco xeográfico da civilización romana.
4. O marco histórico da civilización grega: dende o indoeuropeo ata o mundo helenístico; a civilización minoica.
5. O marco histórico da civilización romana: dende o indoeuropeo ata a fin do Imperio Romano (etapas monárquica, republicana e imperial).
6. A romanización de Hispania e Gallaecia: o contraste entre os costumes romanos e os indíxenas.
7. As calzadas romanas.
8. Historia e evolución do latín: a orixe das linguas romances.
9. Historia dos sistemas de escritura: dende o pictograma ata o alfabeto; introdución o alfabeto grego e ao abecedario latino.

**Segunda avaliación:**

1. Principais regras de evolución fonética do latín o galego e o castelán. A etimoloxía. Helenismos, latinismos, palabras patrimoniais, semicultas e cultas.
2. Historia dos soportes de escritura: dende as covas paleolíticas ata os medios dixitais.
3. As cidades gregas e romanas: estrutura e obras de enxeñaría civil.
4. A sociedade e as clases sociais.
5. A familia.
6. A educación.
7. A vivenda.

**Terceira avaliación:**

1. A organización política en Grecia e Roma: as diferentes formas de goberno.
2. A relixión grega: características principais, culto privado e culto público.
3. A relixión romana: características principais, culto privado e culto público.
4. Os protagonistas dos mitos: deuses, heroes, homes e criaturas.
5. Principais mitos grecolatinos: o contraste entre a realidade (a historia) e a lenda.

6. Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

**<u>En todas as avaliacións</u>:**

1. Composición e derivación cultas de orixe grega e latina: lexemas, prefixos e sufixos.

2. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.

3. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.

4. A herdanza clásica no patrimonio monumental.

5. Os elementos da civilización grecolatina na organización política e social actuais.

6. Historia de Grecia e de Roma e a súa presenza no noso país.

7. A arqueoloxía e o valor artístico, cultural e documental dos restos. Gregos e romanos no noso contorno.

8. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.

# 5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro.

No perfil competencial da materia de 3º ESO que se ofrece a continuación inclúese unha correlación de obxectivos (Obx.), contidos e a súa temporización (Temp.: 1 → 1ª avaliación; 2 → 2ª avaliación; 3 → 3ª avaliación; T → todas as avaliacións), criterios, procedementos e instrumentos de avaliación (Proced. + Instrum.), estándares de aprendizaxe avaliables (e o seu peso en %), competencias clave (CC) e grao mínimo de logro.

| **Cultura Clásica. 3º de ESO** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| **Bloque 1. Xeografía** | | | | | | | | |
| ▪ f<br>▪ o | ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. | ▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana. | ▪ CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ 1 | ▪ 3 | Busca de información en internet, exercicios con mapas, resposta curta a preguntas, exames, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Localiza en mapas os lugares e accidentes máis relevantes en distintos períodos históricos da xeografía das civilizacións grega e romana. |
| ▪ f<br>▪ o | ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. | ▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. | ▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ 1 | ▪ 2 | Busca de información en internet, exercicios con mapas, resposta curta a preguntas, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Localiza en mapas e cita os elementos xeográficos que máis puideron contribuír o desenvolvemento das civilizacións grega e romana. |
| **Bloque 2. Historia** | | | | | | | | |
| ▪ e<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. | ▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana. | ▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ 1-3 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con eixes cronolóxicos, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, redaccións, proxección de fragmentos dun documental, control sobre a proxección, exames, intercambios orais co profesor e cos | ▪ Coñece os períodos principais na historia de Grecia e de Roma, así como os feitos máis importantes que tiveron lugar en cada un deles. |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| | ▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. | | | | | | compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | |
| ▪ f<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.<br>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. | ▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. | ▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ 1 | ▪ 3 | Coñece os períodos principais na historia de Grecia e de Roma, así como os feitos máis importantes que tiveron lugar en cada un deles. | ▪ Busca de información en internet, exercicios con eixes cronolóxicos, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, redaccións, proxección de fragmentos dun documental, control sobre a proxección, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. |
| | | | ▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 1 | ▪ 1 | Coñece os períodos principais na historia de Grecia e de Roma, así como os feitos máis importantes que tiveron lugar en cada un deles. | ▪ Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, |
| | | | ▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ 1-3 | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, resposta curta a preguntas, proxección de fragmentos dun documental, control sobre a proxección, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Coñece os períodos principais na historia de Grecia e de Roma, así como os feitos máis importantes que motivaron o cambio dun a outro. |
| | | | ▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ 1-3 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con eixes cronolóxicos, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Coñece os períodos principais na historia de Grecia e de Roma e sabe situalos nun eixe cronolóxico. |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.<br>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. | ▪ B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia. | ▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 1 | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, redaccións, proxección de fragmentos dun documental, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | Coñece e explica as etapas nas que se produciu a romanización de Hispania e Gallaecia, así como as causas que a motivaron. |
| | | | ▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 1 | ▪ 1 | ▪ Busca de información en internet, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, redaccións, proxección de fragmentos dun documental, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Coñece e explica os procesos fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia, e é quen de dar algún exemplo da súa influencia na historia posterior do noso país. |
| **Bloque 3. Mitoloxía** | | | | | | | | |
| ▪ b | ▪ B3.1. O panteón grego e romano. | ▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina. | ▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, redaccións, sopas de letras, encrucillados, traballos de investigación, elaboración de presentacións multimedia, exposicións, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Sabe o nome grego e latino dos principais protagonistas dos mitos clásicos, as características que os definen en diferentes aspectos e as relacións que hai entre eles. |
| ▪ e<br>▪ a<br>▪ b<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes. | ▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | ▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. | ▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ T | ▪ 1 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, sopas de letras, encrucillados, traballos de investigación, elaboración de presentacións multimedia, exposicións, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Recoñece os principais protagonistas dos mitos clásicos e comenta as características que os diferencian. |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| | | | ▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 3 | ▪ 1 | ▪ Busca de información en internet, lectura, análise e comentario de fragmentos literarios, resposta curta a preguntas, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Compara a presenza nas tradicións literaria ou relixiosa dos mitos grecolatinos e dos mitos propios doutras culturas, e cita algunha semellanza ou diferenza. |
| | | | ▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ T | ▪ 1 | ▪ Busca de información en internet, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Cita exemplos actuais de heroes que comparten características coa mitoloxía clásica, valorando a conservación da tradición grecolatina. |
| | | | ▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. | ▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ T | 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, comentarios de obras de arte (pintura, escultura, arquitectura...), traballos de investigación, elaboración de presentacións multimedia, exposicións, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Identifica en obras de arte de diferentes épocas os principais deuses, heroes, criaturas e temas da mitoloxía clásica. |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Relixión grega. | ▪ B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais. | ▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, poñéndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ 1 | ▪ | ▪ Enumera e explica as principais características da relixión grega, poñéndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica. |
| ▪ b | ▪ B3.4. Relixión romana: culto público e privado. | ▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial | ▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ 1 | ▪ | ▪ Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica algúns dos trazos que lles son propios. |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| | | das manifestacións do culto privado. | | | | | | |
| **Bloque 4. Arte** | | | | | | | | |
| ▪ l<br>▪ b | ▪ B4.1. Fundamentos da arte clásica. | ▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos. | ▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais. | ▪ CD<br>▪ CCEC | ▪ 3 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con planos, exercicios con mapas, exercicios con imaxes, resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Identifica as características básicas da arte clásica. |
| | | | ▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC | ▪ 3 | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con eixes cronolóxicos, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Sabe facer eixes cronolóxicos e poñer neles marcas correspondentes ós eventos máis destacados da arte clásica. |
| ▪ l | ▪ B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. | ▪ B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares. | ▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ 3 | ▪ 1 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, exercicios de relación, comentarios de obras de arte, sopas de letras, encrucillados, resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Recoñece as ordes arquitectónicas dos templos clásicos, así como a estrutura básica e os exemplos máis representativos dos gregos. |
| ▪ l | ▪ B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. | ▪ B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática. | ▪ CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ 3 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, exercicios de relación, comentarios de obras de arte, sopas de letras, encrucillados, resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas | ▪ Ten unhas nocións básicas da escultura grega: identifica as obras máis destacadas, sabe situalas na súa etapa histórica e comenta o que nos transmiten. |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. | ▪ B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria. | ▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, exercicios de relación, comentarios de obras de arte, sopas de letras, encrucillados, resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos | ▪ Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando a súa |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| | | | desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. | | | | compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas | influencia en modelos urbanísticos posteriores. |
| ▪ e<br>▪ ñ | ▪ B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico. | ▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo. | ▪ CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT | ▪ 3 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con mapas, exercicios con imaxes, exercicios de relación, sopas de letras, encrucillados, resposta curta a preguntas, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Coñece e sabe situar en mapas de España e Europa as mostras máis destacadas do patrimonio artístico e monumental da herdanza clásica. |
| **Bloque 5. Sociedade e vida cotiá** | | | | | | | | |
| ▪ a | ▪ B5.1. Organización política en Grecia e en Roma. | ▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas. | ▪ CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Cita as formas de goberno que se deron en Grecia e Roma e explica as institucións coas que cada unha delas contaba. |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. | ▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. | ▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 2 | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de artigos escollidos da *Constitución española* e doutros textos, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Explica os dereitos e deberes das diferentes clases sociais en Grecia e Roma. |
| | | | ▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 2 | ▪ 1 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de textos, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Explica os dereitos e deberes das diferentes clases sociais en Grecia e Roma. |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| ▪ c<br>▪ ñ | ▪ B5.3. A familia en Grecia e Roma. | ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | ▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 2 | ▪ 1 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de textos, sopas de letras, resposta curta a preguntas, redaccións, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Sabe e describe quen integraba a familia en Grecia e Roma e que función tiña cada persoa dentro dela. Compara o rol da muller na antigüidade co seu rol na actualidade. |
| ▪ m | ▪ B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. | ▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma. | ▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ 1 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de textos, exercicios de verdadeiro-falso, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Sabe citar cando menos unha característica da vestimenta, da alimentación, da hixiene, do matrimonio e dos ritos fúnebres (unha por ámbito) en relación co mundo grego, e cando menos outras cinco en relación co mundo romano. |
| | | | ▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ 1 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de textos, resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Recoñece os oficios máis habituais na Antigüidade clásica e reflexiona sobre eles. |
| ▪ d | ▪ B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma. | ▪ B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade. | ▪ CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 2 | ▪ 2 | Lectura e comentario de textos, resposta curta a preguntas, proxección de fragmentos dun documental, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Describe os xogos atléticos e os certames teatrais da Grecia clásica, e as actividades que os romanos levaban a cabo nos circos e anfiteatros. |
| ▪ ñ | ▪ B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. | ▪ B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais. | ▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 2 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, lectura e comentario de textos, resposta curta a preguntas, proxección de fragmentos dun documental, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Compara a función dos xogos atléticos na antiga Grecia coa dos Xogos Olímpicos na nosa realidade. |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| **Bloque 6. Lingua e literatura** | | | | | | | | |
| ▪ e | ▪ B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais. | ▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións. | ▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 1 | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, lectura e comentario de textos, resposta curta a preguntas, proxección de fragmentos dun documental, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Recoñece tipos de escritura e describe os trazos que os distinguen. |
| ▪ e | ▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano. | ▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade. | ▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 1 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, lectura e comentario de textos, resposta curta a preguntas, proxección de fragmentos dun documental, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Nomea e describe os trazos principais dalgúns dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras. |
| ▪ f | ▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano. | ▪ B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais. | ▪ CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 1ª | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Identifica en alfabetos actuais influencias dos alfabetos grego e latino. |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. | ▪ B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas. | ▪ CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ 1 | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de textos, exercicios con mapas, exercicios de relación, encrucillados, exercicios de resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Coñece os grupos lingüísticos máis importantes da familia indoeuropea e as linguas modernas de maior relevancia derivadas deles. Sitúa en mapas eses grupos e linguas. |
| | | | ▪ CCB6.4.2.Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ 1 | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, poñendo algúns exemplos desa evolución e parentesco. |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.4. As linguas romances. | ▪ B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa. | ▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CCA | ▪ 1 | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan |
| ▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina. | ▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas. | ▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | ▪ CCL<br>▪ CCA | ▪ T | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de textos, exercicios de definición de palabras, exercicios de relación, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Recoñece helenismos e latinismos moi frecuentes en diferentes linguas modernas e explica o seu significado. |
| | | | ▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes. | ▪ CCL<br>▪ CCA | ▪ T | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios de definición de palabras, exercicios de composición e descomposición de palabras, exercicios de relación, exercicios de resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Recoñece nas linguas modernas lexemas, prefixos e sufixos de orixe grecolatina, e comenta o seu significado. |
| ▪ e<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais. | ▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información. | ▪ CCA<br>▪ CCL | ▪ T | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Diferencia cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe. |
| | | | ▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. | ▪ CD<br>▪ CCL | ▪ T | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B6.7. Principais regras de evolución | ▪ B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en | ▪ CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos | ▪ CCL<br>▪ CCA | ▪ T | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, intercambios orais co profesor e | ▪ Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| ▪ ñ<br>▪ o | fonética do latín ao galego e ao castelán. | conta os fenómenos fonéticos. | derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos. | | | | cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos. |
| | | | ▪ CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | ▪ CCA<br>▪ CCL | ▪ T | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. |
| ▪ f | ▪ B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica. | ▪ B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina. | ▪ CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade. | ▪ CCL<br>▪ CCA | ▪ T | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de textos, exercicios de definición de palabras, exercicios con ocos para encher, exercicios de relación, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Utiliza con propiedade palabras das linguaxes científica e técnica de orixe grecolatina. |
| ▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. | ▪ B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas. | ▪ CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras. | ▪ CCL<br>▪ CCA | ▪ T | ▪ 1 | ▪ Lectura e comentario de textos, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Identifica nas linguas modernas a presenza de elementos léxicos de orixe grecolatina. |
| ▪ l | ▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. | ▪ B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior. | ▪ CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CCA | ▪ T | ▪ 3 | ▪ Lectura e comentario de textos e obras literarias, resposta curta a preguntas, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Coñece e describe as características da literatura grecolatina, así como as dos seus autores e obras principais. |
| ▪ l | ▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. | ▪ B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental. | ▪ CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ T | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de textos e obras literarias, controis sobre esas lecturas, exercicios de relación, resposta curta a preguntas, redaccións, traballos de investigación, exames, intercambios orais co profesor e cos | ▪ Cita os autores e obras máis salientables dos principais xéneros da literatura grecolatina. |

| Cultura Clásica. 3º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+ Instrum. | Grao mínimo |
| | | | | | | | compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | |
| **Bloque 7. Pervivencia na actualidade** | | | | | | | | |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B.7.1.Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. | ▪ B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política. | ▪ CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, lectura e comentario de textos, resposta curta a preguntas, redaccións, exames, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Apunta e comenta os aspectos máis salientables da civilización grecolatina que seguen a ter vixencia hoxe en día. |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. | ▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. | ▪ CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ T | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, exercicios con imaxes, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | Identifica en obras de arte contemporáneas os temas máis famosos da mitoloxía clásica |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. | ▪ B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da hª de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. | ▪ CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ T | ▪ 2 | ▪ Busca de información en internet, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas. | ▪ Cita tradicións do noso país herdadas de gregos ou latinos. |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura. | ▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación. | ▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura. | ▪ CD<br>▪ CAA | ▪ T | ▪ 3 | ▪ Busca de información en internet, resposta curta a preguntas, redaccións, traballos de investigación, elaboración de presentacións multimedia, intercambios orais co profesor e cos compañeiros, ficha persoal do alumno, observación e corrección nas respostas | ▪ Realiza coas TIC redaccións e traballos de investigación sobre a presenza de elementos fundamentais da civilización grecolatina na nosa realidade. |

# 6 METODOLOXÍA ESPECÍFICA

Na formulación da materia de Cultura Clásica destacan os seguintes aspectos desde o punto de vista didáctico:

### a) O enfoque básico: comprender a Antigüedad para entender o noso mundo

Coa Cultura Clásica preténdese que os alumnos e alumnas da ESO que opten por esta materia se introduzan no coñecemento do mundo clásico, constituído por todo o que formou as civilizacións grega e romana, desde o ámbito familiar e da vida cotiá até a creación artística e a regulación do goberno de Grecia e Roma.

A través do estudo de todo este mundo quérese conseguir que os alumnos comprendan mellor o seu propio mundo, a súa propia cultura (herdeira do mundo grecolatino), e melloren a súa capacidade de crítica ao discernir entre o que herdamos deles e o que avanzamos, non só a nivel técnico, senón tamén humano.

Un dos obxectivos clave nesta materia é que os alumnos comprendan como é o mundo no que viven, que causas provocaron que sexa así e que consecuencias se derivan de que sexa así. Tamén se tenta favorecer a empatía do alumnado con culturas e mentalidades distintas da propia, e a súa implicación persoal nos problemas que afectan o mundo actual.

### b) Preocupación polas estratexias de aprendizaxe

Non chega con ensinar coñecementos, senón que hai que conseguir que o alumno adquira un nivel adecuado de desenvolvemento das competencias clave, é dicir, que sexa capaz de utilizar o que sabe para expor estratexias e resolver problemas.

Nas actividades específicas da unidade axúdase aos alumnos a reflexionar sobre o propósito da aprendizaxe e a expor a forma de planificar, supervisar e avaliar o seu proceso de adquisición do coñecemento en contextos diversos: lectura de imaxes e mapas, interpretación de datos, comprensión de textos, etc. Nas actividades finais de cada unidade exponse a integración dos coñecementos adquiridos, así como o traballo das capacidades intelectuais de carácter xeral: definir, clasificar, comparar, sintetizar, explicar, analizar, valorar e argumentar.

Teranse en conta de maneira especial a consolidación do hábito de estudo, e a valoración positiva da responsabilidade e o esforzo continuado á hora de solucionar os retos que lle expoñan ao alumnado nas actividades, que serán tanto orais como escritas. Se dará así mesmo especial relevancia á corrección idiomática nas producións orais e escritas (xa sexa resultado dunha investigación acerca dun tema en

concreto, xa sexa creación propia do alumno), a pulcritude, a coherencia e a utilización de vocabulario adecuado.

O traballo en equipo e a aprendizaxe baseada en problemas (ABP) profundiza nas estratexias de aprendizaxe desde unha perspectiva competencial.

Utilizaranse varios métodos didácticos, mesturándoos:

- Interrogativo: preguntar frecuentemente aos alumnos conforme avanzamos no desenvolvemento de cada unidade. É unha boa forma de coñecer o punto de partida e animalos a participar.
- Inductivo: partindo da análise de fenómenos ou manifestacións particulares, chegamos á xeneralización.
- Deductivo: aplicar a fenómenos concretos proposicións de carácter xeral.
- Investigativo: propiciar procesos de procura e elaboración de informacións para favorecer a construción de novos coñecementos.
- Dialéctico: chegar a conclusións tras sucesivas fases de análises e sínteses entre todos.

### c) Agrupamentos de alumnos

Poderanse realizar diferentes variantes de agrupamentos, en función das necesidades que expoña a resposta á diversidade e necesidades dos alumnos, e á heteroxeneidade das actividades de ensino/aprendizaxe.

Así, partindo do agrupamento máis común (grupo-clase), e combinado co traballo individual, acudirase ao pequeno grupo cando se queira buscar o reforzo para os alumnos cun ritmo de aprendizaxe máis lenta ou a ampliación para aqueles que mostren un ritmo de aprendizaxe máis rápida; aos grupos flexibles cando así o requiran as actividades concretas ou cando se busque a constitución de equipos de traballo nos que o nivel de coñecemento dos seus membros sexa diferente, pero exista coincidencia en canto a intereses; ou á constitución de talleres, que darán resposta a diferentes motivacións. En calquera caso, cada profesor decidirá, á vista das peculiaridades e necesidades concretas dos seus alumnos, o tipo de agrupamento que considere máis operativo.

| MODALIDADE DE AGRUPAMENTO | NECESIDADES QUE COBRE |
| --- | --- |
| **Traballo individual** | • Actividades de reflexión persoal.<br>• Actividades de control e avaliación. |
| **Pequeno grupo (apoio)** | • Reforzo para alumnos con ritmo máis lento.<br>• Ampliación para alumnos con ritmo máis rápido.<br>• Traballos específicos. |
| **Agrupamento flexible** | Respostas puntuais a diferenzas en:<br>• Nivel de coñecementos.<br>• Ritmo de aprendizaxe.<br>• Intereses e motivacións. |
| **Obradoiros** | • Resposta puntual a diferenzas en intereses e motivacións, en función da natureza das actividades. |

Polo seu valor intrínseco no fomento da adquisición e o desenvolvemento de habilidades como a autonomía, a toma de decisións responsable e o traballo en equipo, é importante que se conformen **grupos de traballo heteroxéneos** para realizar **traballos cooperativos**. Antes de iniciar os traballos, é imprescindible que se proporcionen ao alumnado ferramentas que lle axuden a organizar o traballo de maneira autónoma e consensuada: distribuír roles en función das habilidades e intereses, establecer prazos, realizar propostas, debatelas despois dunha escoita activa utilizando argumentos, tomar decisións, acordar propostas, elixir os materiais necesarios e transformar as propostas en produtos concretos. Todo iso obrigará ao alumno a reflexionar sobre a súa propia aprendizaxe, fomentará a convivencia e potenciará unha das ferramentas máis potentes e produtivas para a aprendizaxe: o ensino entre iguais.

# 7 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

Os criterios de selección dos materiais docentes curriculares axustaranse a un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo antes proposto. De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais que axudan a avaliar a pertinencia da selección:

– Adecuación ao contexto educativo do centro.
– Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados da programación.
– Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos, presenza dos diferentes tipos de contido e inclusión de temas transversais.

- Acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada materia.
- Adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- Variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- Claridade e amenidad gráfica e expositiva.

Entre os recursos didácticos, o profesor poderá utilizar os seguintes:

- A explicación do profesor cando sexa estritamente necesaria; se non é imprescindible, mellor que os propios alumnos vaian progresando no autoaprendizaje.
- Anuarios, atlas e revistas especializadas.
- Documentais referentes ao mundo grego e romano.
- Prensa escrita (na que o alumnado poida apreciar a utilización de expresións latinas ou do mundo clásico para esclarecer aspectos da realidade actual).
- CD de música con textos en lingua latina (*Carmina Burana*, *Gaudeamus igitur*, *Adeste fideles*).
- Fotocopias de textos, gráficos, cadros, táboas, etc.
- Proxección e comentario de películas que se desenvolvan na antigüidade clásica: *Ágora*, *Gladiator*, *Golfus de Roma*, *Quo vadis?, Alejandro Magno,* etcétera.
- Proxección e comentario de películas de tema mitolóxico: *O vellocino de ouro*, *Olimpo*, etc.
- Uso de diapositivas de arte.
- Uso das fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos, autoevaluacións, etc., da plataforma educativa *Anaya Educación* (**https://www.anayaeducacion.es**), como ferramentas que permiten atender diferentes necesidades e con distintos fins:
    - Reforzar e consolidar os conceptos e aprendizaxes básicas.
    - Ampliar contidos e profundar neles.
    - Desenvolver os estándares máis procedimentales do currículo, como a escoita activa, a empatía, o debate, a través de tarefas competenciais próximas aos intereses dos alumnos.
    - Investigar sobre problemas reais asociados á materia de Cultura Clásica a través da Aprendizaxe Baseada en Problemas (PBL).
    - Activar estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios afíns á materia: buscar información, interpretar e relacionar datos, e reflexionar sobre o contido e a forma.

- Uso da plataforma educativa *Savia dixital* para a interacción profesor-alumno de maneira individualizada.
- Debate, como ferramenta que estimula o seu interese e capacidade de reflexionar, relacións, consolidar coñecementos, recapitular, ordenar, respectar opinións, e sacar conclusións.
- Bibliografía de consulta. Como bibliografía básica, proponse:
  - ALBERICH, J. *et al.*, *Griegos y romanos*, Alhambra, Madrid, 1988.
  - AA.VV., *Cultura Clásica*, Proyecto Talentia, Edebé, Barcelona, 2015.
  - FERRO RUIBAL, X. *et al.*, *De onte a hoxe. Latín II*, Xerais, Vigo, 1991.
  - PASTOR ARTIGUES, B., *Cultura Clásica 3º ESO*, Anaya, 2007.
- Uso habitual do TIC. Entre outras, recomendamos as seguintes direccións web:
  - http://librosvivos.net
  - http://www.secundaria.profes.net/
  - http://www.smconectados.com/
  - http://aprenderapensar.net/
  - http://www.olympic.org/
  - http://www.imperioromano.com/
  - http://www.culturaclasica.com/literatura/grecia/indice.htm
  - http://www.arteespana.com/artegriego.htm
  - http://www.profesorenlinea.cl/universalhistoria/3MUnidad_201.htm
  - http://rbme.patrimonionacional.es/
  - http://www.hispaniaromana.es/

Pola súa especial importancia, destacamos a **utilización habitual das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)**, como un elemento transversal de carácter instrumental que constitúe un recurso didáctico de excepcionais posibilidades. Neste eido tentarase aproveitar ao máximo os recursos dos que dispoñemos no centro. Así, as ferramentas principais para o desenvolvemento do labor docente/discente serán o PC, o proxector e a PDI. Tamén se poderá facer uso da aula de informática para realizar traballos de investigación na Web.

Por outra banda, como método de referencia para o presente curso recoméndase seguir preferentemente o da Editorial Anaya. A maiores, o profesor fará entrega de fotocopias de actividades de reforzo e/ou ampliación amais de subir periodicamente ao correspondente sitio web do Departamento de Latín material complementario ás clases presenciais.

Finalmente, e en función da temática que se estea a tratar en cada momento e das necesidades do alumno, programarase a lectura de material bibliográfico e/ou visionado de películas e/ou documentais de contido vario relacionado coa civilización grecorromana.

# LATÍN IV

## 1 INTRODUCIÓN XERAL Á ÁREA DE LATÍN

A materia de latín, presente no currículo de cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais complementarios entre si e unidos polo seu carácter de achegas substanciais do que se coñece como herdanza clásica.

Todas as linguas da Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo.

A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexo e está na orixe do amplo grupo das linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual. O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

A lingua latina é unha das máis importante achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estructura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden. Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexo unificador.

Ademais, a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creacións literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e do progreso de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas.

A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

De acordo con estes principios, os contidos da materia distribúense en catro bloques. Os tres primeiros, O sistema da lingua latina, A historia e evolución da lingua latina e A formación das palabras, poñen o acento en contidos propiamente lingüísticos e gardan una relación coherente entre eles, contribuíndo, non só a un coñecemento do latín, senón a un uso máis preciso da propia lingua e ao adecuado entendemento da terminoloxía culta, científica e técnica. O bloque 4 Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico, trata os aspectos máis relevantes da sociedade romana e pon o acento na continuidade do mundo clásico que ofrece o mundo contemporáneo, na análise comparativa dos seus correspondentes antecedentes clásicos e na valoración crítica dos aspectos de continuidade, evolución e cambio.

A distribución dos contidos nestes catro bloques implica un tratamento específico e equilibrado del e obriga a situalos nun contexto xeral en que os diversos elementos atopen unha explicación relacionada e coherente.

A funcionalidade e a utilidade dos coñecementos básicos sobre a lingua latina e a cultura clásica en diversos contextos de aprendizaxe guiará o tratamento dos contidos e a selección de obxectivos. Por esta razón, tentarase que o latín, na medida que sirva para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das capacidades e competencias propostos para esta etapa, asente os fundamentos para o estudo, se é o caso, das humanidades ou as ciencias sociais.

# 2 OBXECTIVOS

## 2.1 *Xerais da etapa*

Vid. *supra* o apartado 2.2.1 (*Obxectivos xerais de etapa*), páx. 48, dentro da materia de Cultura Clásica e en relación coa Educación Secundaria Obrigatoria.

## 2.2 *Concretos da materia*

Como obxectivos concretos da materia Latín en cuarto de ESO este Departamento fixa os seguintes:

a) Comprender textos latinos en contextos onde o sentido se poida deducir con facilidade.

b) Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.

c) Desenvolver hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.

d) Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.

e) Coñecer a orixe e a evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.

f) Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar expresións latinas e palabras patrimoniais, cultas e semicultas en diferentes contextos lingüísticos.

g) Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.

h) Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.

i) Coñecer os aspectos máis relevantes da cultura e a civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio artístico, monumental, cultural e institucional.

# 3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na materia de Latín incidirase, de maneira sistemática, no adestramento de todas as competencias facendo resalte nos descritores máis afíns á materia.[3]

a) **Competencia en comunicación lingüística** (CCL → 31,6%)

A competencia en comunicación lingüística debemos vinculala coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. Ao desenvolvemento da mesma, a materia de Latín contribúe de forma especial e significativa desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos e as alumnas que cursaron a materia adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, todo iso desde unha mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e creación de distintos tipos de mensaxes.

Por tanto, destacamos os descritores seguintes:

1) Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
2) Manter unha actitude favorable cara á lectura.
3) Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
4) Utilizar o vocabulario adecuado, as estructuras lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticales para elaborar textos escritos e orais.
5) Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor…
6) Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
7) Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.
8) Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
9) Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

[3] Vid. *supra* nota 1, páx. 51.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCT)

A contribución da materia de Latín a esta competencia céntrase especialmente en desenvolver aspectos esenciais da formación do alumnado, como son:

1) Interactuar coa contorna natural de maneira respectuosa.
2) Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
3) Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso ao redor e responder preguntas.
4) Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
5) Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
6) Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
7) Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

**c) Competencia dixital** (CD → 13,7%)

Na materia de Latín, a contribución á competencia dixital é inherente á aprendizaxe da mesma, por canto o emprego das tecnoloxías dixitais convértese nun instrumento imprescindible no proceso de ensino-aprendizaxe da materia. Todo iso coa premisa da súa utilización creativa e crítica.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

1) Empregar distintas fontes para a procura de información.
2) Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
3) Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
4) Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
5) Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**d) Competencia aprender a aprender** (CAA → 21,4%)

A materia de Latín debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos e as alumnas a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando ao alumnado na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo senta protagonista da súa aprendizaxe.

Traballaremos os seguintes descritores de maneira prioritaria:

1) Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas…
2) Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

3) Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
4) Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
5) Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
6) Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

**e) Competencias sociais e cívicas** (CSC → 10,2%)

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade romana supoñen unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E iso é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Roma ofrece ao alumnado. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

1) Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
2) Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
3) Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
4) Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
5) Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

**f) Sentido da iniciativa e espírito emprendedor** (CSIEE → 4,3%)

Habemos ter en conta que esta competencia implica basicamente a capacidade que ten o alumnado para transformar as súas ideas en actos. Ao desenvolvemento do proceso que implica esa transformación contribúe a materia de Latín mediante:

1) Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
2) Ser constante no traballo, superando as dificultades.
3) Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
4) Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
5) Priorizar a consecución de obxectivos grupales sobre os intereses persoais.
6) Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
7) Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.

8) Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
9) Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

**g) Conciencia e expresións culturais** (CCEC → 10,2%)

O coñecemento e achegamento á sociedade, á cultura, á literatura, ao pensamento e ás manifestacións artísticas da Roma antiga contribúe de maneira especial ao desenvolvemento desta competencia.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

1) Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica…), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
2) Valorar a interculturalidad como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
3) Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
4) Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

# 4 CONTIDOS: DESGLOSE DE BLOQUES E TEMPORIZACIÓN

## 4.1 *Relación de contidos por bloques*

No Latín de 4º de ESO os contidos divídense en sete bloques, referidos tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, xa que estes dous aspectos constitúen facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización latina e a comprensión da importancia do seu legado. Os sete bloques de contidos son os seguintes:

**Bloque 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES:**

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos cal foi a orixe, o desenvolvemento e o desenlace da lingua latina dende o núcleo orixinal indoeuropeo ata a actualidade, facendo fincapé no proceso de aparición e evolución das linguas romances, e na marcada influencia do latín nelas. Con este obxectivo prestarase atención especial ao estudo da conservación de elementos lingüísticos latinos nas linguas del derivadas e á análise dos procesos de evolución fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica. Aproveitarase para introducir tamén o tema do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.

**Bloque 2. ELEMENTOS BÁSICOS DO SISTEMA DA LINGUA LATINA:**

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos diferentes cuestións relacionadas co alfabeto latino. Aproveitarase tamén para facer un estudo de distintos sistemas de escritura que existiron ao longo da historia.

**Bloque 3. MORFOLOXÍA:**

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos os constituíntes das palabras e os mecanismos de flexión empregados pola lingua latina, os cales permiten que se establezan relacións entre diferentes elementos da oración.

**Bloque 4. SINTAXE:**

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos as funcións propias de cada caso, as estruturas oracionais e os elementos que definen as construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade.

**Bloque 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN:**

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos os feitos máis salientables na historia de Roma e os aspectos característicos da súa organización política e social, da súa vida cotiá e da súa mitoloxía, aspectos todos eles que contribuíron a forxar a identidade cultural dos romanos e a configurar o imaxinario occidental. As cuestións tratadas neste apartado serán estudadas sempre tendo en consideración a nosa realidade, o que permitirá establecer comparacións e contrastes coa tradición latina e comprobar o enriquecemento cultural experimentado pola civilización occidental a partir dela.

**Bloque 6. TEXTOS:**

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que os textos latinos antigos son unha ferramenta útil para estudar a lingua latina no seu contexto real e indispensable para preparar esta materia. Saber analizar, comprender, traducir e comentar un texto permitiralles afondar nos seus coñecementos lingüísticos e culturais, xa que a unión entre lingua, literatura e contidos (neste caso relacionados coa civilización romana) é indisoluble. Como resulta evidente, os textos estarán adaptados cando sexa preciso e presentarán un grao de dificultade progresivo, paralelo ao avance na morfoloxía e a sintaxe.

**Bloque 7. LÉXICO**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que o dominio dun vocabulario mínimo resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Prestarase atención á etimoloxía, especialidade lingüística que permite poñer de manifesto a conservación das raíces latinas nas linguas modernas e axuda a mellorar a competencia na lingua propia, xa que permite precisar o significado de palabras xa coñecidas ou inferir o das descoñecidas. Tratarase tamén a cuestión da composición e a derivación cultas, para analizar varios lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega e latina de alta produtividade na creación de léxico. Xunto con estes elementos estudaranse tamén unha serie de locucións latinas de uso actual, non só co obxectivo de coñecer o seu significado, senón tamén co de empregalas nun contexto adecuado.

### 4.2 *Temporización*

- **<u>Primeira avaliación</u>.**

**UNIDADE 1:**

- **A historia da lingua latina:** Coñecemento da orixe e as principais fases da historia da lingua latina.

- **O alfabeto latino:** Coñecemento dos distintos tipos de escritura, do alfabeto latino, da súa pronunciación e das súas principais normas fonéticas. Identificación do parentesco lingüístico entre diferentes linguas europeas.

- **A lingua latina nas linguas actuais:** Coñecemento do concepto de evolución nas linguas, dos conceptos de palabra patrimonial, cultismo e semicultismo, de composición e derivación e do concepto de latinismo.

- **Textos: «A transmisión do alfabeto ata Roma» (Tácito, *Anais* XI, 14); «Xúpiter revélalle a Venus o futuro de Roma».**

**UNIDADE 2:**

- **A situación de Roma e a súa fundación:** Situación xeográfica e histórica de Roma en Italia. Coñecemento da lenda da súa fundación.

- **As palabras latinas: Substantivos da primeira declinación.** Definición e clasificación do léxico estudado e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.

**- Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente:** Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados (*a posteriori, a priori, anta meridiem, post meridiem*)

**- A historia das palabras: Estudo da evolución fonética do latín: perda de -*m* final e apócope de -*e* final:** Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.

**- A forma das palabras: Principais prefixos de orixe latina:** Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os prefixos de orixe latina estudados (*cum, ante, in, e/ex, circum, inter, prae, sub, super, trans*)

**- As palabras: As clases de palabras. Palabras variables e invariables. As partes da palabra. O xénero, o número e o caso:** Distinción das palabras variables e invariables. Identificación das partes que compoñen unha palabra. Recoñecemento das categorías gramaticais que afectan a nomes latinos.

**- Os casos latinos: Os casos e as declinacións en latín:** Identificación das cinco declinacións latinas e recoñecemento dos seus casos.

**- A primeira declinación latina:** Identificación e enunciado das palabras da 1ª declinación.

**- A tradución:** Tradución correcta (directa e inversa) de oracións sinxelas.

**- Textos: «Un lugar privilexiado» (Tito Livio, *Ab urbe condita* V, 54); «Roma e as súas provincias».**

**UNIDADE 3:**

**- Historia de Roma:** Recoñecemento do marco histórico de Roma e dos seus principais períodos.

**- As palabras latinas: Substantivos da segunda declinación e adxectivos 2-1-2:** Identificación, definición e clasificación do léxico da 2ª declinación e dos adxectivos 2-1-2 estudados na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.

**- Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente:** Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados (*curriculum vitae, post data, ítem, viceversa, ultimátum*)

**- A historia das palabras: Estudo da evolución fonética do latín. Regras -o final átono e s- inicial ante consoante:** Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.

**- A forma das palabras: Sufixos de orixe latina:** Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os sufixos de orixe latina estudados (*-mentum, -arium, alem, -osum, - acem, - tricem, - tudinem, - orium, - ilem, - orem, -bilem*)

**- A segunda declinación: Substantivos:** Identificación das palabras da segunda declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da segunda declinación.

**- Os adxectivos 2-1-2:** Identificación dos adxectivos 2-1-2 latinos, da súa morfoloxía e das súas funcións na oración. Enunciado de adxectivos 2-1-2.

**- A tradución:** Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na concordancia.

**- Textos: «As conquistas de Augusto» (Suetonio, *Vidas dos doce césares* II, 21); «Augusto».**

- **Segunda avaliación.**

**UNIDADE 4:**

**- Roma en Hispania.** Recoñecemento dos principais aspectos da romanización de Hispania: a conquista, a organización política, social e económica resultante, e a súa pegada artística.

**- As palabras latinas: Verbos:** Definición e clasificación do léxico estudado e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés

**- Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente:** Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados (*grosso modo, ídem, de incógnito*)

**- A historia das palabras**: Estudo da evolución fonética dos ditongos latinos *au*, *ae* e *oe* e oclusivas xordas latinas intervocálicas. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.

**- A forma das palabras: lexemas de orixe latina:** Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os principais lexemas de orixe latina estudado (*audio, cida / cidio, -cultor / cultura, -fero, -fico, -voro, ferr-, bene, equi, -forme, male-, -mente, multi-, omni-, socio, vice-*)

**- As conxugacións latinas:** Identificación das conxugacións latinas a través do seu enunciado

**- O presente de indicativo:** Identificación da morfoloxía do presente de indicativo activo, do tema de presente, as desinencias persoais e o seu uso.

- **As preposicións de lugar:** Recoñecemento das principais preposicións de lugar (dirección, situación e procedencia), os seus significados e o seu emprego.

- **A tradución:** Aplicación dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e nas preposicións de lugar.

- **Textos: «As provincias de Hispania» (Plinio, *Historia Natural* III, 6); «Viriato».**

**UNIDADE 5:**

- **A sociedade romana.** Coñecemento da organización social de Roma, das súas clases sociais e das súas principais características.

- **As palabras latinas: Substantivos da terceira declinación:** Definición e clasificación de substantivos da 3. ª declinación estudados e identificación da súa relación con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.

- **Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente:** Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados (*in fraganti, in situ, in vitro*)

- **A historia das palabras: A evolución fonética. Consoantes xeminadas e grupos -*ll*- e -*nn*-:** Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas

- **A forma das palabras: prefixos de orixe grega:** Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os prefixos de orixe grega estudados (*sin-, para-, ana-, anfi- cata-, dis-, epi-, meta-, a/an-, anti-, dia-, en-, hemi-, hiper-, hipo-, peri-*)

- **A terceira declinación: temas en consoante:** Identificación das palabras da terceira declinación temas en consoante, das súas desinencias e das súas funcións na oración.

- **O imperfecto de indicativo activo:** Identificación da morfoloxía do imperfecto de indicativo activo e o seu uso

- **As oracións compostas: coordinadas:** Distinción dos tipos de oracións e recoñecemento das principais oracións coordinadas e os seus nexos

- **A tradución:** Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas

**- Textos: «Somos escravos, pero homes» (Séneca, *Cartas morais a Lucilio* XLVII); «Patricios e plebeos».**

**UNIDADE 6:**

**- A política romana:** Coñecemento das principais maxistraturas romanas, do senado e das asembleas como base da organización política de Roma.

**- As palabras latinas: Substantivos da terceira declinación:** Definición e clasificación do léxico de substantivos da 3. ª declinación estudado na unidade e identificación da súa relación con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés

**- Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente:** Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados (*lapsus, maremágnum, referéndum*)

**- A historia das palabras: Estudo da evolución fonética do latín. Oclusivas sonoras intervocálicas e grupos -*ns*- e -*gn*-:** Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.

**- A forma das palabras: Sufixos de orixe grega:** Identificación e coñecemento no léxico da propia lingua do significado que achegan os sufixos de orixe grega estudados (*oma, ico, ismo, ista, itis, oide, sis, terio*)

**- A terceira declinación: Temas en –*i*:** Identificación das palabras temas en -*i* da 3. ª declinación.

**- Os adxectivos da terceira declinación:** Identificación dos adxectivos da terceira declinación latinos, da súa morfoloxía e das súas funcións na oración. Enunciado de adxectivos.

**- O futuro imperfecto activo:** Identificación da morfoloxía do futuro imperfecto activo e o seu uso.

**- A tradución:** Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos e sintácticos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas.

**- Textos: «Unha campaña electoral» (Q. T. Cicerón, *Breviario de campaña electoral* 5253); «Dous censores: Apio Claudio e Catón».**

**UNIDADE 7:**

**- O exército:** Coñecemento da organización do exército romano en canto á súa composición, graduación, regulamento, retribucións e estratexia.

**- As palabras latinas: Substantivos da cuarta e quinta declinación:** Definición e clasificación de substantivos da 4. ª e 5. ª declinación estudados e identificación da súa relación con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.

**- Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente**: Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados (*accésit, déficit, per cápita, superávit*)

**- A historia das palabras: Estudo da evolución fonética do latín: o breve tónico latino e e breve tónico latina:** Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.

**- A forma das palabras: lexemas de orixe grega:** Identificación e coñecemento do significado dos lexemas de orixe grega no léxico da propia lingua (*antropo, bio, crono, log(o), metro, micro, mon(o), poli, tele, teo, termo, zoo*)

**- A cuarta e quinta declinación:** Identificación das palabras da 4. ª e a 5. ª declinación.

**- O enunciado do verbo. Os temas verbais:** Coñecemento do enunciado do verbo latino e identificación dos temas de presente e perfecto nel.

**- O pretérito perfecto de indicativo activo:** Identificación da morfoloxía do pretérito perfecto de indicativo activo e o seu uso.

**- A tradución:** Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar

**- Textos: «Estaban desexosos de gloria» (Salustio, *A conxuración de Catilina* VII); «Horacio Cocles, un heroe romano».**

- **<u>Terceira avaliación</u>.**

**UNIDADE 8:**

**- A relixión en Roma:** Coñecemento das características da relixión romana, dos seus cultos e divindades.

**- As palabras latinas: Substantivos, adxectivos e verbos latinos de frecuencia:** Identificación, definición e clasificación do léxico latino de frecuencia estudado na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.

**- Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente:** Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados (*quórum, R.I.P.*)

**- A historia das palabras: Estudo da evolución fonética do latín. Vocais átonas postónicas e f- inicial latino ante vocal.** Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.

**- A forma das palabras: O vocabulario da ciencia e da técnica: a natureza, a materia e a forma:** Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os principais lexemas estudados (*talas(o), anemo, hidro, helio, fisio, hipo, icto, ornito, piro, lito, sidero, ciclio, gonio*)

**- Os pronomes demostrativos:** Identificación dos pronomes demostrativos (forma, significado e funcións).

**- Os pronomes persoais:** Identificación dos pronomes persoais (forma, significado e funcións).

**- O pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo:** Identificación da morfoloxía do pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo e o seu uso.

**- A tradución:** Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas.

**- Textos: «O Edicto de Milán» (Lactancio, *Sobre as mortes dos perseguidores* 48); «os deuses romanos».**

**UNIDADE 9:**

- **A familia e a educación:** Identificación dos principais tipos de matrimonio romano e as súas características, da infancia e educación dos nenos e mozos romanos. Comparación co matrimonio e a educación na sociedade moderna.
- **As palabras latinas: Substantivos, adxectivos e verbos latinos de frecuencia:** Definición e clasificación do léxico latino de frecuencia estudado e identificación da súa relación con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.

**- Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente:** Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados (*ad hoc, addenda, alias, ipso facto*).

**- A historia das palabras**: Estudo da evolución fonética do latín. Grupos iniciais latinos *cl*, *fl*-, *pl*- e grupo intermedio -*ct*-: Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.

- **A forma das palabras: O vocabulario da ciencia e da técnica: o corpo humano e os números:**

Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os principais lexemas estudados (*somato, cefalo, oto, oftalmo, estomat, cardio, orteo, dactilo, quiro, podo; tetra, penta, hexa, hepta, octo, enea, deca, kilo*)

- **As formas de subxuntivo:** Coñecemento da formación do presente, imperfecto, perfecto e pluscuamperfecto de subxuntivo latinos.

- **Os valores do subxuntivo:** Identificación dos valores do subxuntivo e aplicación destes na súa tradución

- **Os cardinais un, dous e tres:** Coñecemento da morfoloxía dos cardinais *unus -a -um, duo duas duo* e *tres tria*

- **A tradución:** Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos e sintácticos na tradución, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal do subxuntivo.

- **Textos: «Consellos para o mestre» (Quintiliano, *A instrución do orador* II, 2); «Lucrecia»**

**UNIDADE 10:**

- **O ocio:** Coñecemento das principais manifestacións de ocio na sociedade romana e comparación destas coas manifestacións de ocio actuais.

- **As palabras latinas: Substantivos e verbos latinos de frecuencia:** Definición e clasificación do léxico latino de frecuencia estudado e identificación da súa relación con termos da propia lingua, de linguas romances ou do inglés.

- **Con palabras latinas: Estudo de latinismos de uso frecuente:** Definición e emprego correcto na propia lingua dos latinismos estudados (*hábitat, modus vivendi, status*)

- **A historia das palabras: Estudo da evolución fonética do latín. Grupos latinos -*cul*- e -*li*-:** Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.

- **A forma das palabras: O vocabulario da ciencia e da técnica: a sociedade, percepción e sentimentos:** Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os principais lexemas estudados (*andro, xin, xeronto, demo, etno, poli, filo, fobia, miso, hipno, psiqu, foni*)

- **O infinitivo:** Recoñecemento da morfoloxía do infinitivo presente e perfecto activos e das súas funcións e aplicación correcta na tradución de textos

- **Os valores dos casos:** Identificación dos valores principais dos casos e aplicación destes na súa tradución

- **A tradución:** Aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos e sintácticos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfosintaxe do infinitivo e das funcións dos casos

- **Textos: «Séneca presencia un espectáculo de gladiadores» (Séneca, *Cartas morais a Lucilio* 7, 35 2); «Diversos xogos celebrados por Nerón».**

# 5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro.

No perfil competencial da materia de Latín 4º ESO que se ofrece a continuación inclúese unha correlación de obxectivos (Obx.), contidos e a súa temporización (Temp.: 1 → 1ª avaliación; 2 → 2ª avaliación; 3 → 3ª avaliación; T → todas as avaliacións), criterios, procedementos e instrumentos de avaliación (Proced. + Instrum.), estándares de aprendizaxe avaliables (e o seu peso en %), competencias clave (CC) e grao mínimo de logro.

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| **Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances** | | | | | | | | |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. | ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. | ▪ LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | ▪ sitúa nun mapa a orixe da civilización romana, a extensión máxima que ocupou en tempos do emperador Traxano, as principais provincias e cidades do imperio, as batallas máis transcendentes na historia do Imperio Romano, as mostras máis destacadas do patrimonio monumental romano e o espazo actualmente ocupado polas linguas romances. |
| ▪ e<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. | ▪ LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | ▪ explica que é o indoeuropeo, sabe situar nun mapa o xerme do latín e das principais ramas lingüísticas do indoeuropeo (o grego e as linguas celtas, eslavas, xermánicas, indo- iranias e anatolias), coloca nun mapa a zona de influencia das linguas europeas actuais máis importantes e remóntaas ás súas ramas orixinarias correspondentes. |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | | ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. | ▪ LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | |

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. | ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. | ▪ LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | ▪ coñece cales son as linguas faladas en España, sabe cales son romances e cales non, e é quen de situar nun mapa as zonas onde se falan. |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | ▪ recoñece diversos graos de evolución nas palabras a partir do seu étimo latino e sabe distinguir unha palabra culta dunha patrimonial. |
| ▪ b<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. | ▪ LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 1 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | ▪ aplica a étimos latinos as regras de evolución fonética máis importantes das vogais, as consoantes e os grupos consonánticos para obter palabras cultas e patrimoniais actuais. |
| **Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos** | | | | | | | | |
| ▪ e | ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | ▪ LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. | ▪ CD<br>▪ CCEC | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ é quen de darlle nome ós sistemas de escritura máis empregados no mundo e de sinalar algún trazo característico deles. |
| ▪ e | ▪ B2.2. Orixes do alfabeto latino. | ▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa. | ▪ LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. | ▪ CAA<br>▪ CD | ▪ 1 | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece as modificacións básicas experimentadas polo alfabeto latino, especialmente durante a Idade Media, para acabar dando lugar ós alfabetos do castelán e o galego. |

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| ▪ h | ▪ B2.3. Pronuncia do latín. | ▪ B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín. | ▪ LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | ▪ CCL | ▪ T | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ le con soltura e fluidez textos latinos empregando a pronuncia clásica ou *restituta*. |
| **Bloque 3. Morfoloxía** | | | | | | | | |
| ▪ b | ▪ B3.1. Formantes das palabras. | ▪ B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras. | ▪ LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | ▪ CMCCT ▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ coñece o funcionamento dos temas verbais latinos e sabe analizar morfoloxicamente os tipos de palabras recollidos nos estándares 3.4, 3.5, 3.8 e 3.10, para identificar neles morfemas, desinencias e outros elementos implicados nos procedementos de declinación e conxugación da lingua latina. |
| ▪ e | ▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. | ▪ B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras. | ▪ LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | ▪ CAA ▪ CCL | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ clasifica as palabras segundo a súa natureza morfolóxica e coñece as categorías gramaticais segundo as cales as palabras cambian de forma. |
| ▪ e ▪ b | ▪ B3.3. Concepto de declinación e conxugación. | ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. | ▪ LAB3.3.1. Define os conceptos de declinación e conxugación. | ▪ CAA ▪ CCL | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ sabe en que consisten os conceptos de declinación e conxugación, e coñece as categorías gramaticais relacionadas con cada un deles. |
| ▪ b ▪ e | ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. | ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | ▪ LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. | ▪ CD ▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ recoñece a partir do seu enunciado substantivos, adxectivos e pronomes, e clasifícaos segundo a declinación e o tema ós que pertenzan. |

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| | | | ▪ LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ sabe declinar substantivos da primeira, a segunda e a terceira declinación, e facer concordar con eles adxectivos de primeira e segunda clase e determinantes posesivos e demostrativos. |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. | ▪ LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ sabe identificar a que conxugación pertence un verbo a partir do seu enunciado. |
| | | | ▪ LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece as formas que compoñen o enunciado dos verbos e a partir destas sabe a que conxugación pertencen os verbos. |
| ▪ e<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto. | ▪ LAB3.6.1. Identifica e conxuga correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece que tema verbal se debe empregar para conxugar os diferentes tempos do modo indicativo no sistema verbal latino; sabe conxugar todos os tempos verbais latinos do modo indicativo (tanto os do tema de presente como os do tema de perfecto) na voz activa e os tempos verbais presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto do modo indicativo na voz pasiva. |
| | | | ▪ LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. | ▪ CD<br>▪ CCL | ▪ 3 | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | ▪ é quen de cambiar de voz as formas verbais dos tempos presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto do modo indicativo. |

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| | | | | | | | INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | |
| | | | ▪ LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ sabe formar, identificar e clasificar o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. |
| | | | ▪ LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. | ▪ CCL | ▪ T | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ traduce á súa lingua vernácula as formas verbais recollidas nos estándares<br>3.8 e 3.10. |
| **Bloque 4. Sintaxe** | | | | | | | | |
| ▪ f | ▪ B4.1. Elementos da oración. | ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | ▪ LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | ▪ CMCCT | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ fai a análise morfolóxica de frases e textos sinxelos e aclara a función sintáctica de cada palabra. |
| ▪ h | ▪ B4.2. Casos latinos. | ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. | ▪ LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece o nome dos casos latinos e as funcións básicas que desempeña cada un deles. |
| | | | ▪ LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CCL | ▪ T | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ a partir dos textos latinos sabe verter á súa lingua de uso habitual as funcións básicas de cada caso latino. |

| **Latín. 4º de ESO** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| ▪ e | ▪ B4.3. Concordancia. | ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. | ▪ LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CCL | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ recoñece as regras de concordancia entre os diferentes elementos dunha oración latina e é quen de poñelas en práctica en exercicios variados. |
| ▪ b | ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. | ▪ LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. | ▪ CMCCT<br>▪ CCA<br>▪ CCL | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ recoñece os diferentes tipos de oracións simples e xustifica as súas repostas. |
| ▪ e | ▪ B4.5. Oración composta: oracións coordinadas. | ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas. | ▪ LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferénciaas das oracións simples. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 1-3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ diferencia unha oración simple dunha composta e clasifica as oracións compostas coordinadas nos seus diferentes tipos argumentado a súa escolla. |
| ▪ h | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes. | ▪ B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes. | ▪ LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízaas e tradúceas correctamente. | ▪ CCL | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo nas súas funcións de suxeito e obxecto directo, e a construción absoluta do participio de perfecto. |
| **Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización** | | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ e<br>▪ ñ | ▪ B5.1. Períodos da historia de Roma. | ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período | ▪ LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ 1-3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece os feitos históricos máis salientables acontecidos en cada etapa da historia de Roma, así como aqueles que marcan a transición dunha etapa a outra. |

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| | | correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ 1-3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | |
| | | | ▪ LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 1-3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | ▪ elabora eixes cronolóxicos nos que introduce os feitos históricos máis relevantes relacionados coa historia de Roma e do seu imperio. |
| | | | ▪ LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 1-3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | ▪ explica algúns dos principais feitos históricos da civilización latina analizando as súas causas e as súas consecuencias. |
| ▪ a<br>▪ ñ | ▪ B5.2. Organización política e social de Roma. | ▪ B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. | ▪ LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva | ▪ explica as características básicas das formas de goberno que estiveron vixentes na antiga Roma nos diferentes períodos da súa historia e as institucións máis importantes propias de cada unha delas. |
| | | | ▪ LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva | ▪ coñece as clases sociais existentes na antiga Roma e as características básicas de cada unha delas. |

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| ▪ c<br>▪ ñ | ▪ B5.3. A familia romana. | ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | ▪ LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 2 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva | ▪ sabe e describe quen integraba a familia en Roma e que función tiña cada persoa dentro dela. Compara o rol da muller na antigüidade co seu rol na actualidade. |
| ▪ l<br>▪ n | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. | ▪ LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD | ▪ 3 | 3 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva | ▪ cita o nome grego e o latino dos deuses olímpicos e dos heroes máis famosos, e indica as súas esferas de influencia e os seus atributos; coñece a xenealoxía dalgúns destes personaxes. |
| ▪ n<br>▪ ñ | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | ▪ LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | ▪ identifica en elementos da nosa cultura a presenza de personaxes e temas da mitoloxía clásica, aporta os seus propios exemplos e sinala as semellanzas e as principais diferenzas no tratamento deste material na Antigüidade e na actualidade. |
| ▪ m | ▪ B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria. | ▪ B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos. | ▪ LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ 2-3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva | ▪ coñece os tipos principais de vivendas empregadas polos romanos e as súas características básicas; sabe citar cando menos unha característica da alimentación, da vestimenta, da hixiene persoal e do coidado do aspecto (unha por ámbito) en relación co mundo romano. |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ ñ | ▪ B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro. | ▪ B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. | ▪ LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ 2 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. | ▪ coñece o tipo de actividades que se celebraban nos circos, anfiteatros e teatros romanos, e cita exemplos singulares e representativos deste tipo de edificios conservados en |

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| | | | mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. | ▪ CCEC | | | INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva | lugares que antigamente pertenceron ao imperio romano. |
| **Bloque 6. Textos** | | | | | | | | |
| ▪ h | ▪ B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. | ▪ B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. | ▪ LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 3 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva | ▪ sabe traducir á súa lingua materna textos de dificultade progresiva despois de facer unha correcta análise morfolóxica e sintáctica deles. |
| ▪ d<br>▪ o | ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva | ▪ deduce o tema ou o significado xenérico de diferentes textos a partir da interpretación das súas palabras clave, e é quen de recoñecer na súa lingua de uso habitual estruturas morfolóxicas e sintácticas propias da lingua latina. |
| ▪ h | ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. | ▪ B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. | ▪ LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | ▪ mostra un desempeño axeitado no manexo do dicionario ou dun vocabulario facilitado, especialmente á hora de escoller a acepción máis axeitada para traducir un texto dado. |
| ▪ l<br>▪ f | ▪ B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | ▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos. | ▪ LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | ▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | ▪ mostra unha destreza mínima no comentario de textos dende a perspectiva cultural. |

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| | | | ▪ LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | ▪ é quen de analizar un texto e de identificar o seu tema principal e as partes en que se divide. |
| ▪ b | ▪ B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina. | ▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. | ▪ LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | ▪ CCL | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | ▪ escribe frases sinxelas en latín relacionadas cun tema concreto. |
| ▪ g | ▪ B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina. | ▪ B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. | ▪ LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | ▪ CCL | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | ▪ é quen de reproducir oralmente palabras ou frases curtas en latín relacionadas cun tema determinado. |
| **Bloque 7. Léxico** | | | | | | | | |
| ▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. | ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. | ▪ LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | ▪ deduce o significado de palabras latinas descoñecidas a partir da súa propia lingua ou do contexto. |
| | | | ▪ LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | ▪ CD<br>▪ CAA | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ coñece o significado de vinte elementos de léxico latinos (lexemas, prefixos e sufixos) de entre os de maior frecuencia nas oracións e textos. |

| Latín. 4º de ESO | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp. | Peso | Proced.+Instrum. Avaliac. | Grao mínimo |
| ▪ b<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. | ▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. | ▪ LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ explica o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe latina e identifica a súa presenza en termos da lingua propia. |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. | ▪ B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. | ▪ LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | ▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ deduce o significado de palabras da súa lingua habitual a partir dos seus étimos latinos. |
| ▪ e<br>▪ b | ▪ B7.3. Locucións latinas de uso actual. | ▪ B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. | ▪ LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece o significado de cinco locucións latinas de uso actual e sabe empregalas nun contexto axeitado na súa lingua de uso habitual. |

# 6 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

Os manuais recomendados serán os libros de texto do mesmo título (*Latín 4º de ESO*) de Navarro González, J.L. e Rodríguez Jiménez, J.M., da editorial Anaya e o de Pingarrón Seco, Elena, da editorial Almadraba. Os contidos dos temas veñen organizados en **contidos culturais, contidos léxicos** e **contidos lingüísticos** e rematan con actividades para traballar as competencias básicas e unha revisión do estudiado nesa unidade con actividades de autoavaliación.

O profesor facilitará ao alumno todo o material didáctico que lle pareza axeitado para ampliar, reforzar ou ilustrar un determinado tema. Este material pode ser moi variado: mapas, esquemas, ilustracións, DVD, diapositivas…

O alumno, pola súa parte, poderá empregar os recursos bibliográficos que o instituto dispón na súa biblioteca. Sería conveniente ter en conta dicionarios galegos e casteláns amais de dicionarios etimolóxicos.

Utilizarase Internet e as novas tecnoloxías (procesador de textos, navegador Web, presentacións, batería de imaxes do mundo clásico) sempre que sexa posible. A rede dispón de páxinas de cultura clásica moi interesantes. O uso das TIC será, pois, un factor determinante para a motivación dos alumnos, porque melloran as aprendizaxes e facilitan as adaptacións aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Por todo iso, pretendemos que estas tecnoloxías estean cada vez máis presentes na aprendizaxe desta materia, en tres vertentes:

- **Na aula**: utilización dun canón de proxección, que nos permite apoiar a nosa explicación ou completar os exercicios propostos con imaxes, mapas, esquemas, etc. A este efecto, desde o curso pasado o departamento impulsou a plataforma Moodle como elemento enriquecedor e vehículo de comunicación entre alumno e profesor. Tamén se poderán proxectar películas e documentais
- **Na aula de informática**: baixo a supervisión do profesor, os alumnos poderán buscar información e realizar actividades interactivas coas páxinas Web que nos proporciona a rede.
- **Na casa**: partindo da base de que hoxe en día a gran maioría do alumnado ten acceso a Internet, proporanse traballos que demanden do alumno unha procura con sentido crítico de información, e a posterior selección desa información para a elaboración dos traballos.

# LATÍN I

## 1 INTRODUCIÓN

A presenza do Latín no Bacharelato achega á formación dos alumnos o coñecemento das bases lingüística, histórica e cultural da civilización occidental. É por isto polo que resulta de gran interese na configuración do currículo de cantos alumnos opten por unha primeira profundización ou especialización dos seus estudos nos campos das humanidades, as ciencias sociais ou a lingüística. Xunto co Grego, o Latín constitúe un apoio dificilmente sustituible para a aprendizaxe das modernas linguas romances, entre as que se atopan algunhas das faladas polos alumnos e no seu entorno. Un obxectivo a acadar será a motivación dos alumnos por recuperar os valores humanísticos e científicos emanados da Antigüidade. Mediante a reflexión sobre a lingua latina e a súa influencia sobre a lingua ou linguas propias e tamén mediante o descubrimento da relación entre a cultura e a sociedade latinas e as occidentais actuais preténdese que os estudiantes sintan interese por recuperar aqueles valores humanísticos e científicos procedentes da Antigüidade que, en moitas ocasións, se viron relegados a un segundo plano nas sociedades actuais. Tendo moi en conta esta importancia da lingua e a cultura latinas, a interdisciplinaridade con materias como *Lingua e Literatura, Lingua Estranxeira, Historia, Tecnoloxía, Filosofía e Bioloxía e Xeoloxía* será un dos aspectos a ter moi en conta.

Os contidos vanse organizar en tres núcleos, atendendo ás características da lingua latina, á evolución da lingua latina ás linguas romances, centrada nas empregadas na nosa comunidade, eaolegado histórico e cultural de Roma. Por outra banda,aoinicio do curso, mediante unha serie de cuestionarios e consulta do PEC, elaborarase o perfil do alumnado segundo criterios psicopedagóxicos (nivel de instrucción, grao de madurez...), condicións socioculturais, datos académicos (asignaturas optativas elixidas, coñecementos previos sobre a materia...), etc. Destes elementos farase un diagnóstico que servirá de fundamento para a pertinente adecuación da programación ao alumnado.

# 2 OBXECTIVOS

## 2.1 *Xerais do bacharelato*

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.

o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 2.2 *Xerais da área de latín*

A área de Latín nos dous cursos do Bacharelato procurará desenvolver nos alumnos as capacidades enunciadas nos seguintes obxectivos de carácter xeral. Con eles preténdese non só que os alumnos aprendan latín, senón tamén que sexan máis conscientes das raíces históricas das súas linguas e culturas habituais:

a) Iniciarse na lectura, comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.

b) Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín e influídas por el.

c) Achegarse mediante unha lectura comprensiva a textos latinos diversos, orixinais e/ou traducidos, e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario a o que pertencen.

d) Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a interpretación desta.

e) Buscar en documentos, inscricións, textos e outras fontes información sobre aspectos relevantes da civilización romana, analizalos criticamente e constatar a súa conservación ao longo da historia.

f) Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor da cultura.

g) Valorar as contribucións do mundo romano como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

### 2.3 *Específicos da materia de latín*

No contexto que vimos de describir na introdución e no apartado anterior, a área de Latín nos dous cursos do Bacharelato procurará desenvolver nos alumnos as capacidades enunciadas nos seguintes obxectivos de carácter xeral. Con eles preténdese non só que os alumnos aprendan latín, senón tamén que sexan máis conscientes das raíces históricas das súas linguas e culturas habituais:

a) Iniciarse na lectura, comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
b) Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín e influídas por el.
c) Achegarse mediante unha lectura comprensiva a textos latinos diversos, orixinais e/ou traducidos, e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
d) Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e apreciaos como clave para a interpretación desta.
e) Buscar en documentos, inscricións, textos e outras fontes información sobre aspectos relevantes da civilización romana, analizalos criticamente e constatar a súa conservación ao longo da historia

# 3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Os ámbitos de competencias básicas identificados son os seguintes:[4]

#### a) **Comunicación lingüística** (CCL → 33,1%)

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

[4] Vid. *supra* nota 1, páx. 51.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCCT → 11,5%)

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

**c) Competencia dixital** (CD → 11,5%)

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

**d) Competencia para aprender a aprender** (CAA → 17,3%)

A medida principal para favorecer o desenvolvemento desta competencia será a posta en práctica na aula dunha estratexia metodolóxica motivacional, grazas á cal o alumno se poida sentir protagonista do seu propio proceso de formación e interesado en seguir aprendendo. Tentarase conseguir isto a través das seguintes actividades: todos os temas de cultura comezarán coa lectura e o comentario dun texto, despois dos cales haberá un coloquio no que os alumnos poderán debater as súas ideas e compartir os seus coñecementos ao respecto co profesor e o resto de compañeiros; as referencias constantes á nosa realidade e ás nosas linguas, e á presenza nelas de elementos herdados da civilización romana permitirán vincular ese legado a situacións cotiás para eles (lingüísticas e extralingüísticas); as exposicións orais faranos sentir verdadeiros docentes, xa que deberán expoñerlles ós seus compañeiros contidos non traballados na aula e responder ás súas preguntas; os exercicios de busca de información sobre cuestións non explicadas esixiranlles autonomía e iniciativa para realizalos e organizar a súa propia estratexia, algo ao que tamén os levará o comentario de textos a partir dos coñecementos xa adquiridos; o labor de análise morfosintáctica e tradución non só constituirá por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que tamén estimulará a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento; a evolución de palabras do latín ao castelán e o galego, a descomposición de palabras nos seus formantes e a busca doutras con eses compoñentes en linguas diferentes, así como a dedución do contido global dos textos favorecerán a capacidade de abstracción. Todas estas son vías que procurarán espertar no alumnado a curiosidade e o interese por seguir aprendendo.

Outro factor que na nosa opinión pode contribuír a mellorar a motivación do alumnado é deixarlle tomar parte no proceso de avaliación. Ao remate de cada trimestre seralles entregada unha enquisa, coa cal poderán valorar a materia e a práctica do profesor, pero tamén as súas habilidades en aspectos como a elaboración de esquemas e resumos, a busca e o tratamento de información, a destreza para falar en público, etc. Isto permitiranos modificar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, se é necesario, e axudar ós alumnos a autorregularse naqueles aspectos en que o precisen, co fin de que poidan modificar o seu método de traballo para obter mellores resultados.

Por outra banda, consideramos importante tamén impulsar a cooperación en parellas e grupos, xa que deste xeito o alumnado pode observar como se desenvolven outras persoas da súa mesma condición e perfeccionar o seu propio proceso de aprendizaxe incorporando mecanismos empregados por compañeiros que considere válidos.

e) **Competencias sociais e cívicas** (CSC → 11,5%)

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

f) **Competencia para o sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (CSIEE → 3,6%)

Contribuirán a esta competencia tanto as actividades prácticas que se levarán a cabo como os contidos teóricos da materia. Os debates, os comentarios de textos e as exposicións orais individuais ofreceranlles ós alumnos a posibilidade de comunicar ante un público, de valorar as opinións dos compañeiros, de analizar preguntas, de planificar respostas e de defender as ideas propias, todo isto en tempo real, o cal lles axudará a gañar confianza en si mesmos. Os traballos en parellas e grupos permitiranlles desenvolver capacidades como a de organización, a de distribución de tarefas, a de liderado e delegación, a de toma de decisións e a de pensamento crítico. O interese na materia e o esforzo posto en superala serán factores que se terán en conta á hora da avaliación da materia e que, polo tanto, reforzarán esta competencia.

Dende o punto de vista dos contidos o estudo das clases sociais en Roma, da súa evolución ao longo dos séculos e dos traballos que desempeñaba cada unha daralle ao alumnado unha idea sobre: os oficios e as profesións na antigüidade, as posibilidades de sobrevivir autonomamente, as condicións

nas que se realizaba e se accedía ao traballo, os dereitos dos empregados, quen era "a patronal", etc. O contraste coa nosa realidade axudaralle a adquirir un coñecemento elemental da organización xeral do mundo social e laboral na actualidade.

g) **Competencia para a conciencia e expresións culturais** (CCEC → 11,5%)

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

Pola súa mesma natureza as competencias básicas teñen un carácter transversal; xa que logo, cada unha delas alcánzase a partir do traballo nas diferentes materias da etapa.

# 4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN

## 4.1 *Relación de contidos por bloques*

Os contidos da materia están deseñados de maneira secuencial e graduada, e organizados por bloques que, con lixeiros matices, repítense en todos os cursos. A transversalidade de todos eles é a que vertebra a secuenciación dos diversos contidos do currículo. Estes son os **BLOQUES**:

No **PRIMEIRO BLOQUE** aparecen os contidos transversais que impregnan a metodoloxía da materia e que fan referencia á creación de contextos comunicativos específicos, a utilización do TIC nas aulas, a xestión ou planificación de proxectos e tarefas, tan importantes na programación competencial, as técnicas de aprendizaxe cooperativa ou á toma de decisións persoais ou académicas.

O **SEGUNDO BLOQUE**, de marcado carácter introductorio, está dedicado ao latín como orixe das linguas romances, ao seu marco xeográfico e ao sistema da lingua latina, facendo fincapé na pronuncia do alfabeto latino e na pervivencia de elementos lingüísticos latinos na lingua propia.

Os **DOUS BLOQUES SEGUINTES** dedícanse ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos, a morfoloxía e a sintaxe, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar ao alumnado no concepto de flexión e no estudo das estructuras oracionales latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade.

O **SEGUINTE BLOQUE** é o relacionado co estudo da civilización latina, centrado nos seus aspectos históricos, sociais, políticos, relixiosos e artísticos. Especial relevo ten o estudo da mitoloxía, cuxa influencia foi decisiva na creación do imaxinario literario e artístico occidental.

En **TODOS OS NIVEIS** dedícase **UN BLOQUE AOS TEXTOS**. Na aula traballaranse tanto a interpretación e tradución textuais como a creación de textos e facilitaranse ao alumnado contextos comunicativos en os que poida crear mensaxes orais e escritas en lingua latina en os que se ejemplifiquen os contidos lingüísticos estudados.

Por **ÚLTIMO** dedícase un **BLOQUE** ao estudo do **LÉXICO**, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque pon de manifesto a pervivencia das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda ao alumnado a adquirir unha maior comprensión da súa propia lingua.

### 4.2 *Temporización*

**<u>Primeira avaliación</u>**

a) As orixes do latín. O indoeuropeo. Latín culto e latín vulgar.
   a) O alfabeto latino. Clasificación dos sons. A acentuación.
   b) Clases de palabras. Sistema nominal e sistema verbal.
   c) Sinopse da evolución do latín ás linguas romances de España.
b) Lengua Flexiva.
   a) Concepto.
   b) Funcións dos casos.
   c) A 1ª e a 2ª declinación.
   d) Adxectivos de 3 terminacións (3 T)
   e) Presente de indicativo do verbo sum e 1ª conxugación.
   f) Concordancia adxectivo-substantivo e suxeito-verbo.
c) Flexión verbal.
   a) O enunciado dos verbos.
   b) 1ª conxugación.
   c) O Verbo SVM.
d) Clases de oracións: A Coordinación.
e) Períodos da historia de Roma. A Monarquía. Roma: entre a lenda e a historia.

f) Conquista e romanización de Hispania e da Gallaecia.
g) Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.
h) A terceira declinación: Temas en consoante, en -i e mixtos.
i) LECTURAS.

**Segunda avaliación**

1) Adxectivos de 2 e 1 terminacións (2 T / 1 T). Gradación do Adxectivo.
2) Flexión verbal: 2ª, 3ª e 4ª conxugacións. Complementos de Lugar.
3) Cuarta e Quinta declinación. Os números romanos.
4) A República romana. Organización política e social de Roma. O Calendario.
5) O Exército.
6) Pronomes: Demostrativos, persoais, fóricos.
7) Subordinación adxectiva. QVI,QVAE, QVOD.
8) LECTURAS.

**Terceira avaliación**

1) Conxuncións Subordinantes Polivalentes.
2) Adxectivos de 2 e 1 terminacións (2 T / 1 T).
3) A voz pasiva: Formación. Oración pasiva. Conversións.
4) Subordinación Substantiva.
5) O Imperio romano e a súa decadencia. Obras públicas e urbanismo. Arte romana.
6) A Relixión romana. Mito e Supersticións. Influencias orientais.
7) Subordinación adverbial.
8) Expresións latinas. O latín e a tradición clásica.
9) Textos latinos adaptados.
10) LECTURAS.

# 5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro.

No perfil competencial da materia de Latín 1º bacharelato que se ofrece a continuación inclúese unha correlación de obxectivos (Obx.), contidos e a súa temporización (Temp: 1 → 1ª avaliación; 2 → 2ª avaliación; 3 → 3ª avaliación; T → todas as avaliacións), criterios, procedementos e instrumentos de avaliación (Proced. + Instrum.), estándares de aprendizaxe avaliables (e o seu peso en %), competencias clave (CC) e grao mínimo de logro.

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| **Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances** | | | | | | | | |
| ▪ I<br>▪ p | ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. | ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. | ▪ LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT | ▪ 1 | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | ▪ sitúa nun mapa a orixe da lingua latina, a extensión máxima que ocupou en tempos do emperador Traxano, as principais provincias e cidades do imperio, as batallas máis transcendentes na historia do Imperio Romano, as mostras máis destacadas do patrimonio monumental romano e o espazo actualmente ocupado polas linguas romances. |
| ▪ g | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día. | ▪ LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | ▪ CD<br>▪ CAA | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ explica que é o indoeuropeo, sabe situar nun mapa o xerme do latín e das principais ramas lingüísticas do indoeuropeo (o grego e as linguas celtas, eslavas, xermánicas, indo-iranias e anatolias), coloca nun mapa a zona de influencia das linguas europeas actuais máis importantes e remóntaas ás súas ramas orixinarias correspondentes. |
| ▪ n | | ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. | ▪ LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| | | | clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | | | | INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | |
| ▪ n<br>▪ p | ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. | ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características. | ▪ LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | ▪ coñece os trazos esenciais que definen as linguas romances como tales e sabe situar nun mapa as faladas en España e en Europa. |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ p<br>▪ h | ▪ B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ sabe cales son as diferentes etapas na historia da lingua latina e recoñece diversos graos de evolución nas palabras a partir do seu étimo latino. |
| | | | ▪ LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos. | ▪ CCL | ▪ T | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ explica a partir de varios étimos latinos as diferenzas de significado entre as palabras cultas e as patrimoniais derivadas deles. |
| | | | ▪ LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ identifica latinismos empregados hoxe en día en diferentes ámbitos. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| ▪ d<br>▪ p<br>▪ n | ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos. | ▪ LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ aplica a étimos latinos as regras de evolución fonética máis importantes das vogais, as consoantes e os grupos consonánticos para obter palabras cultas e patrimoniais actuais. |
| **Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos** | | | | | | | | |
| ▪ g | ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | ▪ B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | ▪ LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros. | ▪ CD<br>▪ CCEC | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ é quen de darlle nome ós sistemas de escritura máis empregados no mundo e de sinalar algún trazo característico deles. |
| ▪ g | ▪ B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino. | ▪ B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica. | ▪ LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ : aclara a relevancia dos procesos de transferencia directa, adaptación e innovación na asunción do alfabeto grego por parte dos latinos. |
| ▪ g | ▪ B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino. | ▪ B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas. | ▪ LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece as modificacións básicas experimentadas polo alfabeto latino, especialmente durante a Idade Media, para acabar dando lugar ós alfabetos do castelán e o galego. |
| ▪ e | ▪ B2.3. Pronuncia do latín: tipos. | ▪ B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en | ▪ LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e | ▪ CCL | ▪ T | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | ▪ le con soltura e fluidez textos latinos empregando a pronuncia clásica ou restituta. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| | | latín e distinguir os seus tipos. | reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia. | | | | INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | |
| **Bloque 3. Morfoloxía** | | | | | | | | |
| ▪ d | ▪ B3.1. Formantes das palabras. | ▪ B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | ▪ LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ coñece o funcionamento dos temas verbais latinos e sabe analizar morfoloxicamente os tipos de palabras recollidos nos estándares 3.4, 3.5, 3.8 e 3.11, para identificar neles morfemas, desinencias e outros elementos implicados nos procedementos de declinación e conxugación da lingua latina. |
| ▪ g | ▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. | ▪ B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado. | ▪ LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ clasifica as palabras segundo a súa natureza morfolóxica e coñece as categorías gramaticais segundo as cales as palabras cambian de forma. |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.3. Concepto de declinación e conxugación. | ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. | ▪ LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ diferencia claramente os procedementos de declinación dos procedementos de conxugación e sabe a que tipos de palabras se deben aplicar uns e outros. |
| ▪ g<br>▪ d | ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. | ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | ▪ LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación. | ▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ recoñece a partir do seu enunciado substantivos, adxectivos e pronomes, e clasifícaos segundo a declinación e o tema ós que pertenzan; sabe declinar substantivos das cinco declinacións, incluíndo as palabras irregulares; sabe declinar todos os tipos de adxectivos de primeira e segunda clase nos diferentes graos; sabe declinar os pronomes |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| | | | | | | | | persoais, os posesivos, todos os demostrativos, os enfáticos, o fórico is, ea, id, os principais indefinidos e os relativos. |
| | | | ▪ LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | ▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ sabe declinar substantivos das cinco declinacións (incluíndo as palabras irregulares) e facer concordar con eles adxectivos (de primeira e segunda clase nos diferentes graos) e determinantes (posesivos, demostrativos e relativos). |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. | ▪ LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ sabe identificar a que conxugación pertence un verbo a partir do seu enunciado. |
| | | | ▪ LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. | ▪ CCL | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece as formas que compoñen o enunciado dos verbos e a partir destas sabe a que conxugación pertencen os verbos. |
| | | | ▪ LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. | ▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ sabe conxugar todos os tempos verbais dos modos indicativo e subxuntivo nas voces activa e pasiva dos verbos regulares das catro conxugacións, dos principais verbos irregulares, do verbo sum e dos seus compostos. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| ▪ l<br>▪ d | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva. | ▪ LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ sabe qué tempos verbais e que formas nominais se constrúen a partir dos diferentes temas dos verbos. |
| | | | ▪ LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. | ▪ CD<br>▪ CCL | ▪ 2-3 | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ é quen de cambiar de voz as formas verbais recollidas no estándar 3.8. |
| ▪ g | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha. | ▪ LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2-3 | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ sabe formar, identificar e clasificar participios e infinitivos, tendo sempre en conta o seu tempo. |
| ▪ e<br>▪ d<br>▪ p | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais. | ▪ LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ traduce á súa lingua vernácula as formas verbais recollidas nos estándares 3.8 e 3.11. |
| **Bloque 4. Sintaxe** | | | | | | | | |
| ▪ i | ▪ B4.1. Elementos da oración. | ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | ▪ LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de | ▪ fai a análise morfolóxica de frases e textos sinxelos e aclara a función sintáctica de cada palabra. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| | | | flexión e explicando as funcións que realizan na oración. | | | | exercicios e problemas. Proba obxectiva | |
| ▪ e | ▪ B4.2. Casos latinos. | ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. | ▪ LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ coñece o nome dos casos latinos e as funcións básicas que desempeña cada caso, e é quen de dar un exemplo de cada unha delas. |
| ▪ g | ▪ B4.3. Concordancia. | ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. | ▪ LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CCL | ▪ T | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ recoñece as regras de concordancia entre os diferentes elementos dunha oración e é quen de poñelas en práctica en exercicios variados. |
| ▪ d | ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. | ▪ LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 1-2 | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas | ▪ recoñece os diferentes tipos de oracións simples e xustifica as súas repostas. |
| ▪ g | ▪ B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación. | ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas. | ▪ LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ diferencia unha oración simple dunha composta e clasifica as oracións compostas nos seus diferentes tipos argumentado a súa escolla. |
| ▪ e | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio. | ▪ B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas | ▪ LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2-3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | ▪ coñece a sintaxe elemental do infinitivo e do participio. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| | | oracións: infinitivo e participio. | | | | | INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | |
| ▪ e | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio. | ▪ B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes. | ▪ LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece. | ▪ CCL | ▪ 2-3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ recoñece as construcións concertada e non concertada do infinitivo e o participio, e a absoluta do participio, e sabe traducir todas elas. |
| **Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización** | | | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B5.1. Períodos da historia de Roma. | ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ coñece os distintos períodos nos que se divide a historia de Roma dende a comunidade indoeuropea ata a caída do Imperio Romano de Occidente (etapas inicial, monárquica, republicana e imperial). |
| | | | ▪ LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ 1 | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece os feitos históricos máis salientables acontecidos en cada etapa da historia de Roma, así como aqueles que marcan a transición dunha etapa a outra. |
| | | | ▪ LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e | |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| | | | | | | | problemas. Proba obxectiva | |
| | | | ▪ LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información | ▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ elabora eixes cronolóxicos nos que introduce os feitos históricos máis relevantes relacionados coa historia de Roma e do seu imperio. |
| | | | ▪ LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ explica os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina. |
| ▪ h<br>▪ a<br>▪ p | ▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia. | ▪ B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEE | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece as fases nas que se produciu a romanización de Hispania e Gallaecia, e explica os feitos históricos máis relevantes acontecidos en cada unha delas. |
| | | | ▪ LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ 1 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | |
| ▪ n<br>▪ p | ▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia. | ▪ B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos. | ▪ LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e | ▪ coñece no ámbito das antigas Hispania e Gallaecia os restos arqueolóxicas máis salientables da romanización e sabe situalos nun mapa. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| | | | | | | | problemas. Proba obxectiva | |
| ▪ a<br>▪ c | ▪ B5.3. Organización política e social de Roma. | ▪ B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual. | ▪ LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ 1 | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ explica as características esenciais das formas de goberno que estiveron vixentes na antiga Roma nos diferentes períodos da súa historia e as institucións máis importantes propias de cada unha delas. |
| | | | ▪ LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais. | ▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 1 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece as clases sociais existentes na antiga Roma e as características básicas de cada unha delas, e explica a evolución destas ao longo dos diferentes períodos da historia de Roma. |
| ▪ n | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. | ▪ B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. | ▪ LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses. | ▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ cita o nome grego e o latino dos deuses olímpicos e dos heroes máis famosos, e indica as súas esferas de influencia e os seus atributos; coñece a xenealoxía dalgúns destes personaxes. |
| | | | ▪ LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros. | ▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ 3 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e | ▪ identifica a partir de imaxes ou textos os deuses olímpicos e os heroes máis famosos, e explica que características permiten diferencialos. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| | | | | | | | problemas. Proba obxectiva | |
| ▪ n<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. | ▪ B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | ▪ LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 3 | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ identifica en elementos da nosa cultura a presenza de personaxes e temas da mitoloxía clásica, aporta os seus propios exemplos e sinala as semellanzas e as principais diferenzas no tratamento deste material na antigüidade e na actualidade |
| | | | ▪ LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influenza na arte e na literatura posterior a través de exemplos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | |
| ▪ n | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. | ▪ B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios. | ▪ LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ 2-3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece as características e as manifestacións elementais dos actos de culto público e de culto privado na antiga Roma, e as dos ritos funerarios romanos. |
| ▪ n | ▪ B5.5. Arte romana. | ▪ B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes. | ▪ LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada. | ▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ coñece as principais obras escultóricas e pictóricas romanas e os seus artistas, e comenta as súas características básicas. |
| ▪ i<br>▪ d | ▪ B5.6. Obras públicas e urbanismo. | ▪ B5.9. Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do | ▪ LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con | ▪ CD<br>▪ CSC | ▪ 2 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | ▪ coñece a estrutura dunha cidade romana e as obras de enxeñaría civil coas que adoitaba |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| ▪ p | | urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa. | exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. | ▪ CMCCT C | | | INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | contar, aporta exemplos destes elementos e comenta as súas características principais. |
| | | | ▪ LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ 2 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ localiza en España e en Europa as mostras máis destacadas das obras de enxeñaría civil romana que se conservan hoxe en día íntegra ou parcialmente. |
| ▪ a | ▪ B5.7. O exército. | ▪ B5.10. Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución. | ▪ LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ 2 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ coñece as unidades básicas que integraban o exército romano e explica o seu funcionamento, tendo en consideración a súa evolución ao longo da historia. |
| **Bloque 6. Textos** | | | | | | | | |
| ▪ e | ▪ B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica. | ▪ B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva. | ▪ LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ T | 1,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ sabe traducir á súa lingua materna textos de dificultade progresiva despois de facer unha correcta análise morfolóxica e sintáctica deles. |
| ▪ d<br>▪ p | ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ deduce o tema ou o significado xenérico de diferentes textos a partir da interpretación das súas palabras clave, e é quen de recoñecer na súa lingua de uso habitual estruturas morfolóxicas e sintácticas propias da lingua latina. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| ▪ d<br>▪ i | ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. | ▪ B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. | ▪ LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ mostra un desempeño axeitado no manexo do dicionario ou dun vocabulario facilitado. |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B6.4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.<br>▪ B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia. | ▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | ▪ LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ mostra unha destreza mínima no comentario de textos dende a perspectiva cultural ou lingüística. |
| | | | ▪ LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ é quen de analizar un texto e de identificar o seu tema principal e as partes en que se divide. |
| ▪ i | ▪ B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina. | ▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. | ▪ LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | ▪ CCL | ▪ 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ escribe frases sinxelas en latín relacionadas cun tema concreto. |
| ▪ i | ▪ B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina. | ▪ B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. | ▪ LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | ▪ CCL | ▪ 3 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ é quen de reproducir oralmente palabras ou frases curtas en latín relacionadas cun tema determinado. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| **Bloque 7. Léxico** | | | | | | | | |
| ▪ e | ▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. | ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. | ▪ LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ deduce o significado de palabras latinas descoñecidas a partir da súa propia lingua, doutras que coñece ou do contexto. |
| | | | ▪ LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | ▪ CD<br>▪ CCL | ▪ T | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ coñece o significado de cincuenta elementos de léxico latinos (lexemas, prefixos e sufixos) de entre os de maior frecuencia nas oracións e textos. |
| ▪ d<br>▪ p | ▪ B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos. | ▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. | ▪ LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ T | 1 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | ▪ explica o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe latina e identifica a súa presenza en termos da lingua propia. |
| ▪ d<br>▪ p | ▪ B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos. | ▪ B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances. | ▪ LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos. | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ deduce o significado de palabras da súa lingua habitual a partir dos seus étimos latinos. |

| Latín 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CC** | **Temp** | **Peso** | **Procedem+Instrum** | **Grao mínimo** |
| ▪ e<br>▪ p | ▪ B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos. | ▪ B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes. | ▪ LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | ▪ CCL | ▪ T | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | |
| | | | ▪ LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ T | 0,5 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | ▪ establece relacións entre distintas palabras da mesma familia semántica ou léxica. |
| ▪ g<br>▪ e | ▪ B7.4. Locucións latinas de uso actual. | ▪ B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. | ▪ LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua. | ▪ CCL | ▪ 3 | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | ▪ coñece o significado de dez locucións latinas de uso actual e sabe empregalas nun contexto axeitado na súa lingua de uso habitual |

# 6 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

a) **Material bibliográfico:** diccionarios de mitos, de lingua galega e española, etimolóxicos; enciclopedias temáticas e libros de divulgación sobre Roma; mapas do mundo clásico e do mundo actual; historietas e libros de relatos; fotocopias de textos latinos seleccionados, amais das relacionadas coa gramática.

b) **Recursos informáticos**

1) Instrumentos físicos**:** ordenador, proxector de vídeo, Pizarra Dixital Interactiva**.**
2) Sitio web creado ex professo polo Departamento de Latín.
3) RECURSOS EN INTERNET
   - Tipos de exercicios**:** asociación de imaxes e frases, sinalar se as frases presentadas son verdadeiras ou falsas; preguntas contrarreloxio; ordenación de letras para formar termos relativos a un tema, puzzles, confección de mapas por pezas, situar nun mapa restos arqueolóxicos, xogo do aforcado, xogos sobre mitoloxía, identificación das partes dun edificio público con material gráfico, exercicios de *hot potatoes* (encher ocos, revoltallo de letras, encrucillado), caza do tesouro, webquest…
   - Páxinas da web seleccionadas:
     - http://www.culturaclasica.net
     - http://www.culturaclasica.com
     - http://alerce.pntic.mec.es/~rmarti41
     - http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_comun/eshome.php
     - http://www.supercable.es/~jaimemorente/
     - http://www.santiagoapostol.net/latin/roma_peninsula.html
     - http://www.chironweb.org/
     - http://www.luduslitterarius.net/

# LATÍN II

## 1 INTRODUCIÓN

A materia de Latín no bacharelato proporciona as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín. Constitúe tamén un coñecemento imprescindible para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.

Os contidos propostos para Latín II céntranse fundamentalmente no ámbito lingüístico, abordado en catro aspectos:

1. Lingua latina.
2. Os textos latinos e a súa interpretación.
3. O léxico latino e a súa evolución.
4. Literatura latina.

Compete daquela á asignatura de Latín II a consolidación dos contidos tratados no curso anterior e a súa ampliación co estudo da morfoloxía irregular, os procedementos de subordinación, as construcións sintácticas propias da lingua latina, a evolución do léxico e o tratamento xenérico do legado literario romano, aplicando os procedementos de análises e as técnicas de tradución a textos de maior complexidade e distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen. Todo iso en aras dunha mellor comprensión do pensamento e da tradición clásica e a valoración da súa continuidade na nosa sociedade, lingua e cultura.

# 2 OBXECTIVOS

## 2.1 *Xerais de etapa*

Vid. *supra* o apartado 2.2.1 (*Obxectivos do bacharelato*), páx. 104, na programación de Latín I.

## 2.2 *Xerais da materia de Latín*

Vid. *supra* o apartado 2.2.2 (*Obxectivos do bacharelato*), páx. 105, na programación de Latín I.

## 2.3 *Específicos do Latín II*

Podemos contextualizalos nos seguintes enunciados:

a) Afondar no coñecemento de distintos aspectos do mundo romano presentes nos textos (históricos, culturais, relixiosos, políticos, militares, etc.) e identificar as principais contribucións culturais de Roma, con especial atención á literatura, recoñecendo os elementos desa herdanza que permanecen no mundo e na cultura actuais, e tomándoos como unha das claves para a súa interpretación.

b) Introducirse no coñecemento técnico dos principais xéneros literarios latinos, apreciando os valores que cada un deles transmite e a súa influencia e conservación na literatura universal.

c) Coñecer o peso da lingua latina no léxico do castelán e o galego, especialmente no que fai referencia á presenza nestas linguas de locucións de orixe latina e de topónimos con clara raíz no idioma dos romanos.

d) Acadar unha maior profundidade no coñecemento e utilización dos fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina.

e) Interpretar e traducir textos de maior complexidade que os de Latín I, favorecendo estratexias de razoamento dedutivo, contraste de hipóteses e resolución de problemas de índole lingüística.

f) Afondar nas técnicas de análise filolóxica mediante a reflexión sobre as unidades lingüísticas e as estruturas gramaticais das distintas linguas.

g) Analizar e interpretar textos diversos fundamentalmente orixinais mediante unha lectura comprensiva, distinguindo os xéneros literarios, as súas características principais e a súa evolución, e prestando atención á estrutura lingüística, ao pensamento e á ideoloxía que neles aparecen, adoptando unha actitude crítica ante o mundo romano e o mundo actual.

h) Investigar de forma crítica en documentos e fontes variadas de información, co fin de desenvolver técnicas de traballo intelectual que permitan ós alumnos afondar individualmente no coñecemento da lingua e a cultura estudadas.

i) Desenvolver o sentimento de pertenza á unidade cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo grecolatino, con actitudes de tolerancia e respecto cara ós seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.

# 3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE [5]

**a) Competencia en comunicación lingüística** (CCL → 37%)

Como resulta evidente pola propia natureza da materia Latín II, esta é a competencia á que máis achegas se poderán facer. O estudo do proceso de evolución e transformación desta lingua, da súa fonética, do seu funcionamento interno (morfoloxía e sintaxe), do seu léxico e dos seus textos proporcionaralles ós alumnos unha sólida base para un mellor coñecemento e dominio tanto das linguas propias como doutras linguas. Os contidos teóricos estritamente lingüísticos permitiranlles afondar na estrutura interna do latín, unha lingua con flexión nominal, con catro conxugacións, cunha sintaxe flexible e complexa, cun léxico extensísimo e cuns procedementos de formación de palabras (composición e derivación) moi explotados. Trátase dun tipo lingüístico bastante distinto do das nosas propias linguas, que esixe a quen o estuda unha renovación profunda dos seus hábitos mentais. O seu coñecemento contribuirá a fomentar nos alumnos a reflexión sobre a existencia de modelos lingüísticos moi variados, cada un dotado das súas peculiaridades. A comparación constante con outras linguas (grego, castelán, galego, inglés, francés, etc.) permitirá sinalar as semellanzas e diferenzas existentes entre elas en canto ás categorías gramaticais, e evidenciará o papel relevante desta materia como soporte lingüístico para a maioría dos idiomas e como ferramenta de axuda para comprender o léxico culto, científico e técnico das linguas da nosa contorna (diferenza entre o sentido real e o etimolóxico das palabras). Para isto será un piar o estudo de latinismos, locucións e expresións latinas, lexemas, prefixos e sufixos, e topónimos galegos de orixe latina, pero tamén o será para que os estudantes aumenten o seu vocabulario e sexan conscientes de cales son os constituíntes que interveñen na formación das palabras e como se usan. Ademais, o coñecemento do vocabulario específico propio da literatura e a filosofía latinas tamén aportará a súa parte ó enriquecemento desta dimensión léxica.

Os contidos de carácter non lingüístico, os dedicados ós xéneros literarios latinos e a súa influencia na literatura posterior, tamén permitirán facer achegas a esta competencia, xa que serán abordados dende a perspectiva da oralidade. Daráselle un peso moi importante á lectura como vía privilexiada que facilita o acceso ó coñecemento, incidindo sobre a lectura comprensiva: todos estes temas iniciaranse coa lectura colectiva en voz alta dun texto e un debate sobre este; na casa e na aula os alumnos deberán

[5] Vid. *supra* nota 1, páx. 51.

facer lecturas individuais en silencio; ademais, esta parte dos contidos desenvolverase a partir da lectura, a análise e o comentario de textos literarios latinos, tarefas a partir das cales iremos explicando as características, os temas, os tópicos, as trazos formais, e os autores e obras máis salientables de cada xénero. A expresión oral reforzarase cos debates e os intercambios de opinión profesor-alumnos e alumnos-alumnos, que serán constantes. Todas estas actividades aportarán o seu gran de area á alfabetización múltiple dos alumnos, dado que se empregarán textos en diferentes soportes (papel e dixital) e formatos (prosa, verso e diálogo), con presentacións variadas (lectura multimodal:: libros enteiros, capítulos e artigos de libros, de manuais, de xornais, de revistas especializadas, de cómics, de enciclopedias, de dicionarios, atlas, etc.), de diferentes xéneros literarios: épica, lírica, teatro, historiografía e oratoria, e de distintos tipos (continuos: narración, diálogo, descrición, exposición, argumentación, etc.; e descontinuos: imaxes con e sen texto, gráficas, esquemas, mapas, etc.).

Será importante o acceso a formas e contidos textuais probablemente non coñecidos anteriormente polos alumnos (comedias, poemas épicos ou discursos da oratoria forense e xudicial), o que lles esixirá aprender a expresar novos conceptos dun xeito ordenado, algo ó que tamén contribuirán o estudo do vocabulario técnico dos distintos xéneros literarios latinos e o comentario de textos.

A perspectiva da expresión escrita traballarase fundamentalmente a través das traducións de textos latinos, que se farán de xeito permanente ó longo dos tres trimestres e que permitirán reforzar a dimensión ortográfica, xa que os erros cometidos nas tarefas serán comentados e corrixidos en voz alta na aula, para que deste xeito mellore a competencia ortográfica de todo o grupo e se poidan emendar fallos comúns. O labor de tradución esixiralles escoller para cada palabra latina a acepción máis adecuada de entre todas as propostas polo dicionario en función do tipo de texto, xénero, autor e obra que se estea a traducir; deste xeito incidirase na necesidade de utilizar a lingua con precisión e de escoller as palabras máis adecuadas ó tema, o contexto e a intención de cada un dos nosos actos comunicativos (xa sexa oralmente ou po escrito). A este último obxectivo contribuirá tamén o estudo de vocabulario específico propio dos eidos da literatura, a ciencia e a filosofía. Os temas dedicados ós xéneros literarios grecolatinos serán outro medio para traballar a capacidade expresiva dos alumnos, xa que coa análise das características e recursos estilísticos propios de cada xénero comprenderán que un mesmo tema pode ser tratado dende perspectivas moi diferentes: por exemplo, a fundación de Roma segundo un poeta épico, segundo un poeta lírico ou segundo un historiador.

Xa por último, comprender qué é unha familia lingüística como a do latín e as evolucións experimentadas por esta lingua ata dar lugar ás linguas romances axudará a que os estudantes adquiran

un vocabulario pasivo e activo máis amplo, así como a que sexan conscientes de que algunhas linguas poden ser a chave para aprender outras.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCCT → 8,3%)

O desenvolvemento desta competencia esixiralles ós alumnos a adopción de condutas e decisións persoais estreitamente relacionadas coa capacidade crítica e a visión razoada e razoable das situacións, actitudes que contribuirán ó desenvolvemento do razoamento lóxico dedutivo pola súa parte. Dende a materia Latín II estas achegas faranse principalmente a través das actividades prácticas, que precisarán acotío a aplicación do rigor propio dos científicos: as tarefas de realización e interpretación de esquemas, gráficas, mapas, imaxes con e sen texto, eixes cronolóxicos, etc. facilitarán o achegamento a diferentes xeitos de codificar e descodificar información, así como unha iniciación a un uso correcto da linguaxe científica. A descomposición de palabras nos seus formantes, os exercicios de evolución fonética, os de declinación e conxugación, e a análise morfosintáctica e a tradución de textos posibilitarán a posta en escena do método analítico científico e da técnica ensaio-erro. As cuestións relacionadas coa transmisión dos textos clásicos traerannos a ocasión de inmiscirnos, aínda que moi incipientemente, no labor levado a cabo por diversas ciencias vencelladas á conservación dos textos literarios clásicos, como poden ser a paleografía, a papiroloxía, a codicoloxía e a ecdótica. A asimilación dunha serie de elementos de léxico latino (raíces, prefixos, sufixos, palabras, locucións e expresións) incrementará a capacidade dos alumnos para interpretar e empregar termos de linguaxe técnica e científica.

**c) Competencia para o tratamento da información e competencia dixital** (CD → 14,3%)

Polos seus contidos a materia Latín II non está moi relacionada coa competencia dixital, pero si o estará pola súa metodoloxía. As clases serán impartidas en moitas ocasións cun ordenador e un proxector, a través dos cales se presentarán na aula diferentes materiais como apoio das explicacións do profesor: imaxes, textos, esquemas, gráficas, mapas, presentacións, etc. Deste xeito os alumnos poderán coñecer o potencial das TIC como ferramentas para transmitir e compartir información. A isto contribuirá tamén o uso do sitio web creado ao efecto, do correo electrónico e dos grupos de Whatsapp (crearanse grupos de WhatsApp cos alumnos, sempre e cando a lexislación vixente o autorice), que servirán como instrumentos para intercambiar materiais entre o profesor e os alumnos, e para formular preguntas ou resolver dúbidas. No caso de que algún alumno non teña ou non saiba utilizar unha conta de correo electrónico ou Whatsapp, recibirá a asistencia necesaria para solucionar este problema.

Por outra banda, ó longo de todo o curso os alumnos haberán de facer con frecuencia unha serie de actividades para as cales non se lles facilitará ningunha información, senón que esta deberá ser obtida por eles buscándoa en internet. O profesor indicaralles determinadas páxinas web, wikis, foros, revistas dixitais, etc. onde procurala, pero serán eles quen a atopen. Facilitaráselles deste xeito coñecer distintas maneiras de compartir contidos, normativas sobre dereitos de autor e procedementos de busca, contraste, selección e tratamento de información, xa que se valorará de xeito especial o rigor na resposta. Moi relevantes neste sentido serán as traducións, para cuxa realización os alumnos poderán usar gramáticas latinas e dicionarios latín-español/galego en liña, onde terán a posibilidade de atopar modelos de declinación e conxugación, as palabras dos textos propostos, a información gramatical máis salientable relacionada con cada unha delas e a acepción máis apropiada para cada texto. Para facer traducións aínda máis precisas serán tamén útiles os dicionarios e as gramáticas en liña da lingua de uso habitual do alumnado (galego ou castelán). Estes materiais servirán tamén para rastrexar a etimoloxía de diferentes palabras procedentes do latín usadas en galego e castelán. O uso de dicionarios en liña doutras linguas romances permitiralles comprobar as diferentes evolucións experimentadas polo latín ata desembocar nestas e así poderán aportar exemplos desas transformacións noutras linguas.

En relación cos temas dedicados á literatura latina, os estudantes utilizarán os buscadores web para ampliar a información subministrada na aula (outros autores e obras clásicos diferentes dos estudados na aula) e procurar obras da literatura contemporánea nas que se repliquen xéneros, temas e personaxes procedentes da latina, observando as diferenzas no tratamento deste material entre a cultura romana e as actuais.

Básico á hora de utilizar as TIC resulta poñer en práctica unha serie de precaucións e medidas de seguridade elementais, co fin de reducir á mínima expresión os riscos derivados do seu uso. Estas seranlles recordadas periodicamente.

Se algún alumno non ten no seu fogar o equipamento necesario para realizar as tarefas que se veñen de describir neste apartado, durante os recreos poderá facer uso baixo a supervisión do profesor da aula de informática do centro ou dos ordenadores da biblioteca.

**d) Competencia para aprender a aprender** (CAA → 20.2%)

A medida principal para favorecer o desenvolvemento desta competencia será a posta en práctica na aula dunha estratexia metodolóxica motivacional, grazas á cal o alumno se poida sentir protagonista do seu propio proceso de formación e interesado en seguir aprendendo. Tentarase conseguir isto a

través das seguintes actividades: todos os temas de literatura desenvolveranse a partir da lectura de diferentes textos, que irá seguida pola análise, o comentario e un coloquio sobre estes, de xeito que os alumnos poderán debater as súas ideas e compartir os seus coñecementos ó respecto co profesor e o resto de compañeiros; as referencias constantes á nosa realidade, ás nosas linguas e a outras linguas, e á presenza nelas de elementos herdados da civilización romana permitirán vincular ese legado a situacións cotiás para eles (lingüísticas e literarias basicamente); os exercicios de busca de información esixiranlles autonomía e iniciativa para realizalos e organizar a súa propia estratexia, algo ó que tamén os levará o comentario de textos a partir dos coñecementos xa adquiridos; o labor de declinación, conxugación, análise morfosintáctica e tradución non só constituirá por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que tamén estimulará a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento; a evolución de palabras do latín ó castelán e o galego, a clasificación e a descrición de oracións e de palabras segundo os seus accidentes gramaticais, a descomposición de palabras nos seus formantes e a busca doutras con eses compoñentes en linguas diferentes, así como a dedución do significado particular de palabras independentes ou do contido global dos textos favorecerán a capacidade de abstracción. Todas estas son vías que procurarán espertar no alumnado a curiosidade e o interese por seguir aprendendo.

Por outra banda, consideramos importante tamén impulsar a cooperación en parellas e grupos, xa que deste xeito o alumnado pode observar como se desenvolven outras persoas da súa mesma condición e perfeccionar o seu propio proceso de aprendizaxe incorporando mecanismos empregados por compañeiros que considere válidos. Neste sentido terán un peso fundamental as traducións realizadas en parellas e colectivamente na aula.

**e) Competencia para a conciencia e as expresións culturais** (CCEC → 13,1%)

A materia Latín II contribuirá ó desenvolvemento desta competencia fundamentalmente fomentando nos alumnos o interese por coñecer, estudar e comprender tanto os distintos xéneros literarios cultivados na antiga Roma e as súas características, como os principais autores, obras, temas e tópicos da tradición literaria latina. Saberán deste xeito os factores que interviñeron na aparición e o desenvolvemento deses xéneros literarios, así como o peso que a literatura ten na formación e na transmisión da identidade colectiva dun pobo, en tanto que as obras literarias son un campo de acción onde se plasma a realidade política, social e cultural dunha civilización, xa sexa a clásica xa a contemporánea. Os comentarios de textos literarios latinos antigos e de textos literarios contemporáneos, e dos aspectos neles recollidos permitirannos comprobar se hoxe en día seguen vixentes as tendencias literarias e os canons estéticos que xa existían en tempos dos romanos

(especialmente, en canto ó mantemento dos xéneros, das súas características e dos seus temas e tópicos) e, nese caso, as diferenzas que hai no seu tratamento entre a época antiga e a actual, podendo así facer a súa valoración con espírito crítico. Os temas dedicados á literatura e á súa transmisión servirán tamén para espertar nos alumnos o desexo de gozar das obras literarias e o interese por consideralas parte da riqueza e do patrimonio dos pobos. Neste sentido insistirase na necesidade de conservar o patrimonio cultural, artístico e monumental do noso legado, pero tamén na de considerar na medida que merecen as manifestacións doutras culturas.

Por suposto, se falamos de patrimonio cultural herdado, non podemos esquecer o tesouro máis prezado que herdamos dos romanos, a súa lingua. A análise da transformación do latín ata desembocar nas linguas romances e o estudo dos diferentes niveis de evolución léxica das palabras latinas nese proceso, da súa evolución semántica, de latinismos e locucións e expresións latinas contribuirán á adquisición e o uso dun vocabulario máis rico, culto e variado por parte do alumnado.

Por outra banda, os comentarios de texto, os exercicios de evolución fonética e definición etimolóxica, o uso en contextos actuais de latinismos e locucións latinas, as tradución e outras actividades semellantes estimularán a imaxinación dos alumnos, a súa vontade de participar na vida cultural, a súa intención de comunicar ideas e emocións propias, e a súa capacidade estética e creativa.

**f) Competencia para o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor** (CSIEE → 0%)

Segundo o currículo vixente, ningún dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables da materia Latín II gardan relación coa adquisición desta competencia, polo que non hai aspectos que comentar neste apartado.

**g) Competencias sociais e cívicas** (CSC)

as principais achegas a esta competencia faranse a partir dos temas dedicados ó estudo da literatura latina clásica e a partir das tradución de textos. A lectura, análise, tradución, interpretación e comentario de textos literarios latinos clásicos, tanto orixinais como traducidos, pertencentes a diferentes xéneros permitirannos acadar dous obxectivos principais:

1) Que a través dos comentarios lingüísticos e literarios deses textos os alumnos coñezan e identifiquen as características e os tópicos principais dos xéneros literarios latinos, e os seus autores, obras e personaxes máis destacados, e que poidan observar como estes se replican na literatura contemporánea.

2) Que a través dos comentarios literarios deses textos os alumnos descubran que a literatura é un campo de acción no que se plasma a realidade política, social e cultural dunha civilización, xa falemos da latina xa da contemporánea, e que, polo tanto, grazas ó seu estudo podemos adquirir un certo coñecemento desa civilización.

Tendo en consideración o exposto neste segundo punto, a través do comentario de textos literarios latinos comprobaremos o tremendamente avanzada que era a civilización romana no que se refire á ciencia e a técnica, pero especialmente, en comparación coa nosa realidade, o tremendamente atrasada que era no eido social. Nunha Europa como a actual, diversa pero unida en moitos aspectos pola herdanza das civilizacións grega e romana, estas constituíron dende sempre un referente histórico á hora de falar da organización e da participación social dos cidadáns no espazo público. O comentario a partir dos textos das institucións políticas, xudiciais, sociais, familiares e relixiosas, e da súa evolución histórica permitiralles ós alumnos observar como se artellaba este sistema, pero tamén deixará aflorar as enormes desigualdades que había entre os individuos e entre os grupos ós que estes pertencían. O contraste entre os dereitos e deberes dos antigos romanos e aqueles dos que hoxe gozamos abriralles os ollos ante os problemas sociais do seu contorno e favorecerá unha reacción crítica e a toma de decisións ante calquera forma de discriminación: pola diferenza de sexos, pola orientación sexual, pola tendencia relixiosa, pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, etc. Ademais, o estudo da conservación dos xéneros, temas, tópicos e personaxes da literatura latina na contemporánea daranos a posibilidade de analizar as semellanzas e as diferenzas no tratamento destas realidades nas dúas épocas.

Partindo dos aspectos que se veñen de comentar, os alumnos serán animados a valorar positivamente a participación social e democrática, que se deberá exercer a través da solidariedade, do diálogo construtivo, da negociación, da consideración mutua e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. As diferentes tradución en parellas e grupos que realizarán os estudantes impulsarán valores relacionados cos anteriores, como o respecto pola diferenza de criterios e a liberdade de expresión.

Por último, contribuirá tamén á adquisición desta competencia o estudo e o uso na súa lingua habitual por parte dos alumnos de determinadas locucións e expresións latinas, especialmente no caso das relacionadas cos eidos da literatura, a sociedade, a política e a administración.

# 4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN

## 4.1 *Relación de contidos por bloques*

Na materia Latín II os **bloques** de contidos son **seis**, a saber:

**Bloque 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES**:

Os contidos deste bloque están orientados a analizar en maior profundidade o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, o castelán e outras linguas romances faladas actualmente en Europa e noutros países do mundo. Con esta idea principal estudarase a conservación de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e analizaranse os procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica da lingua nai.

**Bloque 2. MORFOLOXÍA**:

Os contidos deste bloque están orientados a repasar parte das cuestións traballadas no primeiro curso e a afondar no estudo dos nomes, pronomes e verbos latinos, analizando as formas máis irregulares e menos habituais da súa morfoloxía.

**Bloque 3. SINTAXE**:

Os contidos deste bloque están orientados a repasar e afondar no estudo das construcións da sintaxe casual e da oracional propias da lingua latina, tomando como referencia as estudadas no primeiro curso de Bacharelato.

**Bloque 4. LITERATURA LATINA**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos as características principais dos diferentes xéneros literarios latinos e os autores máis destacados que cultivaron cada un deles. Deste xeito e aproveitando o seu dominio da lingua latina, poderán entrar en contacto directo con fragmentos literarios clásicos orixinais, comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

**Bloque 5. TEXTOS**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que os textos latinos antigos son unha ferramenta indispensable para preparar esta materia, xa que neles se plasman os contidos lingüísticos estudados teoricamente e as tendencias culturais e estéticas da civilización romana nas súas diferentes etapas. Saber analizar, comprender, traducir e comentar un texto permitiralles afondar nos seus coñecementos lingüísticos e culturais, pois a unión entre a lingua, a literatura e as circunstancias nas que esta se dá é indisoluble.

**Bloque 6. LÉXICO**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que o dominio dun vocabulario mínimo resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Prestarase atención especial á etimoloxía, especialidade lingüística que axuda a recoñecer topónimos e palabras comúns de orixe grecolatina nas linguas modernas e a mellorar a competencia na lingua propia, xa que permite precisar o significado de palabras xa coñecidas ou inferir o das descoñecidas. Dedicarase un interese especial á composición e a derivación cultas, para analizar varios lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega e latina de alta produtividade na creación de léxico. Xunto con estes elementos estudaranse tamén unha serie de locucións e expresións latinas de uso actual, non só co obxectivo de coñecer o seu significado, senón tamén co de empregalas nun contexto adecuado.

### 4.2 *Temporización*

- **Primeira avaliación:**

1. Repaso das categorías gramaticais da morfoloxía nominal, da pronominal e da verbal.

   Os constituíntes das palabras.

2. Revisión da morfoloxía nominal. Formas menos usuais e irregulares.
3. Revisión da morfoloxía pronominal. Formas menos usuais e irregulares.
4. Revisión da morfoloxía verbal e ampliación: formas menos usuais e irregulares; verbos irregulares e defectivos; o xerundio, o xerundivo e o supino; a conxugación perifrástica.
5. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal latina.
6. A clasificación das oracións e as construcións sintácticas en latín.
7. Estudo pormenorizado das oracións compostas coordinadas e subordinadas en latín: clasificación; nexos coordinantes e subordinantes; tempos e modos verbais implicados.
8. A traxedia e a comedia latinas: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.
9. A historiografía latina: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.
10. A oratoria latina: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.

- **<u>Segunda avaliación:</u>**

1. Estudo pormenorizado das construcións sintácticas das formas nominais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino; a conxugación perifrástica.
2. A poesía épica latina: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.
3. A poesía lírica latina: características principais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencia na literatura e a cultura occidentais posteriores.

- **<u>Terceira avaliación:</u>**

1. Os soportes de escritura na Antigüidade e a súa evolución.
2. A transmisión da literatura latina.
3. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e o castelán.
4. Conservación de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultas e semicultas.
5. Composición e derivación cultas: lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega e latina.
6. Etimoloxía de palabras das linguas propias dos alumnos.
7. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e literaria.
8. Topónimos galegos de orixe latina.

- **<u>En todas as avaliacións:</u>**

1. Afondamento no uso do dicionario e nas técnicas de tradución e interpretación de textos latinos.
2. Afondamento nas técnicas de análise e comentario histórico, lingüístico e literario de textos latinos orixinais.
3. O contexto social, cultural e histórico dos textos latinos traducidos.
4. Características formais dos textos latinos orixinais.
5. Ampliación do vocabulario latino básico xa adquirido polos alumnos: incorporación de termos do léxico literario, científico e filosófico.

# 5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro.

No perfil competencial da materia de Latín 2º bacharelato que se ofrece a continuación inclúese unha correlación de obxectivos (Obx.), contidos e a súa temporización (Temp: 1 → 1ª avaliación; 2 → 2ª avaliación; 3 → 3ª avaliación; T → todas as avaliacións), criterios, procedementos e instrumentos de avaliación (Proced. + Instrum.), estándares de aprendizaxe avaliables (e o seu peso en %), competencias clave (CC) e grao mínimo de logro.

| **Latín II. 2º de bacharelato** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp | Peso | Proced. + Instrum. | Grao mínimo |
| **Bloque 1: O latín, orixe das linguas romances** | | | | | | | | |
| d<br>p | B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. | CCL<br>CAA<br>CCEC | 3 | 3 | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | Recoñece diferentes graos de evolución en palabras do galego e o castelán a partir do seu étimo latino. |
| d<br>g<br>p | B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. | LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. | CMCCT<br>CCL<br>CCEC | 3 | 3 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.Proba obxectiva. | aplica a étimos latinos as regras de evolución fonética máis importantes das vogais, as consoantes e os grupos consonánticos para obter palabras cultas e patrimoniais actuais, e reflexiona sobre o proceso de evolución semántica habido na transformación dos étimos latinos. |
| | | | LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos. | CD<br>CCL<br>CAA | 3 | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | a partir de étimos latinos aporta exemplos de cambios fonéticos comúns ao galego e o castelán na evolución de palabras. |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp | Peso | Proced. + Instrum. | Grao mínimo |
| | | | | | | | INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | |
| **Bloque 2: Morfoloxía** | | | | | | | | |
| i | B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | B2.1. Coñecer as categorías gramaticais. | LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. | CAA<br>CCL | T | 4 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.Proba obxectiva. | coñece as categorías gramaticais dos nomes e os pronomes latinos e sabe empregalas na análise morfolóxica destas palabras. |
| d | B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. | CMCCT<br>CCL | T | 4 | | sabe dividir os substantivos, adxectivos e pronomes latinos nos seus formantes. |
| d | B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas. | LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. | CMCCT<br>CCL | T | 4 | | é quen de facer a análise morfolóxica dos substantivos, os adxectivos e os pronomes dun texto latino proposto dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste. Ademais, saber enunciar adecuadamente os diferentes tipos de substantivos, adxectivos e pronomes latinos. |
| l<br>d | B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais. | LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | CD<br>CCL<br>CAA | T | 4 | | coa axuda do dicionario recoñece substantivos, adxectivos e pronomes, e clasifícaos segundo a declinación e o tema ós que pertenzan; sabe declinar substantivos das cinco declinacións, incluíndo os irregulares; sabe declinar todos os tipos de adxectivos de primeira e segunda clase nos diferentes graos; sabe declinar os pronomes persoais, os posesivos, todos os demostrativos, os enfáticos, |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp | Peso | Proced. + Instrum. | Grao mínimo |
| | | | | | | | | o fórico *is*, *ea*, *id*, os principais indefinidos e os relativos. |
| | | | LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | CCL CAA | T | 4 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.Proba obxectiva. | sabe usar os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latinas para traducir coa axuda do dicionario un texto latino dado cun nivel minimamente aceptable. |
| l d | B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica. | B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais. | LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán | CD CAA CCL | T | 4 | | coa axuda do dicionario sabe identificar, analizar e conxugar tanto todos os tempos verbais dos modos indicativo e subxuntivo como todas as formas nominais do verbo nas voces activa e pasiva, xa sexan de verbos regulares das catro conxugacións, xa dos principais verbos irregulares, xa do verbo *sum* ou dos seus compostos. |
| | | | LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | CCL CAA CD | T | 4 | | é quen de facer a análise morfolóxica das formas verbais dun texto latino proposto dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste; sabe usar os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para traducir coa axuda do dicionario un texto latino dado cun nivel minimamente aceptable. |
| **Bloque 3: Sintaxe** | | | | | | | | |
| e | B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. | B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe | LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. | CCL CAA | T | 4 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos | coñece as funcións sintácticas básicas (con e sen preposición) dos casos latinos e a partir dun texto latino proposto é quen de facer a análise |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp | Peso | Proced. + Instrum. | Grao mínimo |
| | | nominal e pronominal para a tradución de textos latinos. | | | | | alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.Proba obxectiva. | sintáctica dos substantivos, adxectivos e pronomes presentes nel dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste. |
| e | B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. | B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. | LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. | CCL<br>CAA | T | 4 | | a partir dun texto latino proposto distingue as oracións simples latinas das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, identificando os seus tipos, os nexos que as introducen e os tempos e modos verbais empregados nelas. |
| e<br>p | B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. | B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos. | LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán. | CCL<br>CAA | T | 4 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.Proba obxectiva. | coñece na súa lingua de uso habitual o equivalente dos principais elementos sintácticos latinos e empregando eses coñecementos sabe traducir estes últimos. |
| d | B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación. | B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas. | LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. | CAA<br>CCL | T | 4 | | a partir dun texto latino proposto é quen de realizar a análise sintáctica das oracións simples e compostas coordinadas e subordinadas presentes nel dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste; identifica os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas, os nexos que as introducen e os tempos e modos verbais empregados nelas; ten un coñecemento profundo das oracións coordinadas e das subordinadas relativas e as |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp | Peso | Proced. + Instrum. | Grao mínimo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Latín II. 2º de bacharelato** | | | | | | | | |
| | | | | | | | | introducidas por *ut* e *cum*, e un coñecemento elemental do resto de subordinadas. |
| e | B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. | B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. | LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | CCL CAA | T | 4 | | coñece as funcións e construcións sintácticas nas que interveñen os infinitivos e os participios latinos, sabe analizalas sintacticamente en oracións e textos propostos, e é quen de realizar unha tradución minimamente correcta destas. |
| **Bloque 4: Literatura latina** | | | | | | | | |
| h | B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución. | LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. | CCEC CMCCT | 3 | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos na Antigüidade e na Idade Media. |
| n | B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. | LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. | CAA CCL CCEC | 1-2 | 4 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | coñece e explica as características máis destacadas dos xéneros literarios latinos estudados. |
| i g | B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental. | LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. | CMCCT CCEC | 1-2 | 3 | | sitúa nun eixe cronolóxico os autores Tito Livio, Cicerón, Virxilio, Horacio e Plauto. |
| | | | LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | CD CCL | T | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | coñece as figuras de Tito Livio, Cicerón, Virxilio, Horacio e Plauto, as súas obras máis representativas e as características básicas destas. |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp | Peso | Proced. + Instrum. | Grao mínimo |
| d | B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estructura, se a extensión da pasaxe o permite. | LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estructura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. | CCL<br>CSC<br>CCEC | T | 2 | INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | a partir dun texto latino proposto é quen de identificar o seu xénero literario e xustifica as súas respostas. |
| n<br>h<br>p | B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. | LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. | CSC<br>CD<br>CCL | 1-2 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | identifica en textos literarios contemporáneos propostos características, temas e tópicos da épica e a lírica latinas. |
| | | | LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. | CSC<br>CD<br>CCL | 1-2 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | identifica en textos literarios contemporáneos propostos características, temas, tópicos e personaxes da épica e a lírica latinas, e xustifica as súas respostas. |
| **Bloque 5: Textos** | | | | | | | | |
| e | B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. | B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais. | LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. | CCL<br>CAA | T | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.Proba obxectiva. | é quen de facer a análise morfolóxica e sintáctica das palabras dun texto latino proposto dun xeito o suficientemente acertado como para realizar unha tradución minimamente correcta deste; sabe usar esa información e traduce ese texto latino cun nivel minimamente aceptable. |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp | Peso | Proced. + Instrum. | Grao mínimo |
| d | B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. | B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto. | LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. | CD<br>CAA<br>CCL | T | 3 | | a partir dun texto latino proposto atopa no dicionario un número de palabras suficiente como para realizar unha tradución minimamente correcta deste, e baixo cada unha desas entradas reconece a información gramatical máis relevante e escolle a acepción que mellor se adecúa ás características do texto dado. |
| b | B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais. | B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos. | LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. | CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CCL | T | 2 | | sinala as características lingüísticas máis dun texto latino proposto e identifica o xénero literario ao que este pertence, xustificando a súa resposta. |
| a | B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | CSC<br>CCEC<br>CCL | T | 2 | | a partir dun texto latino proposto comenta un aspecto social, cultural ou histórico que mereza ser destacado. |
| h | B5.4. Identificación das características formais dos textos. | B5.5. Identificar as características formais dos textos. | LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | CCL<br>CCEC | T | 1 | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | identifica o xénero ao que pertence un texto latino proposto e xustifica a súa resposta. |
| **Bloque 6: Léxico** | | | | | | | | |
| e<br>p | B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico. | B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico. | LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán. | CCL<br>CMCCT<br>CD | T | 1 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.Proba obxectiva. | a partir dun texto latino proposto traduce con corrección á súa lingua de uso habitual os termos dos eidos literario, científico e filosófico que aparezan nel. |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp | Peso | Proced. + Instrum. | Grao mínimo |
| d<br>g<br>p | B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. | B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes. | LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. | CAA<br>CCL<br>CD | 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | a partir dos seus étimos latinos é quen de inferir o significado de palabras comúns da súa lingua de uso habitual. |
| | | | LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. | CD<br>CCL | 3 | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | a partir dos seus étimos latinos é quen de inferir o significado de palabras comúns da súa lingua de uso habitual. |
| h | B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. | B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. | LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. | CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCEC<br>CCL | 3 | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.Proba obxectiva. | coñece e explica o significado de cando menos setenta e cinco das cento cincuenta locucións e expresións latinas propostas polo equipo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU. |
| d<br>p | B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega. | B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos. | LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | CCL<br>CCEC | 3 | 2 | | a partir dos seus étimos latinos explica o significado de latinismos moi frecuentes na súa lingua de uso habitual. |
| d<br>g<br>p | B6.5. Topónimos galegos de orixe latina. | B6.5. Identificar a presenza de elementos léxicos da lingua latina na orixe de topónimos galegos | 6.6. Recoñecer e explicar a etimoloxía de topónimos galegos e casteláns de orixe latina. | CCL | 3 | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | coñece e explica a etimoloxía de cando menos corenta dos setenta e cinco topónimos galegos e casteláns de orixe latina propostos polo equipo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU. |

# 6 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

As **actividades "cotiás"**, as marcadas día a día da materia, desenvolveranse sen usar libro de texto e consistirán fundamentalmente nas explicacións orais por parte do profesor, nos intercambios de opinións profesor-alumnos ou alumnos-alumnos e na resolución de exercicios por parte dos estudantes:

a) **exercicios prácticos** preparados polo profesor sobre os contidos explicados,
b) **tradución** constante de textos, **análise** morfolóxica e sintáctica profunda de **textos**,
c) realización de **traballos de investigación** sinxelos individuais ou en grupo,
d) **exposicións orais** destes e **debates/comentarios/preguntas** sobre o argumentado, etc.

Os alumnos precisarán contar cun **caderno para tomar as notas** que estimen oportunas e realizar as tarefas encomendadas, así como cun **dicionario de latín** (recoméndase o tradicional da editorial Vox). O profesor preparará, pola súa conta, as explicacións de clase, os exercicios que se realizarán e os textos que se traducirán, entregando esquemas e cadernos de actividades ao alumnado en formato de fotocopia e dixital (neste último suposto botarase man da aula virtual Moodle habilitada).

Por outra banda, o grupo de traballo que coordina a proba de Latín para o acceso á universidade (ABAU) decidiu que os autores que se deberán preparar son Eutropio e Fedro. Empregaranse textos destes autores de complexidade gradual, que se irán complicando segundo avancen as explicacións de clase sobre os contidos morfolóxicos e sintácticos e sobre as características dos xéneros literarios. Usaranse textos seleccionados para ampliar o vocabulario básico adquirido en Latín I e para a revisión do léxico do texto traducido e os seus derivados actuais na linguaxe culta, na científica, na técnica, na literaria, na filosófica ou na cotiá.

# GREGO I

## 1 INTRODUCIÓN

O estudo do grego abre ante nós as portas dun horizonte cultural tremendamente atractivo, no que soterran as súas raíces disciplinas tan variadas no noso mundo occidental como a arte, a filosofía, a matemática, a política, a astronomía, a literatura, a mitoloxía, o deporte, etc. O descubrimento destas orixes debémolo á conservación dunha literatura abundante e de gran calidade, que nos permitiu coñecer o xeito de ser e sentir dunha civilización tan prolífica en distintos eidos como a grega. O acceso e a interpretación de textos de distinto tipo e autor permitirá ós alumnos acceder directamente o pensamento dos autores gregos, de tal xeito que neles poderán descubrir as múltiples características desta cultura que sobreviven na actualidade. O contacto coas máis notables mostras do legado de Grecia e cos aspectos máis significativos da súa historia e da súa cultura levarán a afondar nunhas marcas de identidade europeas, relevantes aínda nos nosos días.

Dous motivos xustifican o estudo do grego no bacharelato: o ser modelo lingüístico e cultural único. Como modelo lingüístico, o coñecemento do grego antigo é base fundamental para un mellor dominio do castelán e do galego, de xeito que o seu estudo mellora a formación lingüística e literaria dos alumnos. Por outra banda, na ensinanza do grego faise preciso acudir con frecuencia á comparación con outras linguas (latín, castelán, galego, etc.) para sinalar as semellanzas e diferenzas que presentan as categorías gramaticais dunha a outra. Ademais, mediante comentarios dos textos gregos orixinais os alumnos familiarizaranse coas figuras retóricas e outros procedementos estilísticos.

O grego é unha lingua con flexión nominal e que á súa vez só ten unha conxugación. A súa sintaxe é moi flexible e complexa, o léxico extensísimo e os procedementos de formación de palabras (composición e derivación) moi explotados. Trátase dun tipo lingüístico bastante distinto do das nosas propias linguas, que esixe a quen o estuda unha renovación fonda dos seus hábitos mentais. O seu coñecemento contribúe a fomentar nos alumnos a reflexión sobre a existencia de modelos lingüísticos moi variados, cada un dotado das súas peculiaridades.

Como modelo cultural único, a lingua grega é o vehículo de transmisión dunha cultura orixinal e esplendorosa, cuxos trazos característicos (a παιδεία e a φιλανθρωπία, traducidas logo na *humanitas* ciceroniana) deron lugar a que se acuñasen os termos "Humanidades" e "Humanismo" nos séculos XVIII e XIX respectivamente. Os trazos esenciais da humanitas e que xustifican a súa extraordinaria influencia non só na cultura latina, senón en toda a civilización occidental son: a aptitude para comprender e amar o home en canto tal, o desenvolvemento das facultades máis humanas do home e a capacidade de educar as futuras xeracións nos seus mesmos ideais.

O obxectivo principal da presenza do grego no bacharelato é a asimilación por parte dos estudantes de todos os aspectos lingüísticos e culturais que, relacionados coas disciplinas ás que anteriormente aludiamos e nados na Grecia antiga, continúan vixentes no mundo moderno. Estudamos a lingua e a cultura gregas para coñecernos mellor a nós mesmos. Os temas que constitúen a rabiosa actualidade da nosa realidade estaban presentes xa no pasado grego, o que nos pode servir para extraer moitas ensinanzas sobre o amor, a guerra, a liberdade e a escravitude, a cidade e o Estado, a vida e a morte, o home e a divindade, etc. Deste xeito, o estudo do grego configura a formación dos alumnos en dous aspectos complementarios, o histórico-cultural e o lingüístico. A materia Grego I pretende ser unha introdución xeral á lingua e á cultura gregas antigas a través de textos orixinais e adaptados. A lingua será o medio de acceso ós contidos culturais, literarios, relixiosos, históricos, etc., polo que se prestará especial atención o coñecemento da morfoloxía, dos procedementos de derivación e composición de palabras, da sintaxe e do léxico. Os documentos escritos sobre os que se traballará serán de complexidade progresiva, organizados por unidades didácticas, de xeito que se presten a comentarios lingüísticos e histórico-culturais. Procurarase que eses textos favorezan a aprendizaxe simultánea da flexión, a sintaxe, a formación de palabras e o vocabulario.

A materia Grego II procurará a consolidación e ampliación, empregando unha metodoloxía semellante, dos contidos estudados no primeiro curso, facendo un tratamento específico da literatura, os xéneros literarios e os autores, o cal contribúa a afondar nas raíces gregas da nosa cultura.

# 2 OBXECTIVOS

## 2.1 *Xerais do bacharelato*

Vid. *supra* o apartado 2.2.1 (*Obxectivos do bacharelato*), páx. 104, na programación de Latín I.

## 2.2 *Xerais da área de grego*

A área de Grego nos dous cursos do Bacharelato procurará desenvolver nos alumnos as capacidades enunciadas nos seguintes obxectivos de carácter xeral. Con eles preténdese non só que os alumnos aprendan grego, senón tamén que sexan máis conscientes das raíces históricas das súas linguas e culturas habituais:

a) Iniciarse na comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega antiga.
b) Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identifícando étimos, prefixos e sufíxos gregos que axuden a unha mellor comprensión das linguas modemas.
c) Ler textos gregos tanto orixinais como adaptados ou traducidos, realizando unha lectura comprensiva e crítica, distinguindo as súas características principais e o xénero literario o que pertencen.
d) Coñecer, na medida en que sexa posible, as máis importantes manifestacións da cultura e o pensamento da Grecia antiga, e recoñecer e valorar a súa contribución e continuidade o longo da historia no mundo actual.
e) Utilizar de maneira crítica fontes de información variadas, obtendo délas datos relevantes para o coñecemento da lingua e a cultura estudadas.

## 2.3 *Específicos do Grego I*

O noso proxecto didáctico pretende realizar unha concreción dos obxectivos anteriormente expostos, adaptándoos á realidade do Proxecto Educativo de Centro e ao primeiro curso de Bacharelato. Podemos contextualizalos nos seguintes enunciados:

a) Situar xeográfica e temporalmente a civilización grega, identificando a orixe e a evolución da lingua grega.
b) Ler e escribir correctamente en grego.
c) Coñecer os mecanismos morfosintácticos que posibilitan as relacións entre os elementos na oración grega.
d) Dominar os aspectos morfolóxicos (caso, desinencia, tema, raíz, etc.), sintácticos (función, sintagma, oración, etc.) e léxicos propios do grego para analizar morfolóxica e sintácticamente e traducir á lingua propia oracións e textos sinxelos e de complexidade crecente.
e) Recoñecer os prefixos e sufixos máis habituáis da lingua grega presentes na creación do léxico científico e tecnolóxico, identificando a súa presenza baixo formas variadas nas distintas linguas europeas. Coñecer os procedementos de derivación composición usados pola lingua grega.
f) Explicar o significado de palabras gregas a partir de actividades diversas que garantan a súa asimilación.
g) Identificar aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos, léxicos e semánticos do grego presentes noutras linguas de Europa.
h) Coñecer a temática xeral na que se centran os distintos xéneros literarios.
i) Recoñecer os valores éticos, estéticos, relixiosos, políticos, etc. da sociedade grega e o seu reflexo en distintas manifestacións literarias, artísticas (p. ex., a escultura), civís (p. ex., a ágora ou o teatro), relixiosas (p. ex., os templos), etc. das sociedades actuais.
j) Entender a cultura grega como instrumento transmisor doutras culturas anteriores ou coetáneas e valorar a súa influencia ñas distintas manifestacións das culturas occidentais actuais.

# 3 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A continuación indicarase que medidas se tomarán dende este Departamento para que a materia Grego I contribúa o desenvolvemento das competencias clave.[6]

**a) Competencia en comunicación lingüística** (CCL → 64,8%)

Como resulta evidente pola propia natureza da materia Grego I, esta é a competencia á que máis achegas se poderán facer. O estudo da orixe e a evolución desta lingua, da súa fonética, do seu funcionamento interno (morfoloxía e sintaxe), do seu léxico e dos seus textos proporcionaralles ós alumnos unha sólida base para un mellor coñecemento e dominio tanto das linguas propias como doutras linguas. Os contidos teóricos estritamente lingüísticos introduciranos na estructura interna do grego, unha lingua con flexión nominal, cunha soa conxugación, cunha sintaxe moi flexible e complexa, cun léxico extensísimo e cuns procedementos de formación de palabras (composición e derivación) moi explotados. Trátase dun tipo lingüístico bastante distinto do das nosas propias linguas, que esixe a quen o estuda unha renovación fonda dos seus hábitos mentais. O seu coñecemento contribuirá a fomentar nos alumnos a reflexión sobre a existencia de modelos lingüísticos moi variados, cada un dotado das súas peculiaridades. A comparación constante con outras linguas (latín, castelán, galego, inglés, francés, etc.) permitirá sinalar as semellanzas e diferenzas existentes entre elas en canto ás categorías gramaticais, e evidenciará o papel relevante desta materia como soporte lingüístico para a maioría dos idiomas e como ferramenta de axuda para comprender o léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica das linguas da nosa contorna (estudo de helenismos, lexemas, prefixos e sufixos).

Os contidos de carácter non lingüístico tamén permitirán facer achegas a esta competencia, xa que serán abordados dende a perspectiva da oralidade e dende a da expresión escrita. Daráselle un peso moi importante á lectura como vía privilexiada que facilita o acceso o coñecemento, incidindo sobre a lectura comprensiva: todos os temas culturais iniciaranse coa lectura colectiva e o comentario en voz alta dun texto; na casa e na aula os alumnos deberán facer lecturas individuais en silencio; terán que buscar información en internet moi frecuentemente, analizala e traballala, identificando temas e ideas principais e secundarias; de xeito obrigatorio haberán de ler, cando menos, unha traxedia ou unha comedia clásica por trimestre. A expresión oral reforzarase coa exposición de traballos, con debates e cos intercambios de opinión profesor-alumnos e alumnos-alumnos, que serán constantes.

[6] Vid. *supra* nota 1, páx. 51.

Todas estas actividades aportarán o seu gran de area á alfabetización múltiple dos alumnos, dado que se empregarán textos:

- en diferentes soportes: papel e dixital;
- con formatos variados (lectura multimodal): libros enteiros, capítulos e artigos de libros, de manuais, de xornais, de revistas especializadas, de cómics, de enciclopedias, de dicionarios, atlas, etc.;
- e de distintos tipos: continuos (narración, diálogo, descrición, exposición, argumentación, etc.) e descontinuos (imaxes con e sen texto, gráficas, esquemas, mapas, sopas de letras, encrucillados, etc.).

Será importante o acceso a formas e contidos textuais probablemente non coñecidos anteriormente polos alumnos (traxedias ou comedias clásicas), o que lles esixirá aprender a expresar novos conceptos dun xeito ordenado.

A perspectiva da expresión escrita traballarase a través das seguintes actividades que os alumnos deberán realizar periodicamente: respostas curtas a preguntas, resumos, redaccións, traballos de investigación, presentacións multimedia, etc. Estes exercicios aproveitaranse para reforzar a dimensión ortográfica, xa que os erros cometidos nas tarefas serán comentados e corrixidos en voz alta na aula, para que deste xeito mellore a competencia ortográfica de todo o grupo e se poidan emendar fallos comúns.

Xa por último, comprender que é unha familia lingüística como a indoeuropea (a menor escala, o latín e as linguas romances) e as evolucións que experimenta axudará a que os estudantes adquiran un vocabulario pasivo e activo máis amplo, así como a que sexan conscientes de que algunhas linguas poden ser a chave para aprender outras.

b) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCCT → 2,3%)

Por razóns tamén obvias, esta é unha das competencias ás que a materia Grego I poderá facer menos achegas. Dende un punto de vista teórico o estudo das innovacións técnicas e científicas na antiga Grecia e da súa influencia nas formas de traballo levaranos a incidir na importancia dos avances nestes eidos para o progreso das civilizacións. Dende un punto de vista práctico os exercicios con eixes cronolóxicos para representar feitos históricos relevantes (consultando ou non diferentes fontes de información) permitiranlles ós alumnos ter contacto con diferentes xeitos de codificar e descodificar información, así como iniciarse no uso correcto dun tipo de linguaxe científica.

c) **Competencia dixital** (CD → 5,7%)

Polos seus contidos a materia Grego I non está moi relacionada coa competencia dixital, pero si o estará pola súa metodoloxía. As clases serán impartidas en moitas ocasións cun ordenador, un proxector e unha pizarra dixital interactiva, a través dos cales se presentarán na aula diferentes materiais como apoio das explicacións do profesor: fragmentos de películas, documentais e cancións, imaxes, textos, esquemas, gráficas, mapas, presentacións, etc. Deste xeito os alumnos poderán coñecer o potencial das TIC como ferramentas para transmitir e compartir información. A isto contribuirá tamén o uso da páxina web e da aula virtual do centro, e do correo electrónico, que servirán como instrumentos para intercambiar materiais entre o profesor e os alumnos, e para formular preguntas ou resolver dúbidas. No caso de que algún alumno non teña ou non saiba utilizar unha conta de correo electrónico, recibirá a asistencia necesaria para solucionar este problema.

Pero nesta liña da comunicación os alumnos non só serán "consumidores", senón que tamén terán que producir información. Deberán realizar na aula diante de todos os compañeiros exposicións orais acompañadas de presentacións multimedia, para cuxa preparación poderán utilizar recursos dixitais variados: ferramentas de creación/edición de son ou vídeo, paquetes ofimáticos, imaxes, etc.

Por outra banda, o longo de todo o curso haberán de facer con frecuencia unha serie de actividades para as cales non se lles facilitará ningunha información, senón que esta deberá ser obtida por eles buscándoa en internet. O profesor indicaralles determinadas páxinas web, wikis, foros, revistas dixitais, etc. onde procurala, pero serán eles quen a atopen. Facilitaráselles deste xeito coñecer distintas maneiras de compartir contidos, normativas sobre dereitos de autor e procedementos de busca, contraste, selección e tratamento de información, xa que se valorará de xeito especial o rigor na resposta. Moi relevante neste sentido será a participación dos alumnos no concurso *Odisea 2019*, unha actividade de resolución de preguntas en liña en competencia con outros estudantes de España, na que son fundamentais a exactitude e a rapidez na contestación das cuestións. Por tal motivo, antes de que se inicie a actividade, os alumnos recibirán do profesor formación sobre navegadores web, motores de busca, bases de datos, *keywords*, etc.

Se algún alumno non ten no seu fogar o equipamento necesario para realizar as tarefas que se veñen de describir neste apartado, poderá facer uso baixo a supervisión do profesor da aula de informática do centro durante os recreos.

**d) Competencia para aprender a aprender** (CAA → 4,5% )

A medida principal para favorecer o desenvolvemento desta competencia será a posta en práctica na aula dunha estratexia metodolóxica motivacional, grazas á cal o alumno se poida sentir protagonista do seu propio proceso de formación e interesado en seguir aprendendo. Tentarase conseguir isto a través das seguintes actividades: todos os temas de cultura comezarán coa lectura e o comentario dun texto, despois dos cales haberá un coloquio no que os alumnos poderán debater as súas ideas e compartir os seus coñecementos o respecto co profesor e o resto de compañeiros; as referencias constantes á nosa realidade e ás nosas linguas, e á presenza nelas de elementos herdados da civilización grega permitirán vincular ese legado a situacións cotiás para eles (lingüísticas e extralingüísticas); as exposicións orais faranos sentir verdadeiros docentes, xa que deberán expoñerlles ós seus compañeiros contidos non traballados na aula e responder ás súas preguntas; os exercicios de busca de información sobre cuestións non explicadas esixiranlles autonomía e iniciativa para realizalos e organizar a súa propia estratexia, algo o que tamén os levará o comentario de textos a partir dos coñecementos xa adquiridos; o labor de análise morfosintáctica e tradución non só constituirá por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que tamén estimulará a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento; a descomposición de palabras nos seus formantes e a busca doutras con eses compoñentes en linguas diferentes, así como a dedución do contido global dos textos favorecerán a capacidade de abstracción. Todas estas son vías que procurarán espertar no alumnado a curiosidade e o interese por seguir aprendendo.

Outro factor que na nosa opinión pode contribuír a mellorar a motivación do alumnado é deixarlle tomar parte no proceso de avaliación. Ao remate de cada trimestre seralles entregada unha enquisa, coa cal poderán valorar a materia e a práctica do profesor, pero tamén as súas habilidades en aspectos como a elaboración de esquemas e resumos, a busca e o tratamento de información, a destreza para falar en público, etc. Isto permitiranos modificar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, se é necesario, e axudar ós alumnos a autorregularse naqueles aspectos en que o precisen, co fin de que poidan modificar o seu método de traballo para obter mellores resultados.

Por outra banda, consideramos importante tamén impulsar a cooperación en parellas e grupos, xa que deste xeito o alumnado pode observar como se desenvolven outras persoas da súa mesma condición e perfeccionar o seu propio proceso de aprendizaxe incorporando mecanismos empregados por compañeiros que considere válidos.

**e) Competencias sociais e cívicas** (CSC → 9,1%)

Aínda que a civilización grega pasa por ser o berce da democracia e da participación das persoas no goberno das cidades, o certo é que baixo esa fachada había tamén un marcado atraso no eido social. Nunha Europa como a actual, diversa pero unida en moitos aspectos pola herdanza da cultura grega (e tamén da romana), esta constituíu dende sempre un referente histórico á hora de falar da organización e da implicación dos cidadáns no espazo público. O estudo do mundo do traballo, das formas de lecer e das institucións políticas, xudiciais, sociais e familiares permitiralles ós alumnos observar como se artellaba este sistema, pero tamén deixará aflorar as enormes desigualdades que había entre os individuos e entre os grupos ós que estes pertencían. O contraste entre os dereitos e deberes dos antigos gregos e aqueles dos que hoxe gozamos abriralles os ollos ante os problemas sociais do seu contorno e favorecerá unha reacción crítica e a toma de decisións ante calquera forma de discriminación: pola diferenza de sexos, pola orientación sexual, pola tendencia relixiosa, pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, etc. Deste xeito os alumnos serán animados a valorar positivamente a participación social e democrática, que se deberá exercer a través da solidariedade, do diálogo construtivo, da negociación, da consideración mutua e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. Os diferentes traballos en parellas e grupos que realizarán os estudantes impulsarán valores relacionados cos anteriores, como o respecto pola diferenza de criterios e a liberdade de expresión.

**f) Competencia para o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor** (CSIEE → 1,1%)

Contribuirán a esta competencia tanto as actividades prácticas que se levarán a cabo como os contidos teóricos da materia. Os debates, os comentarios de textos e as exposicións orais individuais ofreceranlles ós alumnos a posibilidade de comunicar ante un público, de valorar as opinións dos compañeiros, de analizar preguntas, de planificar respostas e de defender as ideas propias, todo isto en tempo real, o cal lles axudará a gañar confianza en si mesmos. Os traballos en parellas e grupos permitiranlles desenvolver capacidades como a de organización, a de distribución de tarefas, a de liderado e delegación, a de toma de decisións e a de pensamento crítico. O interese na materia e o esforzo posto en superala serán factores que se terán en conta á hora da avaliación da materia e que, polo tanto, reforzarán esta competencia.

Dende o punto de vista dos contidos o estudo dos traballos que desempeñaba cada clase social daralle o alumnado unha idea sobre: os oficios e as profesións na antiga Grecia, as posibilidades de sobrevivir autonomamente, as condicións nas que se realizaba e se accedía o traballo, os dereitos dos

empregados, quen era "a patronal", etc. O contraste coa nosa realidade axudaralle a adquirir un coñecemento elemental da organización xeral do mundo laboral na actualidade.

**g) Competencia para a conciencia e as expresións culturais** (CCEC → 12,5%)

A análise da mitoloxía, da relixión, das competicións deportivas, das formas de lecer e das obras de arte da antiga Grecia farán que os alumnos saiban que factores interveñen na formación da identidade colectiva dun pobo e cales da tradición helena se manteñen no noso presente, transformados ou sen transformar, podendo así valoralos con espírito crítico. Ademais, estes temas servirán tamén para espertar neles o desexo de gozar das obras do patrimonio cultural, artístico e monumental nos seus máis diferentes tipos e o interese por consideralas parte da riqueza e do legado das civilizacións, e, polo tanto, por colaborar na súa conservación e por valorar as manifestacións doutras culturas.

Por outra banda, os traballos de mitoloxía, os comentarios de obras de arte, os exercicios con imaxes e as tarefas de composición de pregarias, etc. estimularán a imaxinación dos alumnos, a súa vontade de participar na vida cultural, a súa intención de comunicar ideas e emocións propias, e a súa capacidade estética e creativa.

# 4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN

## 4.1 *Relación de contidos por bloques*

Dentro do currículo os contidos son o conxunto de coñecementos, habilidades e destrezas que contribúen o logro dos obxectivos da materia e da etapa educativa, así como á adquisición das competencias clave; son tamén os instrumentos para acadar os criterios de avaliación. No caso da materia Grego I os contidos organízanse en sete bloques, referidos tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, xa que estes dous aspectos constitúen facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega e a comprensión da importancia do seu legado. Os sete bloques de contidos son os seguintes:

**Bloque 1. A LINGUA GREGA**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos o marco espacial no que tiveron lugar os principais acontecementos da civilización grega. Terán a oportunidade de descubrir como o pobo grego e a súa lingua se foron desenvolvendo dende o núcleo orixinal indoeuropeo ata a actualidade e como estenderon a súa influencia. Observarán a influencia da colonización e doutros fenómenos históricos nos procesos de fragmentación e converxencia dialectal, e na configuración do grego moderno.

**Bloque 2. ELEMENTOS BÁSICOS DO SISTEMA DA LINGUA GREGA**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos diferentes cuestións relacionadas co alfabeto grego. Aproveitarase tamén para facer un estudo de distintos sistemas de escritura que existiron o longo da historia.

**Bloque 3. MORFOLOXÍA**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos os constituíntes das palabras e os mecanismos de flexión empregados pola lingua grega, os cales permiten que se establezan relacións entre diferentes elementos da oración.

**Bloque 4. SINTAXE**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos as funcións propias de cada caso, as estructuras oracionais e os elementos que definen as construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade.

**Bloque 5. GRECIA: HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles coñecer ós alumnos os feitos máis salientables na historia de Grecia e os aspectos característicos da súa organización política e social e da súa relixión, os cales forxaron a identidade cultural dos gregos. Prestarase atención especial á mitoloxía, xa que resultou de influencia decisiva na configuración do imaxinario occidental. O alumnado será tamén introducido na arte grega a través da análise das súas principais manifestacións artísticas, fundamentalmente nos eidos da escultura e da arquitectura. As cuestións tratadas neste apartado serán estudadas sempre tendo en consideración a nosa realidade, o que permitirá establecer comparacións e contrastes coa tradición grega e comprobar o enriquecemento cultural experimentado pola civilización occidental a partir dela.

**Bloque 6. TEXTOS**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que os textos gregos antigos son unha ferramenta indispensable para preparar esta materia. Saber analizar, comprender, traducir e comentar un texto permitiralles afondar nos seus coñecementos lingüísticos e culturais, xa que a unión entre lingua, literatura e contidos (neste caso relacionados coa civilización grega) é indisoluble. Como resulta evidente, os textos estarán adaptados cando sexa preciso e presentarán un grao de dificultade progresivo, paralelo o avance na morfoloxía e a sintaxe.

**Bloque 7. LÉXICO**:

Os contidos deste bloque están orientados a facerlles comprender ós alumnos que o dominio dun vocabulario mínimo resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Os alumnos deberán asimilar unha serie de palabras pertencentes a diferentes campos semánticos. Ademais, prestarase atención especial á etimoloxía, especialidade lingüística que axuda a recoñecer palabras de orixe grecolatina nas linguas modernas e a mellorar a competencia na lingua propia, xa que permite precisar o significado de palabras xa coñecidas ou inferir o das descoñecidas.

## 4.2 *Temporización*

**Primeira avaliación:**

1. O concepto de familia lingüística e o indoeuropeo. Outras familias lingüísticas.
2. O marco xeográfico da lingua e a cultura gregas.
3. As diferentes etapas na historia de Grecia.
4. A historia da lingua grega dende o indoeuropeo ata o grego moderno. As variedades dialectais do grego. O xónico-ático. A κοινή.
5. Orixes e historia da escritura e dos sistemas para realizala.
6. Orixes, características e evolución do alfabeto grego.
7. O sistema fonético da lingua grega.
8. O grego como lingua flexiva. Palabras variables e invariables. Os formantes das palabras. As categorías gramaticais do nome e do verbo.
9. O concepto de declinación.
10. A primeira declinación.
11. A segunda declinación.
12. Os adxectivos de primeira clase.
13. O artigo: forma, función e casos de omisión.
14. O presente de indicativo na voz activa. O verbo εἰμί.
15. O pretérito imperfecto de indicativo na voz activa. O verbo εἰμί. O aumento.
16. O futuro de indicativo na voz activa. Transformacións nas raíces verbais.
17. Sintaxe: oracións atributivas e predicativas, os elementos da oración, a concordancia entre eles, os tipos de modificadores, a orde das palabras, os casos funcionalmente.
18. Palabras invariables: adverbios, preposicións, conxuncións e partículas.
19. Iniciación ás técnicas de tradución inversa.

**Segunda avaliación:**

1. Os soportes da escritura ao longo da historia.
2. A organización política e social da antiga Grecia dende a etapa minoica ata a Época Helenística. Os modelos de Atenas e Esparta. As institucións.
3. A familia. A situación da muller na antiga Grecia.
4. O aoristo de indicativo na voz activa. Transformacións nas raíces verbais.
5. O tema de perfecto na voz activa: pretérito perfecto e pretérito pluscuamperfecto.
6. Os tempos verbais nas voces media e pasiva.
7. A flexión atemática: temas en oclusiva, en -ντ, en líquida, en nasal e en silbante.
8. A flexión atemática: temas en ditongo e en vogal con e sen alternancia vocálica.
9. Os adxectivos de segunda clase: unha, dúas e tres terminacións.
10. Os adxectivos irregulares.
11. Os pronomes persoais, reflexivos, posesivos e demostrativos.

**Terceira avaliación:**

1. O ámbito do traballo e do lecer: oficios e espectáculos. A ciencia, a técnica e a súa influencia no mundo laboral.
2. A mitoloxía e a relixión: protagonistas, relatos e manifestacións artísticas. As festas e os xogos. Relación coa nosa realidade e influencia nela.
3. Os graos do adxectivo.
4. Os pronomes interrogativos, indefinidos e relativos.
5. Os participios nas tres voces: morfoloxía e sintaxe.
6. O infinitivo nas tres voces: morfoloxía e sintaxe.
7. Oracións subordinadas: completivas, adxectivas e circunstanciais.
8. Os verbos contractos.
9. Os verbos atemáticos.
10. Produción de textos propios breves en lingua grega.

**En todas as avaliacións:**

1. Caracteres do alfabeto grego. Signos diacríticos e de puntuación. Regras de transcrición.
2. Os verbos temáticos.
3. O enunciado e os paradigmas das palabras.
4. Análise sintáctica e morfolóxica e tradución de oracións e textos.
5. Iniciación ás técnicas de tradución directa.

6. Iniciación ás técnicas de comentario de textos.
7. Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación das estructuras gregas coas da lingua propia.
8. Lectura comprensiva de textos traducidos.
9. Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia.
10. Vocabulario grego básico: léxico frecuente e principais prefixos e sufixos.
11. Descomposición de palabras nos seus formantes.
12. Helenismos máis frecuentes no vocabulario común e no léxico especializado. Conservación deses helenismos: termos patrimoniais, cultismos e helenismos.
13. Identificación de lexemas, prefixos, sufixos e infixos gregos usados na lingua propia.
14. Familias etimolóxicas e familias semánticas.

# 5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro.

No perfil competencial da materia de Grego de 1º de bacharelato que se ofrece a continuación inclúese unha correlación de obxectivos (Obx.), contidos e a súa temporización (Temp: 1 → 1ª avaliación; 2 → 2ª avaliación; 3 → 3ª avaliación; T → todas as avaliacións), criterios, procedementos e instrumentos de avaliación (Proced. + Instrum.), estándares de aprendizaxe avaliables (e o seu peso en %), competencias clave (CC) e grao mínimo de logro.

| Grego I. 1º de bacharelato | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | Temp | Peso | Procedem.+Instrum. | Grao Mínimo |
| **Bloque 1. Lingua grega** | | | | | | | | |
| d<br>g<br>h | B1.1. Marco xeográfico da lingua grega. | B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega. | GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión. | CD<br>CSC | 1ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | sitúa nun mapa a orixe da lingua grega, os dialectos xónico, ático e eolio na Época Arcaica e na Época Clásica, así como a extensión que ocupou o grego nos tempos de Alexandre Magno e do Imperio Bizantino. |
| a<br>g<br>h | B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo. | B1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas. | GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea. | CAA<br>CCEC | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | identifica e explica procedementos morfolóxicos propios do indoeuropeo presentes no grego e noutras linguas da familia lingüística, establecendo comparacións entre os resultados amosados en cada unha delas; entende a evolución fonética experimentada por algunhas palabras no seu paso do indoeuropeo o grego. |
| | | | GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas. | CD<br>CCL | 1ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | sabe situar nun mapa o xerme do grego e das linguas celtas, eslavas, xermánicas, romances, indo-iranias, anatolias e romances. |
| | | B1.3. Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo. | GR1B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística. | CCL | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | expón as características mínimas que deben reunir un grupo de linguas para seren consideradas integrantes dunha mesma familia lingüística. |
| | | | GR1B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo. | CCL | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas. | explica o criterio segundo o cal se fixou a denominación indoeuropeo. |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | |
| | | B1.4. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día. | GR1B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión. | CD<br>CCL | 1ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | remonta ás súas ramas orixinarias correspondentes as linguas europeas máis importantes e sitúaas nun mapa. |
| d<br>h<br>n | B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno. | B1.5.Coñecer as etapas da historia da lingua grega. | GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno. | CCL | 1ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | coñece as características máis salientables da lingua grega na Época Micénica, na Época Clásica e nos tempos da κοινή. |
| d<br>h<br>n | | B1.6. Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética. | GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto. | CCL | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva | traballa con documentos en Lineal B e identifica o valor fonético dalgúns signos. |
| d<br>h<br>n | | B1.7. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual. | GR1B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. | CCL | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | emprega algunhas palabras e expresións en grego moderno. |
| a<br>h | B1.4. Variedades dialectais. | B1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica. | GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega. | CCL<br>CSC | 1ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | sitúa nun mapa os dialectos xónico, ático e eolio na Época Arcaica e na Época Clásica, así como a extensión que ocupou o grego nos tempos de Alexandre Magno e do Imperio Bizantino. |
| **Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos** | | | | | | | | |
| a<br>d<br>g<br>h | B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros. | CCL | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | dálle nome aos sistemas de escritura máis empregados no mundo e de sinalar algún trazo característico deles, amais de coñecer a existencia de diferentes soportes de escritura e saber cales son os máis importantes en relación con Grecia e Roma. |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a d g h | B2.2. Orixes e evolución do alfabeto grego. | B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade. | GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio. | CCL | 2ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | aclara a relevancia dos procesos de transferencia directa, adaptación e innovación na asunción do alfabeto fenicio por parte dos gregos. |
| | | | GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas. | CCL | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | cita sistemas de escritura modernos baseados no alfabeto grega e algunhas das linguas que os empregan. |
| a d e | B2.3. Caracteres do alfabeto grego. | B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lelos coa pronuncia correcta. | GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente. | CCL | 1ª | 3% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | emprega e le en grao satisfactorio os caracteres gregos e sabe darlles nome a todos eles. |
| d e f | B2.4. Clasificación dos fonemas: pronuncia. | B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia. | GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación. | CCL | 1ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | clasifica axeitadamente os fonemas gregos. |
| d e f | B2.5. Transcrición de termos dos caracteres gregos. | B2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán. | GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcrición e aplícaas con corrección na transcrición de termos gregos ao galego e ao castelán. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | transcribe correctamente palabras do grego ao castelán e ao galego. |
| d e f | B2.6. Signos diacríticos e de puntuación. | B2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación. | GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | coloca correctamente os espíritos e con certa corrección os acentos, e sabe empregar os demais signos diacríticos e de puntuación. |
| **Bloque 3. Morfoloxía** | | | | | | | | |
| d e f | B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables. | B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística. | GR1B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva. | CCL | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | coñece cales son as características esenciais das linguas flexivas. |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| i | | B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado. | GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | CCL | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | clasifica as palabras segundo a súa natureza morfolóxica e coñece as categorías gramaticais baixo as cales as palabras cambian de forma. |
| d<br>e<br>f | B3.2. Formantes das palabras. | B3.3. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes. | CCL<br>CAA | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | aporta palabras que conten cos mesmos formantes que unha xa segmentada. |
| d<br>e<br>f | B3.3. Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas. | B3.4. Comprender o concepto de declinación/flexión. | GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | recoñece a partir do seu enunciado diferentes tipos de palabras e clasifícaas segundo a declinación e o tema ós que pertenzan. |
| d<br>e<br>f | B3.4. Flexión nominal e pronominal. | B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais. | GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | sabe declinar substantivos da primeira, da segunda e da terceira (temas en consoante) declinación e facer concordar con eles determinantes (artigo e demostrativos) e adxectivos (1ª e 2ª clase: temas consonánticos). |
| | | | GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | analiza morfoloxicamente substantivos (1ª e 2ª declinación e temas consonánticos da 3ª), adxectivos (1ª clase e temas consonánticos da 2ª clase), determinantes (artigo e demostrativos) e sintagmas en concordancia. |
| d<br>e<br>f | B3.5. Sistema verbal grego. Verbos temáticos e atemáticos. | B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analizalas morfoloxicamente e traducilas. | GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación. | CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | aduce exemplos prácticos para ilustrar as variacións experimentadas polos diferentes tipos de palabras en función das categorías gramaticais inherentes a elas. |
| | | | GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | recoñece a partir do enunciado dun verbo a que tipo pertence e os fenómenos fonéticos que estarán implicados na súa conxugación. |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | |
| | | | GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles. | CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | sabe cales son as formas verbais (persoais e non persoais) conxugadas a partir dos diferentes temas dun verbo. |
| | | | GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | domina a conxugación completa do verbo εἰμί; conxuga con soltura nas tres voces o presente, o pretérito imperfecto, o futuro, o aoristo e o pretérito perfecto de indicativo dos verbos temáticos en vogal (ι, υ) e en oclusiva; ten nocións da conxugación nas voces activa e media do pretérito pluscuamperfecto de indicativo dos verbos temáticos en vogal (ι, υ). |
| | | | GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | analiza morfoloxicamente e traduce á súa lingua vernácula as formas verbais recollidas no punto anterior. |
| | | | GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. | CCL | 2ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | é quen de cambiar de voz as formas verbais recollidas no punto anterior. |
| d e f | B3.6. Formas verbais persoais e non persoais. | B3.7. Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas. | GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar. | CCL | 3ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | sabe formar, identificar e clasificar participios e infinitivos, tendo sempre en conta o seu tempo e a súa voz. |
| **Bloque 4. Sintaxe** | | | | | | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| d<br>e<br>f<br>h<br>i | B4.1. Casos gregos. | B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | GR1B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto. | CCL | TC | 3 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | fai a análise morfolóxica de frases e textos sinxelos e aclara a función sintáctica de cada palabra. |
| | | B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna. | GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos. | CCL | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | coñece o nome dos casos gregos e as funcións básicas que desempeña cada caso, e é quen de dar un exemplo de cada unha delas. |
| e<br>f | B4.2. Concordancia. | B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa). | GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | recoñece e corrixe erros de concordancia entre os diferentes elementos dun sintagma e dunha oración. |
| e<br>f | B4.3. Elementos da oración. | B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc. | GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | fai a análise morfolóxica de frases e textos sinxelos e aclara a función sintáctica de cada palabra. |
| e<br>f | B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | B4.5. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. | GR1B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. | CCL | 1ª-2ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | recoñece os diferentes tipos de oracións simples e xustifica as súas repostas. |
| e<br>f | B4.5. Oracións compostas. | B4.6. Distinguir as oracións simples das compostas. | GR1B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferénciaas con precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características. | CCL | 3ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | diferencia unha oración simple dunha composta e clasifica as oracións compostas nos seus diferentes tipos argumentando a súa escolla. |
| e<br>f | B4.6. Construcións de infinitivo. | B4.7. Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións. | GR1B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso. | CCL | 3ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | coñece a sintaxe elemental do infinitivo. |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | |
| e<br>f | B4.6. Construcións de infinitivo. | B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado. | GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. | CCL | 3ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | recoñece as construcións concertada e non concertada do infinitivo e sabe traducilas. |
| e<br>f | B4.7. Construcións de participio. | B4.9. Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións. | GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso. | CCL | 3ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | coñece a sintaxe elemental do participio. |
| | | B4.10. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado. | GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. | CCL | 3ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | recoñece as construcións concertada, non concertada e absoluta do participio e sabe traducilas. |
| d<br>e<br>f<br>g<br>i | B4.8. Análise e tradución de frases e textos. | B4.11. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega, e iniciarse na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva. | GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | descifra as relacións morfolóxicas establecidas entre os diferentes elementos dunha oración co fin de analizar e traducir correctamente textos sinxelos. |
| | | B4.12. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos. | GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | identifica e traduce en frases e textos de dificultade progresiva as funcións sintácticas elementais do grego. |
| **Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización** | | | | | | | | |
| g<br>h | B5.1. Períodos da historia de Grecia. | B5.1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período | GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en | CD<br>CSC<br>CCEC | 1ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas. | coñece os distintos períodos nos que se divide a historia de Grecia dende a comunidade indoeuropea ata a actualidade. |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións. | | | | INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | |
| | | | GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información. | CD<br>CMCCT | 1ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | elabora eixes cronolóxicos nos que introduce os feitos históricos máis relevantes relacionados coa historia de Grecia. |
| | | | GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | CCEC | 1ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | coñece os feitos históricos máis salientables acontecidos en cada etapa da historia de Grecia, así como aqueles que marcan a transición dunha etapa a outra. |
| | | | GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. | CCEC | 1ª | 2 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | coñece os feitos históricos máis salientables acontecidos en cada etapa da historia de Grecia, así como aqueles que marcan a transición dunha etapa a outra. |
| a<br>b<br>h<br>m | B5.2. Organización política e social de Grecia. | B5.2. Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social da antiga Grecia. | GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais. | CSC | 2ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | compara o sistema político de Atenas co de Esparta, identificando e comentando as diferenzas e as semellanzas. |
| | | | GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais. | CSC | 2ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | compara o sistema de clases existente en Atenas co de Esparta, analizando as características inherentes a cada clase en cada cidade, e identificando e comentando as diferenzas e as semellanzas entre os dous tipos de organización social. |
| c<br>h | B5.3. A familia. | B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a | CSC | 2ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | coñece o papel que tiña cada membro dentro da familia grega e de xeito especial comenta |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais. | | | | INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | criticamente o rol da muller no marco da familia e da sociedade en Grecia. |
| c h l | B5.4. Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos. | B5.4. Identificar as principais formas de traballo e de lecer da antigüidade. | GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental. | CMCCT CSC CSIEE | 3ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | comenta a importancia do xenio dos gregos para descubrir avances técnicos e científicos determinantes no mundo do traballo da súa época e no progreso da cultura occidental. |
| | | | GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social. | CSC | 3ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | comenta as formas de lecer propias da antiga Grecia e súa transcendencia individual e colectiva. |
| c h ñ | B5.5. Mitoloxía e relixión. | B5.5. Coñecer os principais deuses da mitoloxía. | GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia. | CCL CCEC | 3ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | cita o nome grego e o latino dos deuses olímpicos e dos heroes máis famosos, e indica as súas esferas de influencia e os seus atributos. |
| | | B5.6. Coñecer os deuses, os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. | CCEC | 3ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | identifica a partir de imaxes ou textos os deuses olímpicos e os heroes máis famosos, e explica que características permiten diferencialos. |
| | | | GR1B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoas a outras características culturais propias de cada época. | CCEC | 3ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | identifica en elementos da nosa cultura a presenza de personaxes e temas da mitoloxía clásica, aporta os seus propios exemplos e sinala as semellanzas e as principais diferenzas no tratamento deste material na antigüidade e na actualidade. |
| | | | GR1B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. | CCEC | 3ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | identifica referencias mitolóxicas clásicas en obras artísticas e literarias de diferentes períodos. |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | B5.7. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e relixión grega coas actuais. | GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. | CCEC | 3ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | aclara as principais características da relixión grega e compáraas coas doutras relixións. |
| | | B5.8. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais. | GR1B5.8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais. | CCEC | 3ª | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | comenta os motivos polos que se empezaron a organizar as competicións deportivas na antiga Grecia e a súa transcendencia relixiosa e cultural. |
| **Bloque 6. Textos** | | | | | | | | |
| e f g i | B6.1. Iniciación ás técnicas de tradución. | B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva. | GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución. | CCL | TC | 3 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | sabe traducir textos de dificultade progresiva despois de facer unha correcta análise morfolóxica e sintáctica. |
| | | B6.2. Utilizar con corrección manuais e dicionarios, e recoñecer e analizar toda a información que proporcionan. | GR1B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto. | CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | mostra un desempeño axeitado no manexo do dicionario ou dun vocabulario facilitado. |
| | | | GR1B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global. | CAA CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | deduce o tema ou o significado xenérico de diferentes textos a partir da interpretación das súas palabras clave. |
| e f g i | B6.2. Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos. | B6.3. Coñecer e aplicar os coñecementos adquiridos para a retroversión de frases ou textos de dificultade progresiva. | GR1B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos. | CCL | TC | 3 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | traduce do grego o galego e/ou o castelán frases e textos sinxelos. |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | B6.4. Comentar desde o punto de vista lingüístico e literario os textos propostos. | GR1B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos. | CAA<br>CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | mostra unha destreza mínima no comentario de textos dende a perspectiva cultural ou lingüística. |
| e<br>f | B6.3. Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación de estruturas gregas coas da lingua propia. | B6.5. Comparar as estruturas gregas coas da lingua propia, e establecer semellanzas e diferenzas. | GR1B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas. | CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | recoñece na súa lingua de uso habitual estruturas morfolóxicas e sintácticas propias da lingua grega. |
| d<br>e<br>g | B6.4. Lectura comprensiva de textos traducidos. | B6.6. Realizar, a través dunha lectura comprensiva, análise e comentario do contido e da estrutura de textos gregos orixinais, adaptados ou traducidos. | GR1B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | CCL<br>CCEC | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | analiza un texto e identifica o seu tema principal e as partes nas que se divide. |
| d<br>e<br>g | B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia. | B6.7. Realizar pequenos coloquios en grego con frases sinxelas e de dificultade progresiva. | GR1B6.7.1. Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre a base dun tema previamente acordado. | CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | reproduce oralmente palabras ou frases curtas en grego relacionadas cun tema determinado. |
| d<br>g | B6.6. Produción de textos propios breves en lingua grega. | B6.8. Redactar pequenos textos en lingua grega de produción propia. | GR1B6.8.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en grego sobre un tema proposto. | CCL | 3ª | 1 % | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumn@s. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas | escribe frases sinxelas en grego relacionadas cun tema concreto. |
| **Bloque 7. Léxico** | | | | | | | | |
| e<br>f | B7.1. Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos. | B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos. | GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto. | CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | deduce o significado de palabras gregas descoñecidas a partir da súa propia lingua ou do contexto. |
| | | | GR1B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | |
| | | | GR1B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. | CCL | TC | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común. | |
| e f | B7.2. Descomposición de palabras nos seus formantes. | B7.2. Descompor unha palabra nos seus formantes, e coñecer o seu significado en grego para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. | GR1B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega. | CCL | TC | 0.5% | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | |
| e f | B7.3. Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos. | B7.3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais. | GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais. | CCL | TC | 2 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | coñece o significado de cincuenta elementos de léxico gregos (lexemas, prefixos e sufixos) de entre os de maior frecuencia nas oracións e textos, aporta exemplos doutras palabras que conten con algúns deses elementos na súa lingua de uso habitual e comenta o significado destas. |
| e f | B7.4. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia. | B7.4. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego (derivación e composición) para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais. | GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia. | CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | |
| e f | B7.5. Familias etimolóxicas e semánticas. | B7.5. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. | GR1B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. | CCL | TC | 1 % | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva | establece relacións entre distintas palabras da mesma familia semántica ou léxica. |

# 6 RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

As actividades "cotiás" consistirán basicamente nas explicacións orais por parte do profesor, nos intercambios de opinións profesor-alumnos ou alumnos-alumnos e na resolución de exercicios por parte dos estudantes (exercicios prácticos preparados polo profesor sobre os contidos explicados, realización de traballos de investigación sinxelos individuais ou en grupo, exposicións orais destes e debates/comentarios/preguntas sobre o argumentado, elaboración de presentacións multimedia, etc.). Para desenvolver estas actividades de acordo coa metodoloxía proposta no apartado correspondente, o profesor precisará contar na aula onde se imparta a materia cun equipo informático con altofalantes e conexión a internet e a un proxector, amais dunha PDI, co cal se poidan reproducir e tratar textos, esquemas, imaxes, mapas, presentacións dixitais, pequenos fragmentos de películas, documentais e cancións, páxinas web con recursos educativos interesantes, etc. Os alumnos precisarán un caderno para tomar as notas que estimen oportunas e realizar as tarefas encomendadas, así como unha conexión a internet e un ordenador (ou dispositivo semellante: *tablet* ou móbil) no seus domicilios para levar a cabo determinados traballos e exercicios que lles serán encargados. No caso de non dispoñer deste equipamento TIC nos seus fogares, terán a posibilidade de acceder a el nunha das aulas de informática do centro (previa solicitude). Para o desenvolvemento da materia non se usará ningún libro de texto, xa que o profesor lles facilitará ós alumnos un conxunto de fotocopias con seccións de teoría e práctica, amais de material complementario no sitio web creado ex professo polo Departamento de Latín. Tamén se poderá usar puntualmente a aula de informática para facer *webquests* ou participar en concursos en liña.

No caso de que os alumnos desexen facer consultas ou ampliar información sobre os temas abordados na aula, poderán recorrer, sempre baixo as orientacións do profesor, aos seguintes libros:


- NAVARRO J.J. & J.M RODRÍGUEZ J.M., *Griego I*, Anaya, Madrid, 2015.
- BERENGUER AMENÓS, J., *Gramática griega*, Bosch, Barcelona, 1995.
- BÉRTOLO BALLESTEROS, J. M. & DE CAL CORTINA, M., *Grego 1/2 Bacharelato*, Baía, A Coruña, 2007.
- ESEVERRI HUALDE, C., *Diccionario etimológico de helenismos españoles*, Aldecoa, Burgos, 1988.
- GAARDER, J., *El mundo de Sofía*, Siruela, Madrid, 2004.
- GARCÍA GUAL, C. *et al*., *Griego*, Santillana (serie Descifra), Madrid, 2015.
- GRIMAL, P., *Diccionario de mitología griega y romana*, Paidós, Barcelona, 1994.
- LÓPEZ FÉREZ, J. A. (*ed.*), *Historia de la literatura griega*, Cátedra, Madrid, 1988.

- ROMERO, C., *ClasiCard. Declinaciones, flexiones y reglas de latín y griego*, Almadraba, Barcelona, 2006.

Por outra banda, formarán tamén parte da materia unha serie de actividades complementarias e extraescolares, que xa foron descritas no apartado correspondente desta Programación Didáctica coa pertinente indicación dos materiais e recursos necesarios para desenvolver cada unha delas.

# GREGO II

## 1. INTRODUCIÓN

A nosa civilización é froito dunha longa tradición que inclúe herdanzas de pobos e culturas moi diversos. Pero, por formar parte da cultura occidental, ten unha débeda esencial -no senso estricto do termo- coa cultura grega.

Parece evidente que o xeito máis práctico e máis formativo de achegarse á Grecia antiga é a través do estudo da súa lingua. Isto quere dicir que a aprendizaxe da lingua é un obxectivo en si mesmo, pero é, tamén, e sobre todo, un instrumento para introducir as alumnas e os alumnos no coñecemento do mundo clásico.

Os contidos propostos para Grego II céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en catro bloques:

**1º. Estudo progresivo das características da lingua grega.** A adquisición dunha competencia lingüística demanda a utilización dunha metodoloxía progresiva en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e en que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase. O feito de traballar con textos orixinais obrigará, tamén, a explicar ás veces formas nominais, verbais ou estruturas sintácticas estrañas ou inusitadas. Abondará nestes casos cunha explicación breve que axude á resolución da actividade en que aparezan.

**2º. Comprensión e interpretación de textos gregos.** Os textos, que son o obxecto principal da materia, seleccionaranse entre autores de diferentes épocas e xéneros literarios, presentándoos tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais. A práctica da tradución de textos gregos debe contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

**3º. Estudo do léxico grego e a súa continuidade en galego, castelán e outras linguas modernas**.

O estudo e aprendizaxe do léxico constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao mesmo tempo que contribúe a enriquecer o vocabulario, mostrar os mecanismos de formación de palabras e valorar a transcendencia do préstamo lingüístico como parte do legado cultural achegado polo pensamento grego.

**4º. A aproximación a Grecia e ao seu legado** debe facerse cun enfoque global e vinculado á aprendizaxe da lingua. Centrará a súa análise no antropocentrismo e androcentrismo grego para intentar comprender a mentalidade e a dimensión social e individual do home grego a través da súa proxección nas institucións, na arte e na literatura na Grecia antiga e valorar a tradición clásica e a súa continuidade nas sociedades actuais. Por outra banda, o estudo da cultura e civilización gregas facilitaralle ao alumnado as claves necesarias para situarse no contexto literario, histórico e artístico adecuado. Preténdese que se interese por coñecer as orixes da nosa cultura e que analice e valore dunha forma crítica as realidades do mundo contemporáneo e os antecedentes e factores que inflúen nel. A historia do pensamento en Grecia formula moitas das interrogantes do ser humano, que forman parte do noso acervo e serven como guía de desenvolvemento do pensamento occidental. Ademais, permite comprender os elementos fundamentais da investigación e das metodoloxías científicas.

O desenvolvemento destes contidos ha ter unha aplicación esencialmente práctica orientada tanto á competencia lingüística en grego coma a un coñecemento crítico da Grecia antiga.

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura gregas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc. Neste senso, é aconsellable facilitarlle ao alumnado os medios precisos para que poida traballar no ordenador co grego clásico.

Ao primeiro curso corresponde a asimilación dos contidos básicos de lingua e de cultura. Ao segundo, a súa consolidación e ampliación, cun tratamento específico da literatura, os xéneros e os autores e autoras, que contribúa a profundar nas raíces gregas da nosa cultura.

A materia de Grego no Bacharelato debe proporcionar ao alumnado unha base lingüística e cultural que lle facilite a orientación e o acceso a carreiras de Humanidades. Por outra banda, debe contribuír á madurez persoal mediante o desenvolvemento das calidades que potencia o humanismo grego, como son o espírito crítico, a curiosidade intelectual, a autorreflexión, etc.

# 2. OBXECTIVOS

## 2.1 Obxectivos xerais da etapa

Vid. *supra* páxina 158 (dentro da materia Grego I e en relación coas capacidades que o Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado).

## 2.2 Obxectivos xerais da área de Grego

Vid. *supra* páxina 158 (dentro da materia Grego I e en relación coas capacidades que a área de Grego procurará desenvolver no alumnado nos dous cursos do Bacharelato).

## 2.3 Obxectivos concretos da materia Grego II

Dentro dos obxectivos que establecemos anteriormente (vid. *supra* páxina 158) como propios da área de Grego para os dous cursos de Bacharelato, o noso proxecto didáctico pretende realizar unha concreción e unha adaptación destes á realidade do Proxecto Educativo de Centro e ó segundo curso de Bacharelato. Podemos contextualizalos nos seguintes enunciados:

1. Afondar no coñecemento de distintos aspectos do mundo grego presentes nos textos (históricos, culturais, relixiosos, sociais, políticos, filosóficos, científicos, etc.) e identificar as principais contribucións culturais da antiga Grecia, con especial atención á literatura, recoñecendo os elementos desa herdanza que permanecen no mundo e na cultura actuais, e tomándoos como unha das claves para a súa interpretación.

2. Identificar os principais valores establecidos pola sociedade grega que se converteron en patrimonio universal, servíndose para isto do comentario de textos gregos seleccionados.

3. Introducirse no coñecemento técnico dos principais xéneros literarios como creación do mundo grego, apreciando os valores que cada un deles transmite e a súa influencia e conservación na literatura universal.

4. Situar na lingua grega a orixe do acervo léxico das linguas faladas polo alumno, observando a súa influencia na creación dos distintos campos semánticos de diversas disciplinas, así coma os principais procedementos de composición e derivación do grego e a súa presenza nas linguas modernas.

5. Acadar unha maior profundidade no coñecemento e utilización dos fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega.

6. Interpretar e traducir textos de maior complexidade que os de Grego I, favorecendo estratexias de razoamento dedutivo, contraste de hipóteses e resolución de problemas de índole lingüística.

7. Afondar nas técnicas de análise filolóxica mediante a reflexión sobre as unidades lingüísticas e as estruturas gramaticais das distintas linguas.

8. Analizar e interpretar textos diversos fundamentalmente orixinais mediante unha lectura comprensiva, distinguindo os xéneros literarios, as súas características principais e a súa evolución, e prestando atención á estrutura lingüística, ó pensamento e á ideoloxía que neles aparecen, adoptando unha actitude crítica ante o mundo grego e o mundo actual.

9. Investigar de forma crítica en documentos e fontes variadas de información, co fin de desenvolver técnicas de traballo intelectual que permitan ós alumnos afondar individualmente no coñecemento da lingua e a cultura estudadas.

10. Desenvolver o sentimento de pertenza á unidade cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo grecolatino, con actitudes de tolerancia e respecto cara ós seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.

## 3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O bacharelato forma parte da educación secundaria, na fase postobrigatoria e ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.

A materia de Grego contribuirá a desenvolver no alumnado as competencias que lle permita:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflictos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.

o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

As contribucións desta materia á **competencia en comunicación lingüística** son importantes.

A través da tradución, da lectura comprensiva de textos variados, da busca e tratamento da información obtida, así como a síntese para a expresión oral e escrita, contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística.

A lectura comprensiva dunha realidade certamente afastada do contorno do alumno, a comprensión duns conceptos totalmente novos e a necesidade ineludible de aprender a expresalos dunha forma ordenada ten un valor moi estimable. Pero se por algo destaca esta materia no eido da lingua é por ser un instrumento inmellorable para a adquisición dun vocabulario pasivo e activo baseado nos termos que se expliquen ao longo do curso, incluídos os seus compoñentes e as regras de combinación. A introdución breve ao estudo diacrónico das linguas, incluído entre os obxectivos, contribuirá a unha percepción máis matizada do que é un sistema lingüístico.

A percepción do contorno propio como o único posible limita a capacidade do alumnado de facerse preguntas que poidan levalos a unha relación co contorno máis produtiva e gratificante. O contacto con culturas dotadas doutras inquedanzas, doutros valores e dou tras relixións fará que relativicen as súas propias certezas e sexan quen de analizalas criticamente. Máxime nestas que, en tantos aspectos xeográficos, económicos, artísticos e organizativos, seguen a estar presentes no mundo actual, servindo de nexo entre a meirande parte dos países do mundo que nos rodea.

O coñecemento de como se serviron do contorno, de como aproveitaron os recursos naturais, de como os transformaron, posibilitará unha meirande facilidade para o coñecemento e a interacción co mundo físico.

A **competencia na expresión cultural e artística** foméntase mediante o coñecemento dos fundamentos da literatura clásica, da arquitectura, da escultura, da arte en xeral que debe dar un leve sustento teórico ao que é o comezo do aprecio e do goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia. Cóntase, así, con referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspira das na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico.

Contribúe a adquisición da **competencia social e cidadá** o coñecemento das institucións e o modo de vida dos gregos como referente histórico de organización social, participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividades, no ámbito e no con torno dunha Europa diversa unida en moitos aspectos pola cultura grecolatina. Paralelamente, o coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Implícase así o alumnado nunha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. Doutra parte, se o traballo é cooperativo, impúlsase o respecto pola diferenza de criterios e pola liberdade de expresión.

O uso crítico da rede como fonte de información, o emprego de aplicacións informáticas para a elaboración de documentos de aula, servirán para completar a achega da lingua e cultura gregas á adquisición da **competencia no tratamento da información e competencia dixital**.

As actividades relativas á recollida, selección e análise da información, a aplicación de técnicas de síntese, a identificación de palabras clave e a distinción entre ideas principais e secundarias achegan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia, tan relacionada con destrezas para a continua formación persoal.

O estudo dos elementos básicos da lingua grega, na medida en que propicia a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, inciden no logro da **competencia de aprender a aprender**.

Contribúe ao desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal** na medida en que se utilizan procedementos que esixen planificar, seleccionar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non se render ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

# 4 CONTIDOS: DESGLOSE POR BLOQUES E TEMPORIZACIÓN

## 4.1 *Relación de contidos por bloques*

**CONTIDOS COMÚNS**

a) Interpretación crítica de textos. A tradución como técnica. A exactitude na expresión lingüística.

b) Valoración do estilo dun texto en función das peculiaridades do autor e das peculiaridades do texto e do contexto.

c) A literatura grega como creadora dos xéneros literarios. Influencia da literatura grega na literatura posterior.

d) Valoración crítica das raíces gregas da ciencia e do pensamento europeos.

**Bloque I. A LINGUA GREGA.**

a) Flexión nominal: primeira e segunda declinacións.

b) Terceira declinación, incluídos os substantivos e adxectivos irregulares máis comúns.

c) Os comparativos e superlativos, incluídas as formas irregulares máis comúns. d) Numerais, determinantes e pronomes.

e) Flexión verbal: verbos ειμί e λύω e máis os temáticos con presente contracto. f) O mecanismo do aumento e da reduplicación (agás a reduplicación ática).

g) O aoristo radical temático; o aoristo radical atemático.

h) Verbos consonánticos.

i) Verbos atemáticos: panorama xeral.

j) Sintaxe: as oracións simples, o réxime dos casos, o valor e uso das preposicións, a concordancia, as voces pasiva e media, as proposicións coordinadas.

k) A subordinación: introdución ás subordinadas completivas; proposicións de relativo; usos e construción de participio incluído o xenitivo absoluto; introdución ás subordinadas de infinitivo;

introdución ás subordinadas temporais, concesivas, comparativas, causais, consecutivas e finais; subordinadas condicionais de estrutura elemental.

**Bloque II. OS TEXTOS GREGOS E A SÚA INTERPRETACIÓN.**

a) Lectura comprensiva, tradución e comentario de textos orixinais.

b) Lectura e comentario de obras e fragmentos gregos traducidos.

**Bloque III. O LÉXICO GREGO E A SÚA EVOLUCIÓN.**

a) Aprendizaxe de vocabulario. b) Uso do dicionario.

c) Helenismos no vocabulario común das linguas modernas.

d) O vocabulario específico de orixe grecolatina presente nas materias que se estudan no bacharelato.

**Bloque IV. GRECIA E O SEU LEGADO.**

a) A transmisión dos textos gregos e o descubrimento de Grecia.

b) A literatura grega a través dos seus textos. Xéneros, autoras e autores.

c) Raíces gregas da cultura moderna na literatura, na filosofía, na ciencia e na arte. A experiencia doutros anos ten demostrado que para cada grupo o profesor debe axustar os tempos e os ritmos. Non serve de nada tentar cumprir a raxatabla un número de sesións se o procedemento de aprendizaxe non se cumpre. Por isto tentarase axustar a marcha do ensinoapredizaxe aos marcos temporais das avaliacións, máis ou menos, un trimestre, que se veñen situando habitualmente entorno ao comezo das vacacións de Nadal, de Pascua e do verán. Queda aberta a posibilidade de facer os axustes pertinentes sen afectar ao logro dos obxectivos.

## 4.2 *Temporización*

- **PRIMEIRA AVALIACIÓN.**

UNIDADE DIDÁCTICA 1. Repaso da primeira declinación (femininos e masculinos). Repaso da segunda declinación (incluído o neutro). Repaso da terceira declinación (temas en consonante, en vocal e en ditongo). Os temas irregulares da terceira. Os adxectivos de tres e dúas terminacións; adxectivos irregulares.

UNIDADE DIDÁCTICA 2. Morfoloxía verbal: repaso das formas persoais en activa e media e pasiva do tema de presente, futuro, aoristo e perfecto do verbo luw. O verbo eimi. A épica.

UNIDADE DIDÁCTICA 3. Repaso da morfoloxía pronominal: persoais, posesivos, demostrativos, interrogativos e indefinidos. Adxectivos numerais: cardinais e ordinais. Os grados do adxectivo. Os grados do adverbio. Sintaxe do comparativo e o superlativo. Homero e a Ilíada.

UNIDADE DIDÁCTICA 4. Morfoloxía verbal: os verbos contractos. Sintaxe da voz pasiva. O pronome relativo e as oracións subordinadas adxectivas ou de relativo. A historiografía: Xenofonte.

- **SEGUNDA AVALIACIÓN.**

UNIDADE DIDÁCTICA 5. Morfosintaxe do participio grego. O xenitivo absoluto. Atenas e Pericles. A traxedia. Sófocles: *Edipo rei*.

UNIDADE DIDÁCTICA 6. Morfoloxía verbal: os verbos en oclusiva. Morfosintaxe do infinitivo grego. Oracións de infinitivo concertadas e non concertadas. A comedia. Aristófanes: *Asamblearias*.

UNIDADE DIDÁCTICA 7. Morfoloxía verbal: os verbos en líquida. Oracións subordinadas substantivas introducidas por unha conxunción. Oracións subordinadas substantivas: interrogativas directas e indirectas. A poesía lírica, con especial atención a Arquíloco, Safo e Alceo.

- **TERCEIRA AVALIACIÓN.**

UNIDADE DIDÁCTICA 8. Morfoloxía verbal: os verbos atemáticos: radicais sen reduplicación ni reforzo. Oracións subordinadas adverbiais: temporais e causais. A filosofía: Platón.

UNIDADE DIDÁCTICA 9. Morfoloxía verbal: os verbos atemáticos con reduplicación en i. Oracións subordinadas adverbiais: finais e condicionais. A guerra do Peloponeso.

UNIDADE DIDÁCTICA 10. Morfoloxía verbal: os verbos atemáticos con sufixo –nu-. Oracións subordinadas adverbiais: concesivas, consecutivas e comparativas.

# 5 RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES: obxectivos, contidos e temporización, avaliación (criterios, procedementos e instrumentos), estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de logro.

De seguido, e conforme ó establecido na normativa vixente, preséntase a **correspondencia** entre os aspectos anteditos (contidos, criterios de avaliación e competencias claves), ós que se lles asocian os estándares de aprendizaxe.

| Grego II. 2º de bacharelato | | | | | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **PESO** | **Procedementos de avaliación<br>Instrumentos de avaliación** |
| **Bloque 1. Lingua grega** | | | | | | |
| e | ■ B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné. | ■ B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa. | ■ GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | ■ CCL<br>■ CD<br>■ CCEC | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |
| f<br>h | ■ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno. | ■ B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución. | ■ GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución. | ■ CCL<br>■ CAA | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| d | ■ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno. | ■ B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico. | ■ GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase (20%). Resolución de exercicios e problemas (80%). |
| **Bloque 2. Morfoloxía** | | | | | | |
| f | ■ B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | ■ B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nomináis e pronominais. | ■ GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co diccionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |
| d | ■ B2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais. | ■ B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais. | ■ GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do diccionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. | ■ CCL | 3 | |
| f | ■ B2.3. Análise morfolóxica. | ■ B2.3. Coñecer as categorías gramaticais. | ■ GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen. | ■ CCL | 3 | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| d | ■ B2.3. Análise morfolóxica. | ■ B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | ■ GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (20%). Resolución de exercicios e problemas (80%). |
| e | ■ B2.3. Análise morfolóxica. | ■ B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego. | ■ GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |
| **Bloque 3. Sintaxe** | | | | | | |
| d | ■ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. | ■ B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal. | ■ GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |
| e | ■ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. | ■ B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais. | ■ GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais. | ■ CCL | 3 | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| f | ■ B3.2. Usos modais. | ■ B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega. | ■ GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. | ■ CCL | 3 | |
| d | ■ B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas. | ■ B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas. | ■ GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas. | ■ CCL | 3 | |
| e | ■ B3.4. Oración composta. Formas de subordinación. | ■ B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas. | ■ GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes. | ■ CCL | 3 | |
| f | ■ B3.4. Oración composta. Formas de subordinación. | ■ B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo. | ■ GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (20%). Resolución de exercicios e problemas (80%). |
| d | | | ■ GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoos con construcións análogas noutras linguas que coñeza. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| e | ■ B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos. | ■ B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos. | ■ GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. | ■ CCL | 3 | |
| f | | | ■ GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos eos seus equivalentes en galego e castelán. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (20%). Resolución de exercicios e problemas (80%). |
| **Bloque 4. Literatura** | | | | | | |
| e | ■ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. | ■ B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis repre-sentativas, e as súas influencias na literatura posterior. | ■ GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos. | ■ CCL<br>■ CCEC | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |
| f | ■ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. | ■ B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o | ■ GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros | ■ CMCCT<br>■ CCEC | 3 | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite. | aspectos relacionados coa literatura grega. | | | |
| | | | ■ GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |
| d | ■ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula | ■ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental. | ■ GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles. | ■ CCL<br>■ CCEC | 3 | |
| e | ■ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula | ■ B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. | ■ GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior. | ■ CCEC | 3 | |
| f | ■ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula | ■ B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais. | ■ GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | ■ CD<br>■ CCEC | 3 | |

| Bloque 5. Textos | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| e<br>f<br>d<br>e | ■ B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos. | ■ B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos. | ■ GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (20%). Resolución de exercicios e problemas (80%). |
| f | ■ B5.2. Uso do dicionario. | ■ B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto. | ■ GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. | ■ CCL<br>■ CD | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |
| d | ■ B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa. | ■ B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico. | ■ GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos. | ■ CCL<br>■ CCEC | 3 | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| e | ■ B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | ■ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | ■ GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | ■ CSC<br>■ CCEC | 3 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (20%). Resolución de exercicios e problemas (80%). |
| f | ■ B5.5. Identificación das características formais dos textos. | ■ B5.5. Identificar as características formais dos textos. | ■ GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | ■ CCL | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |
| **Bloque 6. Léxico** | | | | | | |
| e | ■ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común. | ■ B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remóntalos aos étimos gregos orixinais. | ■ GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. | ■ CCL | 3 | |
| f | ■ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común. | ■ B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado. | ■ GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. | ■ CCL | 3 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| d<br>e | ■ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica. | ■ B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego. | ■ GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. | ■ CCL | 3 | |
| f | | | ■ GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. | ■ CCL | | |
| f | ■ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica. | ■ B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. | ■ GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. | ■ CCL | 3 | |
| d | ■ B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. | ■ B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua. | ■ GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro. | ■ CCL | 2 | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (20%). Resolución de exercicios e problemas (80%). |
| e | ■ B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes. | ■ B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a | ■ GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. | ■ CCL | 2 | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| f | | composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais. | ■ GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. | ■ CCL | 3 | INSTRUMENTOS: Proba obxectiva |

# 6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As actividades que poderiamos chamar cotiás, as que marcarán o día a día da materia, consistirán basicamente nas explicacións orais por parte do profesor, nos intercambios de opinións profesor-alumnos ou alumnos-alumnos e na resolución de exercicios por parte dos estudantes (exercicios prácticos preparados polo profesor sobre os contidos explicados, tradución constante de textos, análise morfolóxica e sintáctica profunda de textos, realización de traballos de investigación sinxelos individuais ou en grupo, exposicións orais destes e debates/comentarios/preguntas sobre o argumentado, elaboración de presentacións multimedia, etc.). Para desenvolver estas actividades de acordo coa metodoloxía proposta no apartado correspondente, o profesor precisará contar na aula onde se imparta a materia cun equipo informático con altofalantes e conexión a Internet e a un proxector, co cal se poidan reproducir textos, esquemas, imaxes, mapas, presentacións dixitais, pequenos fragmentos de películas, documentais e cancións, páxinas web con recursos educativos interesantes, etc. Os alumnos precisarán un caderno para tomar as notas que estimen oportunas e realizar as tarefas encomendadas, así como unha conexión a Internet e un ordenador (ou dispositivo semellante: tablet ou móbil) nas súas casas para facer determinados traballos e exercicios que lles serán encargados. No caso de non dispoñer deste equipamento TIC nos seus fogares, terán a posibilidade de acceder a el na biblioteca ou nunha das aulas de informática do centro (previa solicitude).

Para o desenvolvemento da materia non se usará ningún libro de texto, xa que o profesor lles facilitará ós alumnos un libro de apuntamentos que deberán fotocopiar ou imprimir e os cadernos de actividades necesarios. Si será necesario que os alumnos dispoñan dun dicionario de grego (recoméndase o tradicional da editorial Vox). O profesor preparará pola súa conta as explicacións de clase, os exercicios que se realizarán e os textos que se traducirán, entregando esquemas e cadernos de actividades ó alumnado en formato de fotocopia ou dixital. O grupo de traballo que coordina a proba de Grego para o acceso á universidade decidiu que os autores que se deberán preparar son Xenofonte e Platón. Empregaranse textos destes autores de complexidade gradual, que se irán complicando segundo avancen as explicacións de clase sobre os contidos morfolóxicos e sintácticos e sobre as características dos xéneros literarios. Usaremos os textos para ampliar o vocabulario básico adquirido en Grego I e para a revisión do léxico do texto traducido e os seus derivados actuais, especialmente nos eidos da ciencia, a técnica, a literatura, a filosofía e a vida cotiá.

De cando en vez será preciso acudir á biblioteca do instituto para realizar investigacións sobre os temas propostos ou consultar dicionarios de mitoloxía, de lingua, enciclopedias temáticas, atlas, etc. Tamén se usará puntualmente a aula de informática para realizar actividades en rede.

No caso de que os alumnos desexen facer consultas ou ampliar información sobre os temas abordados na aula, poderán recorrer, sempre baixo as orientacións do profesor, ós seguintes libros:


- ALBERICH, J. et al., Griegos y romanos, Alhambra, Madrid, 1988.
- BERENGUER AMENÓS, J., Gramática griega, Bosch, Barcelona, 1995.
- BÉRTOLO BALLESTEROS, J. M. E DE CAL CORTINA, M., Grego 1/2 Bacharelato, Baía, A Coruña, 2007.
- ESEVERRI HUALDE, C., Diccionario etimológico de helenismos españoles, Aldecoa, Burgos, 1988.
- GAARDER, J., El mundo de Sofía, Siruela, Madrid, 2004.
- GARCÍA GUAL, C. et al., Griego, Santillana (serie Descifra), Madrid, 2015.
- GONZÁLEZ CASTRO, J. F., Palabras castellanas de origen griego, Ediciones Clásicas, Madrid, 2015
- GRIMAL, P., Diccionario de mitología griega y romana, Paidós, Barcelona, 1994.
- HOFFMANN, O. (et al.), Historia de la lengua griega, Gredos, Madrid, 1986.
- LESKY, A., Historia de la literatura griega, Gredos, Madrid, 1989.
- LÓPEZ FÉREZ, J. A. (ed.), Historia de la literatura griega, Cátedra, Madrid, 1988.
- RODRÍGUEZ ADRADOS, F. R., La democracia ateniense, Alianza, Madrid, 1998.
- ROMERO, C., ClasiCard. Declinaciones, flexiones y reglas de latín y griego, Almadraba, Barcelona, 2006.


Por outra banda, formarán tamén parte da materia unha serie de actividades complementarias e extraescolares, as cales xa foron descritas no apartado correspondente desta Programación Didáctica con indicación dos materiais e recursos necesarios para desenvolver cada unha delas. Especialmente proveitosa para os alumnos de Grego II resultará a asistencia ó Festival de teatro grecolatino da Coruña, Lugo e Ourense 2019, no que poderán reforzar as explicacións de aula sobre a traxedia e a comedia gregas ao asistir á representación de obras que forman parte do programa da ABAU.

# DATOS DE IDENTIFICACIÓN

| | |
|---|---|
| **DATA DE CONFECCIÓN** | **02 - X - 2019** |
| **DATA DE REUNIÓN DO DEPARTAMENTO PARA APROBACIÓN EN SEDE DEPARTAMENTAL** | **03- X - 2019** |
| **DATA DE REMISIÓN Á DIRECCIÓN DO CENTRO** | **08 - X - 2019** |
| **XEFE DE DEPARTAMENTO** | **José Manuel Ares González** |